

A ORDENACIÓN DO BISPO,
DOS PRESBÍTEROS E DOS DIÁCONOS

PONTIFICAL ROMANO REFORMADO SEGUNDO O DECRETO DO SACROSANTO CONCILIO ECUMÉNICO VATICANO II, PROMULGADO POR MANDADO DO PAPA PAULO VI, E REVISADO POR ENCARGO DO PAPA XOÁN PAULO II.

A ORDENACIÓN DO BISPO, DOS PRESBÍTEROS E DOS DIÁCONOS

Traducción da segunda edición típica.
Traducción da Comisión Interdiocesana para a Liturxia en galego.

Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela
1995

C/ Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela.

Prohibida toda reproducción.

Reservados todos los derechos.

PRESENTACIÓN

CONGREGACIÓN DO CULTO DIVINO E DA DISCIPLINA DOS SACRAMENTOS

Prot. CD 145/89.

DECRETO

O Ritual das Ordenacións, coas que se constitúen na Igrexa os ministros de Cristo e os administradores dos misterios de Deus, revisados conforme ás normas do Concilio Vaticano II (cf. SC, 76), foi promulgado na súa primeira edición típica no ano 1968 baixo o título *De Ordinatione Diaconi, Presbyteri et Episcopi*.

Agora, atendendo á experiencia que xorde da instauración litúrxica, parece oportuno preparar outra edición típica que, comparada coa primeira, amosa os seguintes elementos peculiares:

1. Esta edición, coma os outros libros litúrxicos, vai enriquecida cuns *Prenotandos*, para que deste xeito apareza con máis claridade a doutrina do sacramento e a estrutura da celebración.

2. Cámbiase a disposición do libro, comezando polo Bispo, que é o que ten a plenitude da Orde sagrada, e así se poida entender mellor como os presbíteros son os seus colaboradores e os diáconos están ordenados ó seu ministerio.

3. Na Pregaria da Ordenación tanto dos presbíteros coma dos diáconos, conservadas as palabras que pertencen á natureza do sacramento e que polo tanto son esixidas para a validez do acto, foron cambiadas algunhas frases, engadindo algúns textos bíblicos do Novo Testamento, coa finalidade de que a mesma Pregaria ofrezca un concepto máis rico do Presbiterado e do Diaconado, tanto ós ordenandos coma ós fieis cristiáns, en canto que proceden do sacerdocio de Cristo.

4. Aqueles que van ser ordenados de presbíteros son preguntados dunha maneira máis explícita sobre o ministerio da reconciliación que han de exercer e sobre a Eucaristía que han de celebrar.

5. O rito sobre o compromiso do sagrado celibato, preparado pola Sagrada Congregación para o Culto Divino, incorpórase agora na Ordenación dos diáconos, seguindo as Letras Apostólicas *Ad pascendum*, dadas por Paulo PP. VI fel. rec. no ano 1972. E por un mandado especial do Sumo Pontífice Xoán Paulo PP.II cambiouse a disciplina de tal forma que tamén os ordenandos que emitiron votos perpetuos nun Instituto relixioso, agora, cando reciban

a Orde do Diaconado, veñen obrigados a amosa-lo seu compromiso de acepta-lo sagrado celibato coma un especial propósito vinculado por dereito a súa Ordenación. Queda, pois, derogada a prescrición do canon 1037 do Código de Dereito Canónico.

6. Así mesmo os membros dos Institutos de vida consagrada, na súa Ordenación de diáconos e presbíteros, a partir de agora, tamén serán preguntados sobre a reverencia e maila obediencia para co Bispo diocesano. Deste xeito promóvese a unidade de tódolos clérigos en cada Igrexa.

7. A xeito de Apéndice engádesse o Ritual, con moi poucos cambios, para a admisión ó Diaconado e ó Presbiterado.

Esta segunda edición do Pontifical Romano *De Ordinatione Episcopi, presbyterorum et diaconorum* foi aprobada coa súa autoridade polo Sumo Pontífice Xoán Paulo PP.II e a Sagrada Congregación para o Culto Divino e para a Disciplina dos Sacramentos promúlga neste momento e decláraa típica.

As Conferencias Episcopais coidarán de que os textos ritos e normas, contidos nesta edición, se leven á práctica e, asemade, coidarán das edicións nas linguas vernáculas.

Os ritos e mailos textos, elaborados na lingua latina, han de usarse tan pronto como sexan publicados; mais as edicións en linguas vernáculas, unha vez aprobadas polas Conferencias Episcopais e recoñecidas pola Sede Apostólica, entrarán en vigor cando o determinen as mesmas Conferencias.

Sen que obste nada en contra.

Na sede da Congregación para o Culto Divino e para a Disciplina dos Sacramentos, día 29 de Xuño de 1989, Solemnidade dos Santos Pedro e Paulo, Apostólicos.

EDUARDO Card. MARTÍNEZ
Prefecto

+ LUIS KADA
Arceb. tit. Thibicen.
Secretario

SAGRADA CONGREGACIÓN DE RITOS

Prot. n. R. 19/967

DECRETO

Pola Constitución Apostólica *Pontificalis Romani recognitio*, do día 18 de xullo de 1968, o Sumo Pontífice Paulo VI aprobou o novo rito para administra-las Sagradas Ordes do Diaconado, Presbiterado e Episcopado, renovado polo “Consilium” para a aplicación da Constitución sobre a sagrada Liturxia, polos peritos chamados e polos Bispos consultados de distintas partes do mundo, de maneira que de agora en diante se faga uso del para conferir estas Ordes en lugar do rito que estaba no Pontifical Romano.

Polo tanto, á parte do Pontifical Romano que contén estes novos ritos para a administración das Sagradas Ordes do Diaconado, do Presbiterado e do Episcopado, polo presente Decreto desta Sagrada Congregación de Ritos e en virtude das facultades que lle foron conferidas polo Sumo Pontífice Paulo VI, é publicada e declarada típica.

Mándase, ademais, que ata o día 6 de abril do vindeiro ano 1969, ou sexa, ata o Domingo de Resurrección, se poida facer uso de igual maneira de ámbolos ritos, ben dos novos coma dos que están agora no Pontifical Romano; mais desde o dito día unicamente se poden usa-los ritos novos.

Sen que haxa cousa ningunha que se opoña.

En Roma, no día 15 de agosto de 1968, festa da Asunción da Virxe María

BENNO Card. GUT
Prefecto da S. Congr. de Ritos
e Presidente do “Consilium”

+ FERNANDO ANTONELLI
Arcebispo Tit. de Idicra
Secretario da S. Congr. de Ritos.

CONSTITUCIÓN APOSTÓLICA
POLA QUE SE APROBAN OS NOVOS RITOS
PARA A ORDENACIÓN DE DIÁCONOS, PRESBÍTEROS E BISPOS

PAULO BISPO
SERVIDOR DOS SERVIDORES DE DEUS
PARA PERPETUA LEMBRANZA

O Concilio Vaticano II dispuxo o renovamento do Pontifical Romano non só dunha maneira xeral¹, senón tamén con indicacións espaciais que establecen o renovamento do rito das Ordenacións “tanto no que di relación ás cerimoniais coma ós textos”².

Entre os ritos da Ordenación hai que ter en conta primeiro aqueles que mediante a colación do Sacramento da Orde, nos seus distintos graos, constitúen a sagrada xerarquía: “O ministerio eclesiástico de institución divina exercece en distintas Ordes por aqueles que desde antigo se chaman Bispos, Presbíteros e Diáconos”³.

Na revisión dos ritos das sagradas Ordes, ademais dos principios xerais do Concilio Vaticano II para a reforma xeral da Liturxia, deberá terse en conta a admirable doutrina sobre a natureza e os efectos da Orde, afirmados polo mesmo Concilio na Constitución sobre a Igrexa. Doutrina que a Liturxia debe expresar na maneira que lle é propia; en efecto, “os textos e os ritos han de ordenarse de tal xeito que mostren con claridade as cousas santas que significan e, en canto é posible, o pobo cristián poida comprendelas doadamente e participar nas mesmas por medio dunha celebración plena, activa e comunitaria”⁴.

O sagrado Concilio ensina que “coa consagración Episcopal se confire a plenitude do Sacramento da Orde, ou sexa: a que na tradición litúrxica da Igrexa, e polos Santos Padres, vén designada co nome de sumo sacerdocio, plenitude do sagrado ministerio. A consagración Episcopal tamén confire, co oficio de santificar, os deberes de ensinar e gobernar, as que, pola súa natureza, non poden cumprirse se non é en comunión xerárquica coa cabeza e os membros do Colexio. Na tradición, transmitida dunha maneira especial nos ritos litúrxicos e no uso da Igrexa oriental e occidental, consta nidiamente que pola imposición das mans, e coas palabras de consagración, se confire a gracia do Espírito Santo e se imprime o carácter sagrado, de tal maneira que os Bispos, de forma eminente e visible, ocupan o lugar do mesmo Cristo, Mestre, Pastor e Pontífice, e actúan na súa persoa”⁵.

¹ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, núm. 25.

² *Ibid.*, núm. 76.

³ Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen Gentium*, núm. 28.

⁴ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, núm. 21.

⁵ Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen Gentium*, núm. 21.

A estas palabras hai que engadir outros puntos sobresaíntes que fan referencia á sucesión apostólica dos Bispos e ós seus oficios e deberes, que, aínda que se confiren no rito da Consagración Episcopal, parece que han de ser expresados mellor e con máis xusteza.

Con esta finalidade, pareceu axeitado coller das fontes antigas a Pregaria da Ordenación que se encontra na chamada “Traditio Apostólica”, de Hipólito Romano, escrita a comezos do século III, e que se conservaron en gran parte, ata os nosos días, na liturxia da Ordenación dos Coptos e dos Sirooccidentais. Desta maneira, no mesmo momento da Ordenación testemúñase a converxencia da tradición oriental e occidental sobre o oficio apostólico dos Bispos.

En canto ós presbíteros, de todo aquilo que foi tratado no Concilio Vaticano II, lembremos principalmente isto: “Os presbíteros, aínda que non teñen a plenitude do sacerdocio e dependen dos Bispos no exercicio da súa potestade, están, sen embargo, unidos a aqueles pola honra sacerdotal e, en virtude do sacramento da Orde, son consagrados como verdadeiros sacerdotes do Novo Testamento, a imaxe de Cristo, sumo e eterno Sacerdote (cf. Hebr 5, 1-10; 7, 24; 9, 11-28), para pregoa-lo Evanxeo, conduci-los fieis e celebra-lo culto divino”⁶. E noutro lugar, lemos: “Os presbíteros, en virtude da súa Ordenación e da misión que reciben dos Bispos, son promovidos ó servizo de Cristo Mestre, Sacerdote e Rei, participando no seu ministerio, polo cal a Igrexa, aquí na terra, é decote construída como pobo de Deus, corpo de Cristo e templo do Espírito Santo”⁷.

Na Ordenación presbiteral, segundo o rito do Pontifical Romano, a misión e a gracia do presbítero, como cooperador da Orde episcopal, mostrábase con toda claridade. Mais pareceu necesario darlle unha meirande unidade a todo o rito, distribuído en varias partes, e salientar máis vivamente agora o núcleo central da Ordenación, ou sexa, a imposición das mans e a Pregaria da Ordenación.

No que atinxe ós Diáconos, ademais de todo o que foi dito nas letras Apostólicas *Sacrum Diaconatus Ordinem*, editadas no *Motu proprio* do 18 de xuño de 1967, é preciso recordar antes ca nada as palabras da Constitución “Lumen Gentium”: “No grao inferior da xerarquía están os diáconos, ós que se lles impoñen as mans non para o sacerdocio, senón para o ministerio (*Constitucións Ecclesiae Aegyptiacae*, III, 2). En efecto, sostidos pola gracia sacramental no ministerio da liturxia, da predicación e da caridade, serven ó pobo de Deus, en comunión co Bispo e co seu presbiterio”⁸. No rito da Ordenación dos diáconos pouco había que cambiar, tendo en conta a nova lexislación do diaconado como grao permanente da xerarquía na Igrexa latina e a maior claridade e sinxeleza do rito.

Ademais, entre os documentos do supremo maxisterio sobre as sagradas Ordes, é merecente de recordo especial a Constitución Apostólica “Sacramentum Ordinis” do noso predecesor Pío XII, feita pública o día 30 de novembro de 1947, na que se declara que “a materia única das sagradas Ordes do Diaconado e do Presbiterado é a imposición das mans, e a forma única son as palabras, que ó determina-la aplicación desta materia, expresan con claridade os efectos sacramentais, é dicir, o poder da Orde e a gracia do Espírito Santo, e que,

⁶ *Ibid.*, núm. 28.

⁷ Concilio Vaticano II, Decreto *Presbyterorum Ordinis*, núm. 1.

⁸ Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen Gentium*, núm. 29.

neste senso, son recibidas e usadas pola Igrexa”⁹. Adiantado isto, o mesmo documento sinala cal imposición de mans e que palabras constitúen a materia e a forma de cada Orde.

Xa que no renovamento do rito debeuse engadir, quitar ou cambiar algunha cousa, tanto para axeita-los textos á fidelidade dos máis antigos documentos como para que as expresións resulten máis claras, ou para mostrar mellor o efecto dos sacramentos, pareceunos necesario, para esvaeacer toda controversia ou motivo de turbación de conciencia, declarar que partes do rito renovado han de considerarse esenciais.

Por iso, coa nosa suprema autoridade, decidimos e dispoñemos canto segue sobre a materia e a forma de cada Orde:

A materia da Ordenación do diácono é a imposición das mans do Bispo, feita en silencio sobre cada un dos ordenandos antes da Pregaria da Ordenación; a forma constitúea a mesma Pregaria da Ordenación, da que son esenciais, e polo mesmo necesarias para a validez, estas palabras:

“Emitte in eos, Domine, quaesumus, Spiritum Sanctum, quo in opus ministerii fideliter exsequendi munere septiformis tuae gratiae roborentur”.

“Manda sobre eles, Señor, o Espírito Santo, para que fortalecidos coa gracia dos teus sete dons exerzan con fidelidade o seu ministerio”.¹⁰

Da mesma maneira, a materia da Ordenación dos presbíteros é a imposición das mans, feita en silencio polo Bispo sobre cada un dos ordenandos antes da Pregaria da Ordenación; a forma é a mesma Pregaria da Ordenación, da que son esenciais, e por iso esixidas para a validez, estas palabras:

“Da, quaesumus, omnipotens Pater, in hos famulos tuos Presbyterii dignitatem; innova in visceribus eorum Spiritum sanctitatis, acceptum a te, Deus, secundi meriti munus obtineant, censuramque morum exemplo suae conversationis insinuent”.

“Pedímosche, Pai todopoderoso, que confiras a estes teus servidores a dignidade do Presbiterado; renova nos seus corazóns o Espírito de santidad; reciban de Ti o Sacerdocio de segundo grao e sexan, coa súa conducta, exemplo de vida”.¹¹

Por fin, a materia da Ordenación do Bispo é a imposición das mans sobre a cabeza do elixido, feita en silencio polos Bispos consagrantes, ou polo menos polo consagrante principal, antes da Pregaria da Ordenación; a forma son as palabras da mesma Pregaria da Ordenación, da que son esenciais, e por iso necesarias para a validez, estas:

“Et nunc effunde super hunc electum eam virtutem, quae a te est, Spiritum principalem, quem dedisti dilecto Filio tuo Iesu Christo, quem ipse donavit sanctis Apostolis, qui constituerunt Ecclesiam per singula loca, ut sanctuarium tuum, in gloriam et laudem

⁹ AAS 40 (1948) 6.

¹⁰ O texto latino e italiano no *L'Osservatore Romano* do 19 de xuño de 1968. O texto galego foi aprobado pola Congregación do Culto Divino e da Disciplina dos Sacramentos, o 28 de marzo de 1990 (prot. n. CD 1241/88).

¹¹ *Ídem*.

indeficientem nominis tui”.

“Verte agora sobre este teu servidor que escolliches a forza que dimana de Ti: o Espírito de soberanía que deches ó teu amado Fillo Xesucristo, e que El comunicou ós santos Apóstolos. E así eles estableceron a Igrexa por diversos lugares como santuario teu para gloria e loanza perenne do teu nome”.¹²

Por todo o que dixemos, o rito para a colación das Ordes sagradas do Diaconado, Presbiterado e Episcopado, renovado polo “Consilium ad exsequendam Constitutionem de sacra liturgia”, “coa axuda de persoas competentes e co consello de Bispos de distintas partes do mundo”¹³, Nós aprobámolo coa nosa autoridade apostólica, e mandamos que en diante sexa usado na administración destas Ordes en lugar do que se encontra no Pontifical Romano.

Canto aquí dispuxemos e mandamos, queremos que sexa válido e eficaz agora e no futuro, non obstante calquera cousa en contra que se poida encontrar nas Constitucións e nas Disposicións apostólicas dos nosos predecesores e noutros estatutos aínda que sexan merecentes de lembranza e renovación.

Dado en Roma, xunto a San Pedro, o 18 de xuño de 1968, ano V do noso Pontificado.

PAULO PP. VI

¹² *Ídem.*

¹³ Cfr. Conc. Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, núm. 25.

OBSERVACIÓNS XERAIS PREVIAS

I

A ORDENACIÓN SAGRADA

1. Por medio da Ordenación sagrada, algúns fieis cristiáns son instituídos no nome de Cristo, e reciben o don do Espírito Santo, para apacenta-la Igrexa coa palabra e coa gracia de Deus.¹⁴
2. Pois “Cristo, a quen o Pai santificou e mandou ó mundo (Xn 10,36), fixo partícipes da súa consagración e da súa misión por medio dos seus Apóstolos, ós sucesores destes, é dicir, os Bispos, ós que lles encomendaron lexitimamente o oficio do seu ministerio, en distintos graos, a diversas persoas na Igrexa. Deste xeito, o ministerio eclesiástico, de institución divina, é exercido en diversas ordes por aqueles que xa desde antigo se veñen chamando Bispos, Presbíteros e Diáconos.”¹⁵
3. Os Bispos “revestidos da plenitude do sacramento da Orde”¹⁶, polo Espírito Santo que lles foi dado na Ordenación, foron constituídos verdadeiros e auténticos mestres da fe, pontífices e pastores”¹⁷, e como tales presiden o rabaño do Señor na persoa de Cristo cabeza.
4. “Os Presbíteros, aínda que non teñen o cumio do pontificado e dependen dos Bispos para o exercicio da súa potestade, están, sen embargo, unidos con eles no honor do sacerdocio e, pola forza do sacramento da Orde, foron consagrados como verdadeiros Sacerdotes do Novo Testamento á imaxe de Cristo, sumo e eterno Sacerdote, para predica-lo Evanxeo e apacenta-los fieis e para celebra-lo culto divino”¹⁸.
5. Os Diáconos “reciben a imposición das mans non para o sacerdocio, senón para o ministerio sagrado. Así, fortalecidos coa gracia sacramental, en comunión co Bispo e co seu presbiterio, serven ó pobo de Deus no ministerio da liturxia, da palabra e da caridade”¹⁹.
6. A Ordenación sagrada confírese pola imposición das mans do Bispo e a Pregaria coa que este bendice a Deus e invoca o don do Espírito Santo para o cumprimento do ministerio²⁰.

¹⁴ Cf. Conc. Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen gentium*, n. 11.

¹⁵ *Ibid.*, núm. 28.

¹⁶ *Ibid.*, núm. 26.

¹⁷ Conc. Vaticano II, Decreto *Christus Dominus*, n. 2.

¹⁸ Conc. Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen gentium*, n. 28.

¹⁹ *Ibid.*, n. 29.

²⁰ Cf. Pío XII, Constitución Apost. *Sacramentum Ordinis*, A.A.S., 40 (1948) 5-7; Paulo VI, Constitución Apost. *Pontificalis Romani recognitio*; CIC, can. 1009 § 2.

Pois, pola tradición amosada sobre todo nos ritos litúrxicos e na práctica da Igrexa tanto de Oriente coma de Occidente, está claro que, pola imposición das mans e a Pregaria da Ordenación, se confire o don do Espírito Santo e se imprime o carácter sagrado, de tal maneira que os Bispos, os presbíteros e os diáconos, cadaquen ó seu xeito, quedan conformados con Cristo²¹.

II

ESTRUCTURA DA CELEBRACIÓN

7. A imposición das mans e maila Pregaria da Ordenación son o elemento esencial de tódalas Ordenacións; nel a mesma pregaria de bendición e invocación determina o significado da imposición das mans. Polo tanto, estes ritos, por se-lo centro da Ordenación, han de ser subliñados por medio da catequese e salientados a través da mesma celebración.

Mentres se impoñen as mans, os fieis oran en silencio, mais participan na Pregaria da Ordenación escoitándoa, e confirmándoa e rematándoa por medio da última aclamación.

8. Dentro da celebración das Ordes, teñen moita importancia os ritos preparatorios, ou sexa, a presentación dos elixidos ou a elección dos candidatos, a homilía, a promesa dos elixidos, as ladaíñas, e sobre todo os distintos ritos explicativos das diversas Ordes, que sinalan as funcións conferidas pola imposición das mans e a invocación do Espírito Santo.

9. A Ordenación debe celebrarse dentro da Misa na que os fieis, sobre todo o domingo, participan activamente “a carón do único altar onde preside o Bispo rodeado polo seu presbiterio e os seus ministros”²².

Desta maneira únense asemade a principal manifestación da Igrexa e a administración das Ordes sagradas xunto co Sacrificio eucarístico, fonte e cumio de toda a vida cristiá²³.

10. A estreita vinculación da Ordenación coa Misa celebrada amósase axeitadamente non só pola inserción do rito e polas fórmulas propias na Pregaria eucarística e na bendición final, senón tamén, cumprido o mandado, por medio das lecturas que se poden escoller e empregando a Misa ritual propia, segundo a Orde que se confire.

III

AS ADAPTACIÓNS SEGUNDO A VARIEDADE DE REXIÓNS E CIRCUNSTANCIAS

11. Correspóndelles ás Conferencias Episcopais acomoda-lo rito da Ordenación do Bispo,

²¹ Paulo VI, Constitución Apost. *Pontificalis Romani recognitio*.

²² Conc. Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, n. 41.

²³ Cf. Conc. Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen gentium*, n. 11.

dos presbíteros e dos diáconos, ás necesidades de cada unha das rexións para que, logo da aprobación da Sede Apostólica, sexa utilizado nas súas respectivas rexións. Nesta materia, correspóndelles ás Conferencias Episcopais, tendo en conta as circunstancias, o carácter e as tradicións dos pobos:

a) fixa-la forma coa que a comunidade ha de presta-lo seu asentimento á elección dos candidatos conforme o costume da rexión (na Ordenación do Bispo, nn. 38 e 74; na Ordenación dos presbíteros, nn. 122. 150. 266. 307; na Ordenación de diáconos, nn. 198. 226. 264. 305);

b) dispoñer que se engadan, se parece axeitado, outras preguntas ás previstas nos ritos antes da Ordenación (na Ordenación do Bispo, nn. 40 e 76; na Ordenación dos presbíteros, nn. 124. 152. 270. 311; na Ordenación dos diáconos, nn. 200. 228. 268. 309);

c) fixa-la forma coa que os elixidos para o Diaconado e Presbiterado prometen reverencia e obediencia (nn. 125. 153. 201. 228. 269. 271. 310. 312);

d) dispoñer que o propósito de asumi-la obriga do celibato se mostre con algunha forma externa, ademais da resposta á pregunta respectiva (na Ordenación dos diáconos, nn. 200. 228. 268. 309);

e) aprobar algúns cantos para utilizalos en vez dos indicados neste libro;

f) propoñer á Sede Apostólica outras adaptacións dos ritos para introducilos co seu consentimento. Sen embargo, a imposición das mans non se pode omitir; a Pregaria da Ordenación non se pode reducir nin substituír por outros textos alternativos. Debe respectarse a estrutura xeral do rito e a índole propia de cada un dos seus elementos.

CAPÍTULO I

ORDENACIÓN DO BISPO

OBSERVACIÓNS

I

IMPORTANCIA DA ORDENACIÓN

12. Un queda constituído membro do Corpo dos Bispos en virtude da Ordenación Episcopal e pola comunión xerárquica coa Cabeza do Colexio e os seus membros.

A Orde dos Bispos sucede no maxisterio e no réxime pastoral ó colexio dos Apóstolos, aínda máis, nela perdura sen interrupción o corpo apostólico²⁴. Xa que os Bispos, “como sucesores dos Apóstolos, reciben do Señor, a quen lle foi dada toda potestade no ceo e máis na terra, a misión de ensinar a tódalas xentes e de predica-lo Evanxeo a toda criatura, a fin de que tódolos homes obteñan a salvación por medio da fe, o bautismo e o cumprimento dos mandamentos (cf. Mt 28,18)”²⁵; o Colexio episcopal, reunido baixo unha soa cabeza, o Romano Pontífice, sucesor de Pedro, mostra a unidade, a variedade e a universalidade do rabaño de Cristo²⁶.

13. Pola súa vez, cada un dos Bispos, postos á cabeza das Igrexas particulares, exercen o seu goberno pastoral sobre a porción do Pobo de Deus que lles foi encomendada²⁷; son o principio e o fundamento visible da unidade nesas Igrexas particulares, conformadas á imaxe da Igrexa universal, pois nelas e por elas existe a Igrexa católica²⁸.

14. A predicación do Evanxeo sobresa e entre as funcións principais dos Bispos; pois os Bispos son pregoeiros da fe, que levan novos discípulos a Cristo, e doutores auténticos que predicán ó pobo que lles foi confiado a fe que ha de crer e aplicar á vida moral²⁹. E así como polo ministerio da palabra comunican a forza de Deus ós crentes para que se salven (cf. Rom 1,16), tamén por medio dos sacramentos santifican os fieis; eles regulan a administración do bautismo; eles son os ministros orixinarios da confirmación, os que confiren as sagradas Ordes, os moderadores da disciplina penitencial. Investidos da plenitude do sacramento da Orde, son

²⁴ Cf. Conc. Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen gentium*, n. 22.

²⁵ *Ibid.*, núm. 24.

²⁶ Cf. *ibid.*, núm. 22.

²⁷ Cf. *ibid.*, núm. 23.

²⁸ Cf. *ibid.*

²⁹ Cf. *ibid.*, núm. 25.

“administradores da gracia do supremo sacerdocio” sobre todo na Eucaristía que eles mesmos ofrecen e coidan que se ofrezca. Pois toda lexítima celebración da Eucaristía é dirixida por eles; e en toda comunidade reunida ó carón do altar, baixo o ministerio sagrado do Bispo, amósase o símbolo da caridade e da unidade do Corpo místico³⁰.

II

OS OFICIOS E OS MINISTERIOS

15. Tódolos fieis teñen a obriga de orar pola elección do seu Bispo e polo elixido. Ha de facerse, sobre todo, na oración universal da Misa e nas preces das Vésperas.

Xa que o Bispo é constituído a prol de toda a Igrexa local, deben ser invitados á súa ordenación clérigos e outros fieis, de maneira que participen na celebración o meirande número posible.

16. Cando se celebra a Ordenación, seguindo a práctica tradicional desde antigo, o Bispo ordenante principal debe estar acompañado doutros dous Bispos polo menos. Pero é moi conveniente que tódolos Bispos presentes participen na Ordenación do novo elixido para o ministerio do sumo sacerdocio³¹, imponéndolle as mans, pronunciando o que está determinado na Pregaria da Ordenación e saudándoo co ósculo da paz.

Deste xeito, na mesma Ordenación de cada un dos Bispos significase a índole colexial da Orde.

Seguindo o costume, o Metropolitano ordene ó Bispo sufragáneo, e o Bispo do lugar ó Bispo auxiliar.

O Bispo ordenante principal pronuncia a Pregaria da Ordenación, na que se bendice a Deus e se invoca o Espírito Santo.

17. Dous presbíteros da diócese para a que se ordena o elixido, asísteno ó celebra-la Ordenación: un deles, no nome da Igrexa local pide ó Bispo ordenante que lle confira a Ordenación ó elixido. Estes dous presbíteros e, en canto sexa posible tamén os outros presbíteros, sobre todo os da mesma diócese, concelebran a liturxia eucarística xunto co Bispo ordenado e cos demais Bispos nesta celebración.

18. Dous diáconos sosteñen o libro dos Evanxeos sobre a cabeza do elixido mentres se pronuncia a Pregaria da Ordenación.

III

A CELEBRACIÓN

19. Antes de celebra-la Ordenación, o elixido debe facer exercicios espirituais nun tempo

³⁰ Cf. *ibid.*, núm. 26.

³¹ Cf. *ibid.*, núm. 22.

oportuno.

20. Convén que tódalas comunidades da diócese para a que vai ser ordenado o Bispo se preparen ben para celebra-la Ordenación.

21. O Bispo que, como cabeza, vai dirixir unha diócese, debe ser ordenado na igrexa catedral. Os Bispos auxiliares, que se ordenan para o servicio dunha diócese, tamén deben ser ordenados na igrexa catedral ou noutra igrexa de grande importancia na diócese.

22. A Ordenación do Bispo debe celebrarse coa asistencia do maior número posible de fieis en domingo ou en día festivo, preferentemente nunha festa dos Apóstolos, a non ser que razóns pastorais aconsellen outra data. Pero han de excluírse o Triduo pascual, o Mércores de Cinsa, toda a Semana Santa e a Conmemoración de tódolos fieis defuntos.

23. A Ordenación ten lugar dentro da Misa estacional, unha vez que remata a liturxia da palabra e antes da liturxia eucarística.

Pode empregarse a Misa ritual “Na que se confiren as sagradas Ordes”, agás nas Solemnidades, nos Domingos de Advento, na Coresma e Pascua, nos días da oitava da Pascua e na festa dos Apóstolos. Nestes casos dise a Misa do día, coas súas lecturas. Pero nos outros días, se non se di a Misa ritual, pódese tomar unha das lecturas das que se propoñen no Leccionario con esta finalidade.

A Oración universal non se fai, pois as ladaíñas ocupan o seu lugar.

24. Pregoado o Evanxeo, a Igrexa local por medio dun dos seus presbíteros pídelle ó Bispo ordenante principal que ordene o elixido. Este, en presenza dos Bispos e de tódolos fieis, mostra a vontade de exercer-lo seu ministerio conforme ós desexos de Cristo e da Igrexa en comunión coa Orde dos Bispos baixo a autoridade do sucesor de San Pedro Apóstolo. Nas ladaíñas todos rogan a gracia de Deus a prol do elixido.

25. Pola imposición das mans dos Bispos e a Pregaria da Ordenación confíreselle ó elixido o don do Espírito Santo para a súa función episcopal. Estas son as palabras que pertencen á natureza do sacramento e que por iso se esíxen para a validez do acto:

“Et nunc effunde super hunc electum,
eam virtutem, quae a te est,
Spiritus principalem,
quem dedisti dilecto Filio tuo Iesu Christo,
quem ipse donavit sanctis Apostolis,
qui constituerunt Ecclesiam per singula loca
ut sanctuarium tuum,
in gloriam et laudem indeficientem nominis tui”.

(“Verte agora sobre este teu servidor que escolliches
a forza que dimana de Ti:
o Espírito de soberanía que deches ó teu amado Fillo Xesucristo,
e que El comunicou ós santos Apóstolos,
e así eles estableceron a Igrexa por diversos lugares

como santuario teu para gloria e loanza perenne do teu nome”³²).

O Bispo ordenante principal pronuncia a Pregaria da Ordenación no nome de tódolos Bispos presentes; as palabras esenciais son pronunciadas por tódolos Bispos que, xunto co Bispo principal impuxeron as mans sobre a cabeza do elixido. Pero estas palabras han de dicirse de tal forma que a voz do Bispo ordenante principal se oia con claridade, mentres os outros Bispos as pronuncian en voz baixa.

26. Pola imposición do libro dos Evanxeos sobre a cabeza do ordenando mentres se pronuncia a Pregaria da Ordenación, e pola entrega do mesmo nas mans do ordenado, declárase como función principal do Bispo a predicación fiel da palabra de Deus; pola unción da cabeza significase a especial participación do Bispo no sacerdocio de Cristo; pola entrega do anel amósase a fidelidade do Bispo á Igrexa, esposa de Deus; pola imposición da mitra, o desexo de acadar-la santidad e pola entrega do báculo pastoral, a súa función de gobernar-la Igrexa que se lle confiou.

Co ósculo que o ordenado recibe do Bispo ordenante principal e de tódolos outros Bispos ponse coma un selo á súa acollida no Colexio Episcopal.

27. É moi conveniente que o Bispo ordenado dentro da propia diócese presida a concelebración na liturxia eucarística. Pero se a Ordenación se fixo noutra diócese, preside a concelebración o Bispo ordenante principal: neste caso, o Bispo acabado de ordenar ocupa o primeiro lugar entre os outros concelebrantes.

IV

AS COUSAS QUE HAI QUE PREPARAR

28. Ademais do necesario para a celebración da Misa estacional deben prepararse:

- a) O Ritual das Ordes;
- b) folletos coa Pregaria da Ordenación para os Bispos ordenantes;
- c) o gremial;
- d) o santo crisma;
- e) o necesario para lava-las mans;
- f) o anel, o báculo pastoral, a mitra para o elixido e, no seu caso, o palio. Estas insignias, agás o palio, non precisan bendición previa cando se entregan no mesmo rito da Ordenación.

29. Ademais da cátedra do Bispo ordenante principal hanse de preparar outras sedes para os Bispos ordenantes, para o elixido e para os presbíteros concelebrantes, desta forma:

- a) Na liturxia da palabra, o Bispo ordenante principal senta na cátedra; os outros Bispos ordenantes, xunto á cátedra, a ámbolos lados; e o elixido, no lugar máis axeitado do presbiterio, entre os presbíteros que o asisten;

³² Decretum Congregationis pro Cultu Divino et Disciplina Sacramentorum, 28 Martii 1990. - Prot. n. CD 1241/88.

b) A Ordenación ha de facerse de seu xunto á cátedra; mais se é preciso para a participación dos fieis, prepárense as sedes para o Bispo ordenante principal e para os outros Bispos ordenantes diante do altar ou noutro lugar máis axeitado; pero as sedes para o elixido e para os presbíteros que o asisten han de prepararse de maneira que os fieis poidan ver ben a acción litúrxica.

30. O Bispo ordenante principal e os Bispos e presbíteros concelebrantes han de vesti-los ornamentos sagrados que a cada quen se lle esixe para a celebración da Misa.

Convén que o Bispo ordenante principal leve a dalmática debaixo da casula.

O elixido viste tódolos ornamentos sacerdotais e ademais a cruz pectoral e a dalmática.

Pero os Bispos ordenantes, se non concelebran, han de levar alba, cruz pectoral, estola e, se parece oportuno, capa pluvial e mitra. Os presbíteros que asisten o elixido, se non concelebran vestirán capa pluvial sobre a alba.

Os ornamentos han de ser da cor da Misa que se celebra ou, se non, da cor branca; tamén poden empregarse outros ornamentos festivos ou máis nobres.

RITO DA ORDENACIÓN DO BISPO

Ritos iniciais e Liturxia da palabra

31. Cando estea todo disposto comeza a procesión pola igrexa cara ó altar, coma de costume. Van diante o Diácono que leva o libro dos Evanxeos que se usará na celebración e outros diáconos, se os hai; séguenos os presbíteros concelebrantes; despois o elixido, que vai entre os dous presbíteros asistentes; logo, os Bispos ordenantes e finalmente o Bispo ordenante principal, cos dous diáconos que o asisten, un pouco mais atrás. Ó chegaren ó altar, feita a debida reverencia, diríxense todos ós seus respectivos lugares. Procúrese, sen embargo, que a distinción entre Bispos e presbíteros sexa patente, mesmo na disposición dos postos respectivos.

Entrementres, entóase a antifona de entrada co seu salmo, ou algún canto axeitado.

32. Os ritos iniciais e a liturxia da palabra realízanse coma sempre ata o Evanxeo inclusive.

33. Se se ordena o elixido na súa igrexa catedral, despois do saúdo ó pobo, un dos diáconos ou dos presbíteros concelebrantes móstralle-las Letras Apostólicas ó Colexio de Consultores, na presenza do Chanceler da Curia, quen redactará a acta do feito, e leas despois dende o ambón; escoitan todos sentados, dicindo o final: *Deámoslle gracias a Deus* ou outra aclamación axeitada.

Pero nas dióceses que hai pouco que se erixiron, danse a coñece-las Letras ó clero e ó pobo presentes na igrexa catedral, redactando a acta do feito o presbítero de máis idade entre os presentes.

34. Despois da lectura do Evanxeo, o diácono coloca de novo e con toda reverencia o libro dos Evanxeos sobre o altar, onde permanece ata o momento de poñelo sobre a cabeza do ordenado.

Ordenación

35. Rematado o Evanxeo comeza a Ordenación do Bispo. Postos todos de pé, cántase o himno *Veni, Creator Spiritus*, ou outro canto axeitado ós costumes do lugar.

36. O Bispo ordenante principal e os Bispos ordenantes achéganse á sede e ós escanos preparados para a Ordenación do elixido.

Presentación do elixido

37. O Bispo elixido é acompañado polos presbíteros asistentes ata a sede do ordenante principal, a quen lle fai unha reverencia.

38. Un dos presbíteros asistentes diríxese ó Bispo ordenante principal con estas palabras:

Reverendísimo Padre, a Igrexa de N. pide que ordenes Bispo o presbítero N.

Se se trata dun Bispo ordenando non residencial:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa católica pide que ordenes Bispo o presbítero N.

O Bispo ordenante principal pregúntalle:

¿Ténde-lo mandato apostólico?

O presbítero responde:

Témolo.

O Bispo ordenante principal:

Léase.

Entón lese o mandato, estando todos sentados. Unha vez que se rematou a lectura, todos asenten a elección do Bispo, dicindo:

Deámoslle gracias a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, de acordo co que se di no núm. 11 a.

Homilía

39. De seguido o ordenante principal, estando todos sentados, fai a homilía, na que, partindo do texto das lecturas litúrxicas da Palabra, amoesta o clero, o pobo e o Bispo elixido sobre o ministerio episcopal. Poden, tamén, utilizarse para a dita amoestación as seguintes ou parecidas palabras, adaptando, sen embargo, o seu texto cando se ordena un Bispo non residencial:

Benqueridos fillos:

Consideremos con atención a que ministerio na Igrexa ascende hoxe este noso irmán. Xesucristo, noso Señor, enviado polo Pai para redimi-lo home, mandou el tamén polo

mundo os doce Apóstolos para que, cheos do Espírito Santo, pregoasen o Evanxeo, gobernasen e santificasen a tódolos pobos, axuntándoos nun só rabaño.

Para que este servicio continuase ata a fin dos séculos, os Apóstolos escolleron colaboradores, ós que lles comunicaron o don do Espírito Santo que eles recibiran de Cristo, pola imposición das mans que confire a plenitude do Sacramento da Orde. Desta maneira, dunha xeración a outra, foise transmitindo, pola sucesión continua dos Bispos, este tan importante ministerio, e permanece e acrecenta nos nosos días a obra do Salvador.

Na persoa do Bispo, rodeado dos seus presbíteros, está presente entre vós o mesmo Xesucristo, Señor e Pontífice eterno. El é quen, por medio do Bispo, pregoa o Evanxeo e lles ofrece ós crentes os sacramentos da fe. El é quen, por medio do ministerio paternal do Bispo, engade novos membros á Igrexa, seu Corpo. El é quen, valéndose da predicación e solicitude pastoral do Bispo, vos leva, a través do peregrinar terreo, á felicidade eterna.

Recibide, pois, con alegría e gratitude o noso irmán. Nós, os Bispos aquí presentes, pola imposición das mans, incorporámolo á nosa Orde Episcopal. Debedes honralo como ministro de Cristo e dispensador dos misterios de Deus: a el confiouse dar testemuño do verdadeiro Evanxeo e administra-la santidad e a vida do Espírito.

Lembrede as palabras de Cristo ós Apóstolos: “Quen a vós escoita, a min me escoita; quen a vós aldraxa, a min me aldraxa, e quen a min me aldraxa, aldraxa a quen me mandou”.

E ti, benquerido irmán, chamado polo Señor, lembra que fuches escollido entre os homes e posto ó servicio deles nas cousas de Deus. O Episcopado é un servicio, non un honor; por iso o Bispo debe, antes ca nada, vivir para os fieis e non só para presidilos. Quen é maior, segundo o mandado do Señor, ha de amosarse coma o máis pequeno, e o que preside, coma quen serve. Pregoa a palabra de Deus, insiste teimudamente, aconsella con moita paciencia e doutrina. Na oración e no sacrificio pide moitas e diversas gracias, para que o pobo a ti confiado participe da plenitude de Cristo.

Coida e dirixe a Igrexa que se che encomenda, e se fiel dispensador dos misterios de Cristo. Escollido polo Paí para o coidado da súa familia, ten sempre diante dos teus ollos o Bo Pastor, que coñece as súas ovellas e é coñecido por elas, e non dubidou en da-la vida polo rabaño.

Ama con amor de pai e de irmán a cantos Deus poña baixo o teu coidado, dun xeito especial, os presbíteros e os diáconos -os teus colaboradores no ministerio sagrado- ; os pobres, os febles, os que non teñen fogar e os emigrantes. Anima os fieis a traballar contigo na obra apostólica, e procura sempre atendelos e escoitalos. Daqueles que aínda non están incorporados ó rabaño de Cristo, coida sen acougo, xa que eles tamén che foron encomendados no Señor. Non esquezas que formas parte do Colexio Episcopal dentro da Igrexa Católica, que é unha polo vínculo do amor. Polo tanto, a túa solicitude pastoral debe estenderse a tódalas comunidades cristiás, disposto sempre a acudir en axuda das máis necesitadas. Atende, pois, a comunidade universal, ó servicio da cal te

pon o Espírito Santo para rexe-la Igrexa de Deus, no nome do Pai, a quen representas na asemblea, no nome do Fillo, de quen exerce-lo oficio de Mestre, Sacerdote e Pastor, e no nome do Espírito Santo, que dá vida á Igrexa de Cristo e fortalece a nosa fraqueza.

Promesas do elixido

40. Despois da homilía, o Bispo elixido ponse en pé diante do Bispo ordenante principal, quen lle pregunta:

A antiga regra dos Santos Padres establece que quen foi elixido para a Orde Episcopal sexa, diante do pobo, anticipadamente examinado sobre a súa fe e sobre o seu futuro ministerio.

Polo tanto, benquerido irmán: ¿Queres consagrarte ata a morte ó ministerio episcopal que herdamos dos Apóstolos, e que pola imposición das nosas mans che vai ser confiado coa gracia do Espírito Santo?

O Bispo elixido responde:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queres predicar con fidelidade e constancia o Evanxeo de Xesucristo?

O Bispo elixido:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queres conservar enteiro e puro o depósito da fe, tal como foi recibido dos Apóstolos e conservado na Igrexa sempre e en todo lugar?

O Bispo elixido:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queres construí-la Igrexa, Corpo de Cristo, e manterte na súa unidade coa Orde dos Bispos, baixo a autoridade do sucesor de Pedro?

O Bispo elixido:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Quieres obedecer con fidelidade o sucesor de Pedro?

O Bispo elixido:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Quieres coidar do pobo santo de Deus e dirixilo polo camiño da salvación con amor de pai coa axuda dos teus presbíteros e diáconos?

O Bispo elixido:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Quieres ser bondadoso e comprensivo cos pobres, cos inmigrantes, con tódolos necesitados?

O Bispo elixido:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Quieres recadar, como Bo Pastor, as ovellas errantes?

O Bispo elixido:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Quieres rogarlle sen cesar a Deus todopoderoso polo pobo santo e exercer-lo sumo sacerdocio con toda fidelidade?

O Bispo elixido:

Quero, coa axuda de Deus.

O Bispo ordenante principal:

Deus, que comezou en ti a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

Ladaíñas dos Santos

41. De seguido érguense todos. Os Bispos deixan a mitra. O Bispo ordenante principal, sen mitra, coas mans xuntas, mirando para o pobo, di:

Oremos, irmáns, para que o Deus de todo poder e bondade verta sobre este elixido a fartura da súa gracia, para ben da santa Igrexa.

42. E axiña, o Bispo elixido tómbase no chan e cántanse as ladaíñas, respondendo todos. Se é domingo ou tempo pascual os demais permanecen de pé; nos outros días póñense de xeonllos. Neste caso, o diácono di:

Poñámonos todos de xeonllos.

Nas ladaíñas pódense engadir, no lugar respectivo, outros nomes de santos, por exemplo, do Patrón, do Titular da igrexa, do Fundador, do Patrón do que recibe a Ordenación ou algunhas invocacións máis axeitadas a cada circunstancia.

Señor, ten piedade.	Señor, ten piedade.
Cristo, ten piedade.	Cristo, ten piedade.
Señor, ten piedade.	Señor, ten piedade.
Santa María, Nai de Deus,	roga por nós.
San Miguel,	roga por nós.
Santos Anxos de Deus,	roga por nós.
San Xoán Bautista,	roga por nós.
San Xosé,	roga por nós.
San Pedro,	roga por nós.
San Paulo,	roga por nós.
Santo Andrés,	roga por nós.
Santiago,	roga por nós.
San Xoán,	roga por nós.
San Tomé,	roga por nós.
Santiago,	roga por nós.
San Filipe,	roga por nós.
San Bartolomeu,	roga por nós.
San Mateo,	roga por nós.
San Simón,	roga por nós.
San Tadeo,	roga por nós.
San Matías,	roga por nós.
Santa María Madalena,	roga por nós.
Santo Estevo,	roga por nós.
Santo Ignacio de Antioquía,	roga por nós.
San Lourenzo,	roga por nós.
Santa Perpetua e santa Felicidade,	rogade por nós.
Santa Inés,	roga por nós.
San Gregorio,	roga por nós.
Santo Agostiño,	roga por nós.

Santo Atanasio,	roga por nós.
San Basilio,	roga por nós.
San Martiño,	roga por nós.
San Bieito,	roga por nós.
San Froilán,	roga por nós.
San Rosendo,	roga por nós.
San Paio,	roga por nós.
San Pedro de Mezonzo,	roga por nós.
San Telmo,	roga por nós.
San Francisco,	roga por nós.
San Domingos,	roga por nós.
San Francisco Xavier,	roga por nós.
San Francisco Blanco,	roga por nós.
San Xoán María Vianney,	roga por nos.
San Xoán de Ávila,	roga por nós.
Santa Catarina de Siena,	roga por nós.
San Xosé María Sanxurxo,	roga por nós.
Santa Teresa de Xesús,	roga por nós.
Tódolos Santos e Santas de Deus,	rogade por nós.
Senos propicio,	líbranos, Señor.
De todo mal,	líbranos, Señor.
De todo pecado,	líbranos, Señor.
Da morte eterna,	líbranos, Señor.
Pola túa encarnación,	líbranos, Señor.
Pola túa morte e resurrección,	líbranos, Señor.
Polo envío do Espírito Santo,	líbranos, Señor.
Nós que somos pecadores,	pedímosche que nos escoites.
Para que governes e consérvela túa santa Igrexa,	pedímosche que nos escoites.
Para que asistas no teu servizo santo, o Papa e a tódolos membros do clero,	pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas este elixido,	pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas e santifiques este elixido,	pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas, santifiques e consagres este elixido,	pedímosche que nos escoites.
Para que concéda-la paz e a concordia a tódolos pobos da terra,	pedímosche que nos escoites.
Para que teñas misericordia de tódolos que sofren,	pedímosche que nos escoites.
Para que nos fortalezas e asistas no teu servizo santo,	pedímosche que nos escoites.
Xesús, Fillo de Deus vivo,	pedímosche que nos escoites.
Cristo, óenos.	Cristo, óenos.
Cristo, escóitanos.	Cristo, escóitanos.

43. Rematadas as ladaíñas, só o Bispo ordenante principal ponse en pé, e coas mans abertas,

di:

Escóitanos, Señor, noso Deus,
e, ó verter sobre este teu servidor
a plenitude da gracia sacerdotal,
fai que baixe sobre el a forza da túa bendición.
Por Cristo, noso Señor.

Todos: Amén.

O diácono, se é o caso, di:

Podedes erguervos.

E érguense todos.

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

44. O Bispo elixido achégase ó Bispo ordenante principal, que está en pé diante da sede coa mitra posta, e ponse de xeonllos diante del.

45. O Bispo ordenante principal impón en silencio as mans sobre a cabeza do elixido. Da mesma maneira, de seguido, fano os outros Bispos ordenantes. Despois da imposición das mans, os Bispos permanecen cerca do Bispo ordenante principal ata que remate a Pregaria da Ordenación, pero de modo que os fieis poidan ver ben a cerimonia.

46. De seguido o Bispo ordenante principal recibe o libro dos Evanxeos dun dos diáconos e imponllo aberto sobre a cabeza ó Bispo elixido; dous diáconos, un á dereita e outro á esquerda, sosteñen o libro dos Evanxeos sobre a cabeza do Bispo elixido, ata que remate a Pregaria da Ordenación.

47. Entón, estando o Bispo elixido de xeonllos diante del, o Bispo ordenante principal, sen mitra e cos demais Bispos ordenantes ó seu lado, tamén sen mitra, di, coas mans estendidas, a Pregaria da Ordenación.

Deus e Pai do noso Señor Xesucristo,
Pai da misericordia e Deus de toda consolación;
ti te-lo teu trono sobre os ceos
e miras polos humildes;
ti coñeces todo antes de que exista,
e pola gracia da túa palabra
fundáche-las leis da Igrexa;
ti elixiches dende o principio un pobo santo,
descendente de Abrahán,
e décheslle reis e sacerdotes
que coidasen do servizo do teu Santuario,

porque desde o principio do mundo
quixeches ser glorificado nos teus elixidos:

Esta parte da oración dina tódolos Bispos ordenantes, coas mans xuntas e en voz baixa para que se poida escoitar claramente a voz do Bispo ordenante principal:

VERTE AGORA SOBRE ESTE TEU SERVIDOR QUE ESCOLLICHES
A FORZA QUE DIMANA DE TI:
O ESPÍRITO DE SOBERANÍA
QUE DECHES Ó TEU AMADO FILLO XESUCRISTO,
E QUE EL COMUNICOU ÓS SANTOS APÓSTOLOS.
E ASÍ ELES ESTABLECERON A IGREXA
POR DIVERSOS LUGARES
COMO SANTUARIO TEU
PARA GLORIA E LOANZA PERENNE DO TEU NOME

Prosegue só o Bispo ordenante principal:

Pai coñecedor dos corazóns,
concede a este teu fillo,
elixido para o Episcopado,
conduci-lo teu pobo santo,
exercer ante ti, sen reprensión,
o sumo sacerdocio,
servirte de día e de noite
e interceder sempre polo pobo,
ofrecéndoche os dons da túa santa Igrexa;
que pola virtude do Sumo Sacerdocio
teña o poder de perdoa-los pecados,
segundo a túa vontade;
que distribúa os ministerios da santa Igrexa
seguindo os teus designios
e desate todo vencello
conforme ó poder que lles deches ós Apóstolos;
que che agrade
pola mansedume e a dozura de corazón,
ofrecendo a súa vida en sacrificio
por medio do teu Fillo Xesucristo,
por quen recíbe-la gloria, o poder e a honra,
co Espírito Santo, na santa Igrexa,
agora e por sempre eternamente.

Todos: Amén.

48. Rematada a Pregaria da Ordenación, os diáconos quitan o libro dos Evanxeos que tiñan sobre a cabeza do ordenado, e un dos diáconos fica co libro ata que lle sexa entregado ó ordenado. Todos sentan. O Bispo ordenante principal e os demais Bispos ordenantes poñen a mitra.

Unción da cabeza, entrega do libro dos Evanxeos e das insignias

49. O Bispo ordenante principal pon o gremial, recibe dun diácono o santo crisma, unxe a cabeza do ordenado, que está axeonllado diante del, e di:

Deus, que te fixo partícipe
do sumo sacerdocio de Cristo,
verta sobre ti o bálsamo da santa unción,
e te faga fecundo coa súa copiosa bendición.

Despois o ordenante principal lava as mans.

50. O Bispo ordenante principal, recibindo dun diácono o libro dos Evanxeos, entrégallo ó ordenado, dicindo:

Recibe o Evanxeo
e pregoa a palabra de Deus
con toda paciencia e doutrina.

O diácono colle o libro dos Evanxeos e pono no seu lugar.

51. O Bispo ordenante principal ponlle ó ordenado o anel no dedo anular da man dereita, dicindo:

Recibe o anel, sinal de fidelidade,
e con fe íntegra, garda intacta a santa Igrexa, esposa de Deus.

52. Se o ordenado goza de palio, o Bispo ordenante principal recíbeo do diácono e pono sobre os ombros do ordenado, dicindo:

Recibe o palio, traído do sepulcro de san Pedro,
que che entregamos no nome do Romano Pontífice, o Papa N.,
como signo da autoridade metropolitana,
para que o uses dentro dos límites da túa provincia eclesiástica;
será para ti símbolo de unidade
e sinal de comunión coa Sede Apostólica,
vínculo de caridade e impulso de fortaleza.

53. Despois o Bispo ordenante principal impón a mitra ó ordenado, dicindo:

Recibe a mitra,
brille en ti o resplandor da santidad,
para que, cando apareza o príncipe dos pastores,
merezas recibi-la coroa de gloria que nunca murcha.

54. E, por fin, entrégalle ó ordenado o báculo pastoral, dicindo:

Recibe o báculo, sinal do ministerio pastoral;
coida de toda a grea,
porque o Espírito Santo escolleute como Bispo
para goberna-la Igrexa de Deus.

55. Érguense todos. Se a Ordenación se fixo na igrexa propia do ordenado, o Bispo ordenante principal convídao para que sente na cátedra. Neste caso, o ordenante principal ha de sentar á dereita do ordenado.

Pero se o Bispo foi ordenado fóra da súa propia igrexa, é convidado polo ordenante principal para que sente o primeiro entre os Bispos concelebrantes.

56. Por fin, o ordenado, deixado o báculo, levántase e recibe do ordenante principal e de tódolos Bispos o ósculo da paz.

57. Namentres, e ata o final do rito, pódese canta-la antífona:

Ide polo mundo enteiro, aleluia,
e predicade o Evanxeo a tódalas criaturas, aleluia.

ou na Coresma:

Ide polo mundo enteiro e predicade o Evanxeo a tódalas criaturas.

co salmo 95 (96) ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 95 (96) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

Salmo 95 (96)

Cantádelle ó Señor un cántico novo,
cantádelle ó Señor, a terra enteira;
cantádelle ó Señor, bendicidé o seu nome,
pregoade tódolos días a súa salvación.

(Repítese a antífona)

Anunciade entre as xentes a súa gloria;
ante tódolos pobos, as súas marabillas.
Grande é o Señor e digno de loanza,
máis temible ca tódolos deuses.

(Repítese a antífona)

Os deuses todos das nacións son aparencia,
pero o Señor fixo os ceos.

Na súa presenza, gloria e maxestade;
no seu santuario, forza e fermosura.

(Repítese a antífona)

Tributade ó Señor, pobos todos,
tributade ó Señor honor e forza,
tributade ó Señor a gloria do seu nome.

(Repítese a antífona)

Collede ofrendas e entrade nos seus adros,
adorade o Señor no adral sagrado,
trema na súa presenza a terra enteira.

(Repítese a antífona)

Dicide entre as xentes:
“O Señor reina;
el asenta o mundo, e non se move,
el goberna os pobos rectamente”.

(Repítese a antífona)

Alédense os ceos, exulte a terra,
resoe o mar e canto o enche,
relouquen os campos e todo o que hai neles.

(Repítese a antífona)

Alédense as árbores todas do bosque,
diante do Señor que vén,
que vén para rexe-la terra.
El rexerá o mundo con xustiza
e os pobos con rectitude.

(Repítese a antífona)

Non se di *Gloria ó Pai*. O salmo interrómtese e repítese a antífona cando os Bispos rematen de dálle-lo ósculo ó ordenado.

58. A Misa segue coma sempre. Dise o Símbolo da fe segundo as rúbricas e omítese a oración universal.

Liturxia eucarística

59. Nas Pregarias eucarísticas, a memoria do novo Bispo faise conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise *Acolle, Señor*, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha especialmente polo teu servo N.,
(por min, indigno servo teu),
que te dignaches promover
á Orde do Episcopado;
conserva nel (en min)
e fai que fructifiquen co teu poder
os dons que recibiu (recibín) da túa gracia.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras ... *ós que participamos no Corpo e no Sangue de Cristo*, engádese:

Lémbrate, Señor, da túa Igrexa
estendida por toda a terra:
faina perfecta no amor,
xunto co noso Papa N.,
co noso Bispo N. (co teu servo N.),
a quen hoxe quixeches constituír pastor da Igrexa (de N.),
e con tódolos pastores do teu pobo.

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras ... *lle traia a todo o mundo a paz e a salvación*, engádese:

Afirma na fe e no amor a túa Igrexa
mentres peregrina pola terra:
o teu servidor, o noso Papa N.,
o noso Bispo (o teu servo N.),
que hoxe foi ordenado pastor da Igrexa (de N.),
e a todo o Colexio Episcopal,
os sacerdotes e diáconos
e a todo o pobo que o teu Fillo redimiu.

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, despois das palabras *para loanza da túa gloria*, engádese:

E agora, Señor,
acórdate de todos aqueles
polos que che ofrecemos este sacrificio:
en primeiro lugar do noso Papa N.,
do noso Bispo (deste servo teu N.),
que hoxe te dignaches elixir para o servizo do teu pobo,
e de todo o Colexio Episcopal;

acórdate dos sacerdotes e diáconos,
 dos que presentan as súas ofrendas,
 dos aquí reunidos,
 de todo o teu pobo
 e de cantos te buscan con boa fe.

60. Os pais e os familiares do Bispo ordenado poden comungar baixo as dúas especies.

Rito de conclusión

61. Rematada a oración despois da Comunión, cántase o himno *Te Deum laudamus* ou outro himno semellante, segundo o costume do lugar. Namentres, o Bispo ordenado recibe a mitra e o báculo e, acompañado por dous dos Bispos ordenantes, percorre a igrexa bendicindo a todos.

62. Concluído o himno, o Bispo ordenado pode falar brevemente ó pobo, dende o altar ou dende a cátedra se se atopa na igrexa propia.

63. Despois, o Bispo que presidiu a liturxia eucarística imparte a bendición. No lugar da bendición acostumada, pódese usar a seguinte bendición solemne. O diácono pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Despois, se imparte a bendición o Bispo ordenado, fai antes unha triple súplica, coas mans estendidas:

Deus, que coidas compracido dos pobos
 e te deixas vencer polo amor,
 concédelle o Espírito da sabedoría
 a quen confiáche-la misión do goberno na túa Igrexa,
 para que o progreso dos fieis
 sexa o gozo eterno dos seus pastores.

Todos: Amén.

E Ti que outórga-lo número dos nosos días
 e a duración dos tempos
 co poder da túa gloria,
 volve propicio a túa mirada
 sobre o noso humilde ministerio
 e concédelles a estes nosos tempos
 a abundancia da túa paz.

Todos: Amén.

Móstrate tamén propicio cos dons recibidos pola túa gracia

e a quen elevaches á Orde Episcopal
concédelle que che agrade coa perfección das súas obras;
dirixe o corazón dos fieis e do Bispo de tal maneira
que ó pastor nunca lle falte a obediencia do seu pobo
nin ó pobo lle falte o coidado do seu pastor.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

Pero se dá a Bendición o Bispo ordenante principal, di, coas mans estendidas sobre o
Bispo ordenado e o pobo:

Que o Señor te bendiga e te garde.
El que te fixo Pontífice do seu pobo
che conceda a felicidade deste mundo
e o gozo no reino eterno.

Todos: Amén.

O Señor que quixo xuntar onda ti
esta porción do teu clero e do teu pobo,
che conceda gobernalos por moitos anos
coa súa providencia e co teu coidado.

Todos: Amén.

E que o teu pobo,
obedecendo os preceptos divinos,
libre de toda adversidade,
abondando no ben obrar
e respectando con fidelidade o teu ministerio,
goce de paz neste mundo
e mereza xuntarse contigo
na asemblea dos santos.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

64. Dada a bendición e despedido o pobo polo diácono, todos volven á sancristía en procesión coma sempre.

RITO DA ORDENACIÓN DO BISPO CANDO SE CONFIRE A VARIOS Ó MESMO TEMPO

65. Canto se di nas observacións, nn. 15-27, vale tamén para o Rito da Ordenación do Bispo cando se confire a varios ó mesmo tempo.

Neste caso indícase como cousa especial:

a) a cada un dos elixidos han de asistilos dous presbíteros;

b) é moi conveniente que tódolos Bispos ordenantes e os presbíteros que asisten ós elixidos concelebran a Misa co Bispo ordenante principal e cos elixidos. Se a Ordenación se fai na igrexa propia dalgún dos elixidos, concelebran tamén algúns presbíteros do seu presbiterio;

c) se a Ordenación ten lugar dentro da diócese propia dalgún dos elixidos, o Bispo ordenante principal pode convida-lo Bispo acabado de ordenar para que presida a concelebración na liturxia eucarística. De non ser así preside a concelebración o Bispo ordenante principal; pero os Bispos acabados de ordenar ocupan o primeiro lugar entre os outros concelebrantes;

d) ademais do necesario para a celebración da Misa estacional deben prepararse:

- O Ritual das Ordes;

- folletos coa Pregaria da Ordenación para os Bispos ordenantes;

- os Evanxeos que se han de impoñer a cada un dos elixidos;

- o gremial;

- o santo crisma;

- o necesario para lava-las mans;

- o anel, o báculo pastoral, a mitra para cada un dos elixidos e, no seu caso, o palio.

Estas insignias, agás o palio, non precisan bendición previa cando se entregan no mesmo rito da Ordenación.

e) as sedes han de prepararse da maneira xa indicada no núm. 29.

66. O Bispo ordenante principal e os Bispos e presbíteros concelebrantes visten os ornamentos sagrados que a cada quen se lle esixe para a celebración da Misa.

Convén que o Bispo ordenante principal leve a dalmática debaixo da casula.

Os elixidos visten tódolos ornamentos sacerdotais e ademais a cruz pectoral e a dalmática.

Pero os Bispos ordenantes, se non concelebran, han de levar alba, cruz pectoral, estola e, se parece oportuno, capa pluvial e mitra. Os presbíteros que asisten o elixido, se non concelebran vestirán capa pluvial sobre a alba.

Os ornamentos han de ser da cor da Misa que se celebra ou, se non, da cor branca; tamén poden empregarse outros ornamentos festivos ou máis nobres.

Ritos iniciais e Liturxia da palabra

67. Cando estea todo disposto comeza a procesión pola igrexa cara ó altar, coma de costume. Vai diante o diácono que leva o libro dos Evanxeos que se usará na celebración e outros diáconos, se os hai; ségueno os presbíteros concelebrantes; despois os elixidos, que van entre os dous presbíteros asistentes; logo, os Bispos ordenantes e finalmente o Bispo ordenante principal, cos dous diáconos que o asisten, un pouco atrás. Ó chegaren ó altar, feita a debida reverencia, diríxense todos ós seus respectivos lugares. Procúrese, sen embargo, que a distinción entre Bispos e presbíteros sexa patente, mesmo na disposición dos postos respectivos.

Entrementres, entóase a antifona de entrada co seu salmo, ou algún canto axeitado.

68. Os ritos iniciais e a liturxia da palabra realízanse coma sempre ata o Evanxeo inclusive.

69. Se se ordena algún dos elixidos na súa igrexa catedral, despois do saúdo ó pobo, un dos diáconos ou dos presbíteros concelebrantes móstralle-las Letras Apostólicas ó Colexio de Consultores, na presenza do Chanceler da Curia, quen redactará acta do feito, e leas despois dende o ambón; escoitan todos sentados, dicindo o final: *Deámoslle gracias a Deus*, ou outra aclamación axeitada.

Pero nas dióceses que hai pouco que se erixiron, danse a coñece-las Letras ó clero e ó pobo presentes na igrexa catedral, redactando acta do feito o presbítero de máis idade entre os presentes.

70. Despois da lectura do Evanxeo, o diácono coloca de novo e con toda reverencia o libro dos Evanxeos sobre o altar, onde permanece ata o momento de poñelo sobre a cabeza de cada un dos ordenados.

Ordenación

71. Rematado o Evanxeo comeza a Ordenación dos Bispos. Postos todos de pé, cántase o himno *Veni, Creator Spiritus*, ou outro canto axeitado ós costumes do lugar.

72. O Bispo ordenante principal e os Bispos ordenantes achéganse á sede e ós escanos preparados para a Ordenación dos elixidos.

Presentación dos elixidos

73. Cada un dos elixidos é acompañado polos presbíteros asistentes ata a sede do ordenante principal, a quen lle fan unha reverencia.

74. Un dos presbíteros asistentes diríxese ó Bispo ordenante principal con estas palabras:

Reverendísimo Padre, a Igrexa de N. pide que ordenes Bispo o presbítero N.

Se se trata dun Bispo ordenando non residencial:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa católica pide que ordenes Bispo o presbítero N.

E así se fai por cada un dos elixidos. Ó rematar, o Bispo ordenante principal pregunta:

¿Ténde-lo mandato apostólico?

E un dos presbíteros responde:

Témolo.

O Bispo ordenante principal:

Léase.

Entón lese o mandato, estando todos sentados. Unha vez que se rematou a lectura, todos din:

Deámoslle gracias a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, de acordo co que se di no núm. 11 a.

Homilía

75. De seguido o ordenante principal, estando todos sentados, fai a homilía, na que, partindo do texto das lecturas litúrxicas da Palabra, amoesta o clero, o pobo e os elixidos sobre o ministerio episcopal. Poden, tamén, utilizarse para a dita amoestación as seguintes ou parecidas palabras, adaptando, sen embargo, o seu texto cando se ordenan Bispos non residenciais:

Benqueridos fillos:

Consideremos con atención a que ministerio na Igrexa ascenden hoxe estes nosos irmáns. Xesucristo, noso Señor, mandado polo Pai para redimi-lo home, mandou el tamén polo mundo os doce Apóstolos para que, cheos do Espírito Santo, pregoasen o Evanxeo, gobernasen e santificasen a tódolos pobos, axuntándoos nun só rabaño.

Para que este servizo continuase ata a fin dos séculos, os Apóstolos escolleron colaboradores, ós que lles comunicaron o don do Espírito Santo que eles recibiran de Cristo, pola imposición das mans que confire a plenitude do Sacramento da Orde. Desta maneira, dunha xeración a outra, foise transmitindo, pola sucesión continua dos Bispos, este tan importante ministerio, e permanece e acrecenta nos nosos días a obra do Salvador.

Na persoa do Bispo, rodeado dos seus presbíteros, está presente entre vós o mesmo Xesucristo, Señor e Pontífice eterno. El é quen, por medio do Bispo, pregoa o Evanxeo e lles ofrece ós crentes os sacramentos da fe. El é quen, por medio do ministerio paternal

do Bispo, engade novos membros á Igrexa, seu Corpo. El é quen, valéndose da predicación e solicitude pastoral do Bispo, vos leva, a través do peregrinar terreo, á felicidade eterna.

Recibide, pois, con alegría e gratitude os nosos irmáns. Nós, os Bispos aquí presentes, pola imposición das mans, incorporámoslos á nosa Orde Episcopal. Debedes honralos como ministros de Cristo e dispensadores dos ministerios de Deus: a eles confióselles dar testemuño do verdadeiro Evanxeo e administra-la santidad e a vida do Espírito.

Lembrede as palabras de Cristo ós Apóstolos: “Quen a vós escoita, a min me escoita; quen a vós aldraxa, a min me aldraxa, e quen a min me aldraxa, aldraxa a quen me mandou”.

E vós, benqueridos irmáns, chamados polo Señor, lembrede que fostes escollidos entre os homes e postos ó servicio deles nas cousas de Deus. O Episcopado é un servicio, non un honor; por iso o Bispo debe, antes ca nada, vivir para os fieis e non só para presidilos. Quen é maior, segundo o mandado do Señor, ha de amosarse coma o máis pequeno, e o que preside, coma quen serve. Pregoades a palabra de Deus, insistide teimudamente; aconsellade con toda paciencia e doutrina. Na oración e no sacrificio pedide moitas e diversas gracias, para que o pobo a vós confiado participe da plenitude de Cristo.

Coidade e dirixide a Igrexa que se vos encomenda, e sede fieis dispensadores dos misterios de Cristo. Escollidos polo Pai para o coidado da súa familia, tende sempre diante dos vosos ollos o Bo Pastor, que coñece as súas ovellas e é coñecido por elas, e non dubidou en da-la vida polo rabaño.

Amade con amor de pai e de irmán a cantos Deus poña baixo o voso coidado, dun xeito especial, os presbíteros e os diáconos -os vosos colaboradores no ministerio sagrado- ; os pobres, os febles, os que non teñen fogar e os emigrantes. Animade os fieis a traballar convosco na obra apostólica, e procurade sempre atendelos e escoitalos. Daqueles que aínda non están incorporados ó rabaño de Cristo, coidade sen acougo, xa que eles tamén vos foron encomendados no Señor. Non esquezades que formades parte do Colexio Episcopal dentro da Igrexa Católica, que é unha polo vínculo do amor. Atendede, pois, a comunidade universal, ó servicio da cal vos pon o Espírito Santo para rexe-la Igrexa de Deus, no nome do Pai a quen representades na asemblea, no nome do Fillo, de quen exercéde-lo oficio de Mestre, Sacerdote e Pastor, e no nome do Espírito Santo, que dá vida á Igrexa de Cristo e fortalece a nosa fraqueza.

Promesas dos elixidos

76. Despois da homilía, só os elixidos se poñen en pé diante do Bispo ordenante principal, quen lles pregunta a todos simultaneamente con estas palabras:

A antiga regra dos Santos Padres establece que quen foi elixido para a Orde Episcopal sexa, diante do pobo, anticipadamente examinado sobre a súa fe e sobre o seu futuro ministerio.

Polo tanto, benqueridos irmáns: ¿Queredes consagrarvos ata a morte ó ministerio episcopal que herdamos dos Apóstolos, e que pola imposición das nosas mans vos vai ser confiado coa gracia do Espírito Santo?

Os elixidos responden:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queredes predicar con fidelidade e constancia o Evanxeo de Xesucristo?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queredes conservar enteiro e puro o depósito da fe, tal como foi recibido dos Apóstolos e conservado na Igrexa sempre e en todo lugar?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queredes construí-la Igrexa, Corpo de Cristo, e mantervos na súa unidade coa Orde dos Bispos, baixo a autoridade do sucesor de Pedro?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queredes obedecer con fidelidade o sucesor de Pedro?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queredes coidar do pobo santo de Deus e dirixilo polo camiño da salvación con amor de pai e axudados polos vosos presbíteros e diáconos?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queredes ser bondadosos e comprensivos cos pobres, cos inmigrantes e con tódolos necesitados?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queredes recadar, como bos pastores, as ovellas errantes?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo ordenante principal:

¿Queredes rogarlle sen cesar a Deus todopoderoso polo pobo santo e exerce-lo sumo sacerdocio con toda fidelidade?

Os elixidos:

Quero, coa axuda de Deus.

O Bispo ordenante principal:

Deus, que comezou en vós a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

Ladaíñas dos Santos

77. De seguido, os Bispos deixan a mitra e érguense todos. O Bispo ordenante principal, coas mans xuntas, mirando para o pobo, fai a invitación:

Oremos, irmáns, para que o Deus de todo poder e bondade verta sobre estes elixidos a fartura da súa gracia, para ben da santa Igrexa.

78. E axiña, os elixidos tómbanse no chan e cántanse as ladaíñas, respondendo todos; se é domingo ou tempo pascual os demais permanecen de pé; nos outros días póñense de xeonllos. Neste caso, o diácono di:

Poñámonos todos de xeonllos.

Nas ladaíñas pódense engadir, no lugar respectivo, outros nomes de santos, por exemplo, do Patrón, do Titular da igrexa, do Fundador, do Patrón dos que reciben a Ordenación ou algunhas invocacións máis axeitadas a cada circunstancia.

Entón, os cantores comezan as ladaíñas, cf. supra núm. 42; pero as invocacións sobre os elixidos fanse en plural.

79. Rematadas as ladaíñas, só o Bispo ordenante principal ponse en pé, e coas mans abertas, di:

Escóitanos, Señor, noso Deus,
e, ó verter sobre estes teus servidores
a plenitude da gracia sacerdotal,
fai que baixe sobre eles a forza da túa bendición.
Por Cristo, noso Señor.

Todos: Amén.

O diácono, se é o caso, di:

Podedes erguervos.

E érguense todos.

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

80. Os elixidos achéganse ó Bispo ordenante principal, que está en pé diante da sede coa mitra posta, e póñense de xeonllos diante del.

81. O Bispo ordenante principal impón en silencio as mans sobre a cabeza de cada un dos elixidos. Da mesma maneira, de seguido, fano os outros Bispos ordenantes, sen dicir nada.

Despois da imposición das mans, os Bispos permanecen cerca do Bispo ordenante principal ata que remate a Pregaria da Ordenación, pero de modo que os fieis poidan ver ben a cerimonia.

82. De seguido o Bispo ordenante principal recibe o libro dos Evanxeos dun dos diáconos e imponllo aberto sobre a cabeza a cada un dos elixidos; dous diáconos, un á dereita e outro á esquerda de cada un deles, sosteñen o libro dos Evanxeos sobre a cabeza dos elixidos, ata que remate a Pregaria da Ordenación.

83. Entón, estando os elixidos de xeonllos diante del, o Bispo ordenante principal, sen mitra e cos demais Bispos ordenantes ó seu lado, tamén sen mitra, di, coas mans estendidas, a Pregaria da Ordenación.

Deus e Pai do noso Señor Xesucristo,
 Pai da misericordia e Deus de toda consolación;
 ti te-lo teu trono sobre os ceos
 e miras polos humildes;
 ti coñeces todo antes de que exista,
 e pola gracia da túa palabra
 fundáche-las leis da Igrexa;
 ti elixiches dende o principio un pobo santo,
 descendente de Abrahán,
 e décheslle reis e sacerdotes
 que coidasen do servicio do teu santuario,
 porque desde o principio do mundo
 quixeches ser glorificado nos teus elixidos:

Esta parte da oración dina tódolos Bispos ordenantes, coas mans xuntas e en voz baixa para que se poida escoitar claramente a voz do Bispo ordenante principal:

VERTE AGORA SOBRE ESTES TEUS SERVIDORES QUE ESCOLLICHES
 A FORZA QUE DIMANA DE TI:
 O ESPÍRITO DE SOBERANÍA
 QUE DECHES Ó TEU AMADO FILLO XESUCRISTO,
 E QUE EL COMUNICOU ÓS SANTOS APÓSTOLOS.
 E ASÍ ELES ESTABLECERON A IGREXA
 POR DIVERSOS LUGARES
 COMO SANTUARIO TEU
 PARA GLORIA E LOANZA PERENNE DO TEU NOME

Prosegue só o Bispo ordenante principal:

Pai coñecedor dos corazóns,
 concede a estes teus fillos,
 elixidos para o episcopado,
 conduci-lo teu pobo santo,
 exercer ante ti, sen repreensión,
 o sumo sacerdocio,
 servirte de día e de noite
 e interceder sempre polo pobo,
 ofrecéndoche os dons da túa santa Igrexa;
 que pola virtude do sumo sacerdocio
 teñan o poder de perdoa-los pecados,
 segundo a túa vontade;
 que distribúan os ministerios da Igrexa
 seguindo os teus designios
 e desaten todo vencello
 conforme ó poder que lles deches ós Apóstolos;
 que che agraden
 pola mansedume e a dozura de corazón,

ofrecendo a súa vida en sacrificio
 por medio do teu Fillo Xesucristo,
 por quen recíbe-la gloria, o poder e a honra,
 co Espírito Santo, na Igrexa,
 agora e por sempre eternamente.

Todos: Amén.

84. Rematada a Pregaria da Ordenación, os diáconos quitan o libro dos Evanxeos que tiñan sobre as cabezas dos ordenados, e un dos diáconos fica co libro ata que lle sexa entregado ós ordenados. Todos sentan. O Bispo ordenante principal e os demais Bispos ordenantes poñen a mitra.

Unción da cabeza, entrega do libro dos Evanxeos e das insignias

85. O Bispo ordenante principal pon o gremial, recibe dun diácono o santo crisma, unxe a cabeza de cada un dos ordenados, que se van axeonllado diante del, e di:

Deus, que te fixo partícipe
 do sumo sacerdocio de Cristo,
 verta sobre ti o bálsamo da santa unción,
 e te faga fecundo coa súa copiosa bendición.

Despois o ordenante principal lava as mans.

86. O Bispo ordenante principal, recibindo dun diácono o libro dos Evanxeos, entrégallo a cada un dos ordenados, dicindo:

Recibe o Evanxeo
 e pregoa a palabra de Deus
 con toda paciencia e doutrina.

O diácono colle o libro dos Evanxeos e pono no seu lugar.

87. O Bispo ordenante principal ponlle a cada un dos ordenados o anel no dedo anular da man dereita, dicindo:

Recibe o anel, sinal de fidelidade,
 e con fe íntegra, garda intacta a santa Igrexa, esposa de Deus.

88. Se algún ordenado goza de palio, o Bispo ordenante principal recíbeo do diácono e pono sobre os ombros do ordenado, dicindo:

Recibe o palio, traído do sepulcro de san Pedro,
 que che entregamos no nome do Romano Pontífice, o Papa N.,
 como signo da autoridade metropolitana,

para que o uses dentro dos límites da túa provincia eclesiástica;
será para ti símbolo de unidade
e sinal de comunión coa Sede Apostólica,
vínculo de caridade e impulso de fortaleza.

89. Despois o Bispo ordenante principal impón a mitra a cada un dos ordenados, dicindo:

Recibe a mitra,
brille en ti o resplandor da santidad,
para que, cando apareza o príncipe dos pastores,
merezas recibi-la coroa de gloria que nunca murcha.

90. E, por fin, entrégalle a cada un dos ordenados o báculo pastoral, dicindo:

Recibe o báculo, sinal do ministerio pastoral,
coida de toda a grea,
porque o Espírito Santo escolleute como Bispo
para goberna-la Igrexa de Deus.

91. Érguense todos. Se a Ordenación se fixo na igrexa propia dalgún dos ordenados, o Bispo ordenante principal convídao para que sente na cátedra e el mesmo senta á dereita do ordenado. Ós demais Bispos, ordenados fóra das igrexas propias, convídaos para que senten os primeiros entre os Bispos concelebrantes.

Pero se a Ordenación se fixo fóra da propia igrexa, o Bispo ordenante principal leva o Bispo ordenado á cátedra e os demais Bispos ás sedes preparadas para eles, acompañados polos Bispos ordenantes.

92. Por fin, os ordenados, deixados os báculos, levántanse e reciben do ordenante principal e de tódolos Bispos o ósculo da paz.

93. Namentres, e ata o final do rito, pódese canta-la antífona:

Ide polo mundo enteiro, aleluia,
e predicade o Evanxeo a tódalas criaturas, aleluia.

ou na Coresma:

Ide polo mundo enteiro e predicade o Evanxeo a tódalas criaturas.

co salmo 95 (96) *Cantádelle ó Señor un cántico novo*, cf. núm. 57, ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 95 (96) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

Non se di *Gloria ó Pai*. O salmo interrómtese e repítese a antífona cando os Bispos rematen de dálle-lo ósculo ós ordenados.

94. A Misa segue coma sempre. Dise o Símbolo da fe segundo as rúbricas e omítese a

oración universal.

Liturxia eucarística

95. Nas Pregarias eucarísticas, a memoria dos novos Bispos faise conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise *Acolle, Señor*, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha especialmente polos teus servos N. N.,
(por min, indigno servo teu e polos teus servos N. N.),
que te dignaches promover
á Orde do Episcopado;
conserva neles (en nós)
e fai que fructifiquen co teu poder
os dons que recibiron (recibimos) da túa gracia.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras ... *ós que participamos no Corpo e no Sangue de Cristo*, engádese:

Lémbrate, Señor, da túa Igrexa
estendida por toda a terra:
faina perfecta no amor,
xunto co noso Papa N.,
co noso Bispo N. (cos teus servos N. N.),
a quen hoxe quixeches constituír pastores da Igrexa,
e con tódolos pastores do teu pobo.

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras ... *lle traia a todo o mundo a paz e a salvación*, engádese:

Afirma na fe e no amor a túa Igrexa
mentres peregrina pola terra:
o teu servidor, o noso Papa N.,
o noso Bispo (os teus servos N. N.),
que hoxe foron ordenados pastores da Igrexa,
e a todo o Colexio Episcopal,
os sacerdotes e diáconos
e a todo o pobo que o teu Fillo redimiu.

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, despois das palabras *para loanza da túa gloria*, engádese:

E agora, Señor,
acórdate de todos aqueles
polos que che ofrecemos este sacrificio:
en primeiro lugar do noso Papa N.,
do noso Bispo (destes servos teus N. N.),
que hoxe te dignaches elixir para o servicio do teu pobo,
e de todo o Colexio Episcopal;
acórdate dos sacerdotes e diáconos,
dos que presentan as súas ofrendas,
dos aquí reunidos,
de todo o teu pobo
e de cantos te buscan con boa fe.

96. Os pais e os familiares dos Bispos ordenados poden comungar baixo as dúas especies.

Rito de conclusión

97. Rematada a oración despois da Comunión, cántase o himno *Te Deum laudamus* ou outro himno semellante, segundo o costume do lugar. Namentres, os Bispos ordenados reciben a mitra e o báculo e, acompañados polos Bispos ordenantes, percorren a igrexa bendicindo a todos.

98. Concluído o himno, os Bispos ordenados colócanse diante do altar coa mitra e o báculo. Antes da bendición un deles, especialmente aquel que está na igrexa propia, pode falar brevemente ó pobo dende a cátedra.

99. Despois, o Bispo que presidiu a liturxia eucarística imparte a bendición. No lugar da bendición acostuada, pódese usa-la seguinte bendición solemne. O diácono pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Entón, se o celebrante principal é un dos Bispos ordenados, imparte a bendición pero fai antes unha triple súplica, coas mans estendidas:

Deus, que coidas compracido dos pobos
e te deixas vencer polo amor,
concédelle o Espírito da sabedoría
a aqueles a quen confiáche-la misión do goberno na túa Igrexa,
para que o progreso dos fieis
sexa o gozo eterno dos seus pastores.

Todos: Amén.

E Ti que outórga-lo número dos nosos días
e a duración dos tempos
co poder da túa gloria,

volve propicio a túa mirada
sobre o noso humilde ministerio
e concédelles a estes nosos tempos
a abundancia da túa paz.

Todos: Amén.

Móstrate tamén propicio cos dons recibidos pola túa gracia
e ós que elevaches á Orde Episcopal
concédelles que che agraden coa perfección das súas obras;
dirixe o corazón dos fieis e dos Bispos de tal maneira
que ós pastores nunca lles falte a obediencia do seu pobo
nin ó pobo lle falte o coidado dos seus pastores.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

Pero se dá a Bendición o Bispo ordenante principal, di, coas mans estendidas sobre os
Bispos ordenados e o pobo:

Que o Señor vos bendiga e vos garde.
El que vos fixo pontífices do seu pobo
vos conceda a felicidade deste mundo
e o gozo no reino eterno.

Todos: Amén.

O Señor que quixo xuntar onda vós
esta porción do clero e do pobo,
vos conceda gobernalos por moitos anos
coa súa providencia e co voso coidado.

Todos: Amén.

E que o voso pobo,
obedecendo os preceptos divinos,
libre de toda adversidade,
abondando no ben obrar
e respectando con fidelidade o voso ministerio,
goce de paz neste mundo
e mereza xuntarse convosco
na asemblea dos santos.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

100. Dada a bendición e despedido o pobo polo diácono, todos volven á sancristía en procesión coma sempre.

CAPITULO II

ORDENACIÓN DOS PRESBITEROS

OBSERVACIÓNS

I

IMPORTANCIA DA ORDENACIÓN

101. Pola Ordenación sagrada confíreselles ós presbíteros aquel sacramento no que “pola unción co Espírito Santo quedan selados cun carácter especial e configúranse con Cristo cabeza”.³³

Polo tanto, os presbíteros teñen parte no sacerdocio e na misión do Bispo. Como sinceros cooperadores da Orde episcopal, chamados a servi-lo pobo de Deus, forman co seu Bispo un único presbiterio dedicado certamente a diversas funcións.³⁴

102. Partícipes, no grao propio do seu ministerio, do oficio do único Mediador, Cristo (1 Tim 2,5), anuncian a todos a palabra divina. Pero o seu oficio sagrado exérceno, sobre todo, na asemblea eucarística. Desempeñan con sumo coidado o ministerio da reconciliación e de alivio a prol dos fieis penitentes ou enfermos, e presentan a Deus Pai as necesidades e preces dos fieis (cf. Hebr 5,1-4). Exercendo, na medida da súa autoridade, o oficio de Cristo, Pastor e Cabeza, reúnen a familia de Deus coma unha fraternidade animada con espírito de unidade, e lévana a Deus Pai por medio de Cristo no Espírito. No medio do rabaño adóranos en Espírito e en verdade (cf. Xn 4,24). Afánanse, por fin, na palabra e no ensino (cf. 1 Tim. 5,17), crendo aquilo que len cando meditan a lei do Señor, ensinando aquilo que cren, imitando o que ensinan.³⁵

II

OFICIOS E MINISTERIOS

103. Tódolos fieis da diócese deben acompañar coas súas oracións os candidatos ó

³³ Concilio Vaticano II, Decreto *Presbyterorum Ordinis*, núm. 2.

³⁴ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen Gentium*, núm. 28.

³⁵ Cf. *Ibid.*

presbiterado. E farano, sobre todo, na oración universal da Misa e nas preces das Vésperas.

104. Xa que o presbítero está constituído a prol de toda a Igrexa local, deben ser convidados á Ordenación dos presbíteros os clérigos e outros fieis, de maneira que asistan á celebración no meirande número posible. Dun xeito especial han de ser convidados á celebración das Ordes tódolos presbíteros da diócese.

105. O Bispo é o ministro da sagrada Ordenación.³⁶ Convén que sexa o Bispo da diócese quen confira a Ordenación de presbíteros ós diáconos. Pero os presbíteros presentes ó celebra-la Ordenación imponen as mans ós candidatos xunto co Bispo “por razón do espírito común e semellante do clero”.³⁷

106. Un dos colaboradores do Bispo, delegados para a formación dos candidatos, cando se celebra a Ordenación pide no nome da Igrexa a colación da Orde e responde á pregunta sobre a dignidade dos candidatos. Algúns dos presbíteros axudan ós ordenados a revestirse dos ornamentos presbiterais. Os presbíteros presentes, en canto sexa posible, saúdan co ósculo os irmáns acabados de ordenar como sinal de acollida no presbiterio e concelebran a liturxia eucarística xunto co Bispo e os ordenados.

III

A CELEBRACIÓN

107. Convén que a Igrexa local, para o servizo da cal se ordenan os presbíteros, se prepare á celebración das Ordes.

Os mesmos candidatos deben prepararse coa oración en retiro facendo exercicios espirituais polo menos durante cinco días.

108. A celebración debe terse na igrexa catedral ou nas igrexas das que son oriundos un ou máis candidatos, ou noutra igrexa de grande importancia.

Se se van ordenar presbíteros dalgunha comunidade relixiosa, pode facerse a Ordenación na igrexa da comunidade na que van exercer-lo seu ministerio.

109. A Ordenación debe celebrarse coa asistencia do maior número de fieis en domingo ou en día festivo, a non ser que razóns pastorais aconsellen outra data. Pero exclúense o Triduo Pascual, o Mércores de Cinsa, toda a Semana Santa e a Conmemoración de tódolos Fieis defuntos.

110. A Ordenación ten lugar dentro da Misa estacional, unha vez que remate a liturxia da palabra e antes da liturxia eucarística.

Pode empregarse a Misa ritual “Na celebración das Ordes sagradas”, agás nas Solemnidades, nos Domingos de Advento, na Coresma e Pascua, e nos días da oitava da Pascua.

³⁶ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Lumen Gentium*, núm. 26.

³⁷ Hipólito, *Traditio Apostolica*, 8.

Nestes casos dise a Misa do día coas súas lecturas. Pero nos outros días, se non se di a Misa Ritual, pódese tomar unha das lecturas que se propoñen no leccionario con esta finalidade.

A oración universal non se fai, pois as ladaíñas ocupan o seu lugar.

111. Pregoado o Evanxeo, a Igrexa local pídelle ó Bispo que ordene os candidatos. O presbítero encargado informa o Bispo que lle pregunta, ante o pobo, de que non existen dúbidas respecto dos candidatos. Estes, na presenza do Bispo e de tódolos fieis, mostran a vontade de cumpri-lo seu ministerio, conforme ós desexos de Cristo e da Igrexa baixo a autoridade do Bispo. Nas ladaíñas todos rogan a gracia de Deus a prol dos candidatos.

112. Pola imposición das mans do Bispo e a Pregaria da Ordenación, confíreselles ós candidatos o don do Espírito Santo para a súa función presbiteral. Estas son as palabras que pertencen á natureza do sacramento e que por iso se esixen para a validez do acto:

“Da, quaesumus, omnipotens Pater,
in hos famulos tuos presbyterii dignitatem;
innova in visceribus eorum
Spiritus sanctitatis;
acceptum a te, Deus,
secundi meriti munus obtineant,
censuramque morum
exemplo suae conversationis insinuent”.

(“Pedímosche, Pai todopoderoso,
que confiras a estes teus servidores
a dignidade do presbiterado;
renova nos seus corazóns o Espírito de santidad;
reciban de Ti o sacerdocio de segundo grao
e sexan, coa súa conducta, exemplo de vida”)³⁸.

Xunto co Bispo, os presbíteros impoñen as mans sobre os candidatos para significar a súa acollida no presbiterio.

113. Logo da Pregaria da Ordenación revístense os ordenados coa estola presbiteral e coa casula para que se mostre visiblemente o ministerio que desde agora van exercer na liturxia.

Este ministerio amósase máis amplamente por medio doutros signos: pola unción das mans, significase a especial participación dos presbíteros no sacerdocio de Cristo; pola entrega do pan e do viño nas súas mans, indícase o deber de presidi-la celebración da Eucaristía e de seguir a Cristo crucificado.

O Bispo, cun ósculo, pon en certa maneira o selo á acollida dos novos colaboradores no seu ministerio; os presbíteros saúdan cun ósculo os ordenados para o común ministerio na súa Orde.

114. Os ordenados exercen por primeira vez o seu ministerio na liturxia eucarística concelebrándoa co Bispo e cos outros membros do presbiterio. Os presbíteros acabados de

³⁸ Decretum Congregationis pro Cultu Divino et Disciplina Sacramentorum, 28 Martii 1990. - Prot. n. CD 1241/88.

ordenar ocupan o primeiro lugar.

IV

AS COUSAS QUE HAI QUE PREPARAR

115. Ademais do necesario para a celebración da Misa estacional, deben prepararse:

- a) o Ritual das Ordes;
- b) casulas para cada un dos ordenandos;
- c) o gremial;
- d) o santo crisma;
- e) o necesario para lava-las mans o Bispo e os ordenados.

116. A Ordenación de seu ha de facerse na cátedra; mais se fose preciso para a participación dos fieis, prepárese a sede do Bispo diante do altar ou noutro lugar máis axeitado.

As sedes para os ordenandos prepárense de maneira que os fieis poidan ver ben a acción litúrxica.

117. O Bispo e os presbíteros concelebrantes visten os ornamentos sagrados que se lles esixen a cada un para a celebración da Misa.

Os ordenandos levan amito, alba, cingulo e estola diaconal.

Os presbíteros que imponen as mans ós elixidos para o presbiterado, se non concelebran, estean revestidos de estola sobre a alba ou sobre o traxe talar con sobrepeliz.

Os ornamentos han de ser da cor da Misa que se celebra ou, se non, da cor branca; tamén poden empregarse outros ornamentos festivos ou máis nobres.

RITO DA ORDENACIÓN DOS PRESBÍTEROS

Ritos iniciais e Liturxia da palabra

118. Cando estea todo disposto comeza a procesión pola igrexa cara ó altar, coma de costume. Precede o Diácono que leva o libro dos Evanxeos cos outros diáconos, se os hai; ségueno os ordenandos, os presbíteros concelebrantes; despois, o Bispo cos dous diáconos que o asisten, un pouco atrás. Ó chegaren ó altar, feita a debida reverencia, diríxense todos ós seus respectivos lugares.

Entrementres, entóase a antifona de entrada co seu salmo, ou algún canto axeitado.

119. Os ritos iniciais e a liturxia da palabra realízanse coma sempre ata o Evanxeo inclusive.

Ordenación

120. Rematado o Evanxeo comeza a Ordenación dos presbíteros.

O Bispo achégase á sede preparada para a Ordenación, e faise a presentación dos elixidos.

Presentación dos elixidos

121. Un diácono chama os ordenandos dicindo:

Achegádevos os que ides ser ordenados presbíteros.

E vainos nomeando individualmente; cada un deles di:

Aquí estou.

E achegándose ó Bispo faille unha reverencia.

122. Estando todos situados diante do Bispo, un presbítero designado polo Bispo, di:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa pide que ordenes presbíteros estes irmáns nosos.

O Bispo pregúntalle:

¿Sabes se son dignos?

E el responde:

Segundo o parecer dos que os presentan, despois de consulta-lo pobo cristián, dou testemuño de que foron considerados dignos.

O Bispo:

Co auxilio de Deus e de Xesucristo, noso Salvador, eliximos estes irmáns nosos para a Orde dos presbíteros.

E todos din:

Deámoslle grazas a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, de acordo co que se di no núm. 11 a.

Homilía

123. De seguido o Bispo, estando todos sentados, fai a homilía, na que, partindo do texto das lecturas litúrxicas da Palabra, amoesta o clero, o pobo e os elixidos sobre o ministerio dos presbíteros. Pode, tamén, falar deste ministerio coas seguintes ou parecidas palabras:

Benqueridos irmáns:

Agora que estes nosos fillos, entre os que tendes familiares e amigos, van ser ordenados presbíteros, convén repararmos con atención en que grao de ministerio reciben.

Aínda que de verdade todo o pobo santo de Deus é sacerdocio real en Cristo, sen embargo, o noso gran Sacerdote, Xesucristo, escolleu algúns discípulos que na Igrexa exercesen, no seu nome, o oficio sacerdotal para proveito dos homes. El mesmo, enviado polo Pai, enviou, á súa vez, os Apóstolos polo mundo, para proseguiren decote a súa obra de Mestre, Sacerdote e Pastor por medio deles e dos Bispos, seus sucesores. Os presbíteros son colaboradores dos Bispos, cos que en unidade de sacerdocio son chamados ó servizo do pobo de Deus.

Estes irmáns, despois de pensalo con seriedade, van ser ordenados sacerdotes na Orde dos presbíteros, para faceren as veces de Cristo, Mestre, Sacerdote e Pastor, por quen a Igrexa se edifica e medra como pobo de Deus e templo santo.

Ó configurarse con Cristo, sumo e eterno Sacerdote, e unírense ó sacerdocio dos Bispos, a ordenación converteraos en verdadeiros sacerdotes do Novo Testamento, para pregoaren o Evanxeo, guiaren o pobo de Deus e celebraren o culto divino, sobre todo no sacrificio do Señor.

E vós, benqueridos fillos, que ides ser ordenados presbíteros, debedes realizar, na parte que vos corresponde, a función de ensinar no nome de Cristo, o Mestre. Transmítide a todos a Palabra de Deus que tendes recibido con alegría. E ó meditar na lei do Señor, procurade cre-lo que ledes, ensina-lo que credes e practica-lo que ensinades.

Que a vosa ensinanza sexa mantenza para o pobo de Deus; que a vosa vida sexa un

alento para os discípulos de Cristo, de tal maneira que coa vosa palabra e o voso exemplo se vaia construíndo a casa, que é a Igrexa de Deus.

Tócovos tamén a función de santificar no nome de Cristo. Por medio do voso ministerio acada a súa plenitude o sacrificio espiritual dos fieis, vencello ó sacrificio de Cristo, que polas vosas mans será ofrecido sobre o altar na celebración incruenta. Decatádevos do que facedes e imitade o que celebrades, de tal maneira que, ó conmemora-lo misterio da morte e resurrección do Señor, vos esforcedes por facer morrer en vós o mal e tentedes camiñar nunha vida nova.

Ó enxerta-los homes no pobo de Deus polo bautismo, ó perdoa-los pecados no nome de Cristo e da Igrexa polo sacramento da penitencia, ó darlles ós enfermos o consolo do óleo santo, ó celebra-los ritos sagrados, ó ofrecer polo día a loanza, a acción de grazas e a oración non só polo pobo de Deus, senón polo mundo enteiro, lembrade que fostes escollidos entre os homes e postos ó servizo deles naquilo que pertence a Deus.

Cumpride, polo tanto, o ministerio de Cristo sacerdote, con ledicia e verdadeira caridade, buscando non a vosa gloria, senón a de Xesucristo.

Para rematar, ó exercer, na parte que vos toca, a función de Cristo, Cabeza e Pastor, permanecendo unidos baixo a dirección do Bispo, esforzádevos por xunta-los fieis nunha soa familia, de maneira que na unidade do Espírito Santo, por Cristo, poidades conducilos ó Pai. Tende sempre presente o exemplo do Bo Pastor, que non veu ser servido, senón servir e buscar e salva-lo que estaba perdido.

Promesas dos elixidos

124. Despois da homilía, namentres todos continúan sentados, os elixidos póñense en pé diante do Bispo, quen lles pregunta a todos a un tempo con estas palabras:

Benqueridos irmáns, antes de entrar na Orde dos presbíteros debedes amosar diante do pobo a vosa vontade de recibir este ministerio.

¿Estades dispostos a exercer sempre o ministerio sacerdotal no grao de presbíteros como bos colaboradores da Orde Episcopal, coidando o pobo do Señor e deixándovos guiar polo Espírito Santo?

Os elixidos, todos a un tempo, responden:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estades dispostos a realiza-lo ministerio da palabra, preparando a predicación do Evanxeo e a exposición da fe católica con dedicación e sabedoría?

Os elixidos:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estades dispostos a presidir con piedade e fidelidade a celebración dos misterios de Cristo, especialmente o sacrificio da Eucaristía e o sacramento da reconciliación, para loanza de Deus e santificación do pobo cristián, conforme á tradición da Igrexa?

Os elixidos:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estades dispostos a invocar connosco a misericordia divina, en favor do pobo que se vos vai encomendar, perseverando no mandato de orar sen desfalecer?

Os elixidos:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estades dispostos a unirvos cada día máis a Cristo, Sumo Sacerdote, que por nós se ofreceu ó Pai como vítima santa, e consagrarvos con El para a salvación dos homes?

Os elixidos:

Estou disposto coa axuda de Deus.

125. Despois, cada un dos elixidos achégase ó Bispo e, axeonllado diante del, pon as súas mans xuntas entre as mans do Bispo, a non ser que, de acordo coas Observacións xerais previas núm. 11., se establecese outra forma.

O Bispo pregúntalle ó elixido, dicindo, se é o seu Ordinario:

¿Prometes obediencia e respecto a min e ós meus sucesores?

O elixido:

Prometo.

Mais, se o Bispo non é o seu Ordinario, di:

¿Prometes obediencia e respecto ó teu Bispo?

O elixido:

Prometo.

Se o elixido é un relixioso, o Bispo di:

¿Prometes obediencia e respecto ó Bispo diocesano e ó teu Superior lexítimo?

O elixido:

Prometo.

O Bispo conclúe sempre:

Deus, que comezou en ti a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

Ladaíñas dos Santos

126. De seguido, érguense todos. O Bispo, deixando a mitra, de pé, coas mans xuntas e mirando para o pobo, fai a invitación:

Oremos, irmáns, a Deus Pai todopoderoso,
para que multiplique os seus dons
sobre estes elixidos para o ministerio dos presbíteros.

127. E axiña, os elixidos tómbanse no chan e cántanse as ladaíñas, respondendo todos; se é domingo ou tempo pascual os demais permanecen de pé; nos outros días póñense de xeonllos. Neste caso, o diácono di:

Poñámonos todos de xeonllos.

Nas ladaíñas pódense engadir, no lugar respectivo, outros nomes de santos, por exemplo, do Patrón, do Titular da igrexa, do Fundador, do Patrón dos que reciben a Ordenación ou algunhas invocacións máis axeitadas a cada circunstancia.

Entón, os cantores comezan as ladaíñas.

Señor, ten piedade.
Cristo, ten piedade.
Señor, ten piedade.
Santa María, Nai de Deus,
San Miguel,
Santos Anxos de Deus,
San Xoán Bautista,

Señor, ten piedade.
Cristo, ten piedade.
Señor, ten piedade.
roga por nós.
roga por nós.
rogade por nós.
roga por nós.

San Xosé,	roga por nós.
San Pedro e san Paulo,	rogade por nós.
Santo Andrés,	roga por nós.
Santiago,	roga por nós.
San Xoán,	roga por nós.
Santa María Madalena,	roga por nós.
Santo Estevo,	roga por nós.
Santo Ignacio de Antioquía,	roga por nós.
San Lourenzo,	roga por nós.
Santa Perpetua e santa Felicidade,	rogade por nós.
Santa Inés,	roga por nós.
San Gregorio,	roga por nós.
Santo Agostiño,	roga por nós.
Santo Atanasio,	roga por nós.
San Basilio,	roga por nós.
San Martiño,	roga por nós.
San Bieito,	roga por nós.
San Froilán,	roga por nós.
San Rosendo,	roga por nós.
San Paio,	roga por nós.
San Pedro de Mezonzo,	roga por nós.
San Telmo,	roga por nós.
San Francisco,	roga por nós.
San Domingos,	roga por nós.
San Francisco Xavier,	roga por nós.
San Francisco Blanco,	roga por nós.
San Xoán María Vianney,	roga por nos.
San Xoán de Ávila,	roga por nós.
Santa Catarina de Siena,	roga por nós.
San Xosé María Sanxurxo,	roga por nós.
Santa Teresa de Xesús,	roga por nós.
Tódolos Santos e Santas de Deus,	rogade por nós.
Senos propicio,	líbranos, Señor.
De todo mal,	líbranos, Señor.
De todo pecado,	líbranos, Señor.
Da morte eterna,	líbranos, Señor.
Pola túa encarnación,	líbranos, Señor.
Pola túa morte e resurrección,	líbranos, Señor.
Polo envío do Espírito Santo,	líbranos, Señor.
Nós que somos pecadores,	pedímosche que nos escoites.
Para que governes e consérve-la túa santa Igrexa,	pedímosche que nos escoites.
Para que asistas no teu servicio santo, o Papa e a tódolos membros do clero,	pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas estes elixidos,	pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas e santifiques estes elixidos,	pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas, santifiques e consagres estes elixidos,	

	pedímosche que nos escoites.
Para que concéda-la paz e a concordia a tódolos pobos da terra,	pedímosche que nos escoites.
Para que teñas misericordia de tódolos que sofren,	pedímosche que nos escoites.
Para que nos fortalezas e asistas no teu servicio santo,	pedímosche que nos escoites.
Xesús, Fillo de Deus vivo.	Pedímosche que nos escoites.
Cristo, óenos.	Cristo, óenos.
Cristo, escóitanos.	Cristo, escóitanos.

128. Rematadas as ladáñas, o Bispo ponse en pé, e coas mans abertas, di:

Escóitanos, Señor, noso Deus,
e verte sobre estes teus servidores
a bendición do Espírito Santo e a gracia sacerdotal,
para que manteñas na perpetua fartura do teu don
os que consagramos na túa presenza.
Por Cristo, noso Señor.

Todos: Amén.

O diácono, se é o caso, di:

Podedes erguervos.

E érguense todos.

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

129. Cada un dos elixidos achégase ó Bispo, que está en pé diante da sede coa mitra posta, e ponse de xeonllos diante del.

130. O Bispo impón en silencio as mans sobre a cabeza de cada un dos elixidos.

Logo, tódolos presbíteros presentes, revestidos de estola, impoñen en silencio as mans sobre cada un dos elixidos. Despois da imposición de mans, os presbíteros permanecen cerca do Bispo ata que remate a Pregaria da Ordenación, pero de modo que os fieis poidan ver ben a cerimonia.

131. Entón, axeonllados tódolos elixidos diante do Bispo, este, coas mans estendidas, di a Pregaria da Ordenación.

Escóitanos, Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
autor da dignidade humana

e dispensador de tódalas gracias,
que perfeccionas tódalas cousas
e todas consolidas.

Ti, para forma-lo pobo sacerdotal,
dispós nel os ministros de Cristo, o teu Fillo,
en ordes diversas,
pola forza do Espírito Santo.

Xa na Antiga Alianza,
os oficios establecidos fóronse perfeccionando
a través de signos santos:
cando a Moisés e a Arón,
elixidos para gobernar e santifica-lo pobo,
lles deches compañeiros de inferior orde e dignidade,
para que lles axudasen como colaboradores.

Así, no deserto,
multiplicáche-lo espírito de Moisés,
comunicándollelo ós setenta varóns prudentes
cos que gobernou o teu pobo
máis doadamente.

Así tamén transmitiches
ós fillos de Arón
a abondosa plenitude outorgada ós seus pais,
para que un número suficiente de sacerdotes conforme á Lei
ofrecese os sacrificios do santuario,
figura dos bens futuros.

Pero cando chegou a plenitude dos tempos, Pai santo,
mandaches ó mundo o teu Fillo, Xesús,
Apóstolo e Pontífice da fe que profesamos.
El, en virtude do Espírito Santo,
ofreceuse a ti como sacrificio sen mancha,
e fixo partícipes da súa misión os Apóstolos,
consagrados na verdade;
ós que lles deches compañeiros
para anunciar e realizar por todo o mundo
a obra da salvación.

Agora, Señor,
concede tamén ó meu humilde ministerio
estes colaboradores, moi necesarios,
para exercer con eles o sacerdocio dos Apóstolos.

**PEDÍMOSCHE, PAI TODOPODEROSO,
QUE CONFIRAS A ESTES TEUS SERVIDORES
A DIGNIDADE DO PRESBITERADO;**

RENOVA NOS SEUS CORAZÓN O ESPÍRITO DE SANTIDADE;
 RECIBAN DE TI O SACERDOCIO DE SEGUNDO GRAO
 E SEXAN, COA SÚA CONDUCTA,
 EXEMPLO DE VIDA.

Sexan sinceros cooperadores da Orde Episcopal,
 para que, coa súa predicación,
 a palabra do Evanxeo,
 pola gracia do Espírito Santo,
 fructifique no corazón dos homes
 e chegue a toda a terra.

Sexan connosco
 fieis dispensadores dos teus misterios,
 para que o teu pobo se renove
 co baño do novo nacemento,
 e se alimente do teu altar;
 e para que os pecadores sexan reconciliados
 e os enfermos aliviados.

Que, unidos a nós,
 supliquen, Señor, a túa misericordia
 a prol do pobo a eles confiado
 e de todo o mundo.

Así tódolos pobos, congregados en Cristo,
 formen o teu pobo santo,
 que se ha de realizar plenamente no teu Reino.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
 que vive e reina contigo
 na unidade do Espírito Santo
 e é Deus por sempre eternamente.

Todos: Amén.

Unción das mans e entrega do pan e do viño

132. Rematada a Pregaria da Ordenación, todos sentan. O Bispo pon a mitra. Os ordenados póñense en pé. Os presbíteros presentes volven ós seus lugares; pero algúns deles impoñenlle a cada un dos ordenados a estola segundo o modo presbiteral e revístenos coa casula.

133. Despois, o Bispo recibe o gremial e, oportunamente informado o pobo, unxe as palmas das mans de cada un dos ordenados, axeonllado diante del, e di:

Xesucristo, noso Señor,

a quen o Pai unxiu
 coa forza do Espírito Santo,
 che axude para santifica-lo pobo cristián
 e para ofrecer a Deus o sacrificio.

Despois o Bispo e os ordenados lavan as mans.

134. Mentres os ordenados visten a estola e a casula e o Bispo lles unxe as mans, cántase a antífona:

Cristo, o Señor, sacerdote para sempre conforme ó rito de Melquisédec,
 ofreceu pan e viño. (T.P. Aleluia).

co salmo 109 (110) ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 109 (110) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

Salmo 109 (110), 1-5.7

Palabra do Señor ó meu Señor:
 Séntate á miña dereita,
 mentres poño os teus inimigos
 por estrado dos teus pés.

(Repítese a antífona)

O Señor estenderá desde Sión
 o cetro do poder:
 domina nos teus inimigos.
 Ti es príncipe desde o día do teu nacemento,
 tes aura sagrada desde o seo;
 xereite coma orballo antes da aurora.

(Repítese a antífona)

O Señor xurouno, e non se arrepinte:
 Ti es sacerdote para sempre
 conforme ó rito de Melquisédec.

(Repítese a antífona)

O Señor, á túa dereita,
 esmaga os reis no día da súa ira.
 No camiño, beberá do torrente,
 por iso erguerá a cabeza.

(Repítese a antífona)

Non se di *Gloria ó Pai*. O salmo interrómpe e repítese unha vez a antífona cando tódolos ordenados recibiron a unción nas mans.

135. De seguido, algúns fieis presentan o pan sobre a patena e o cáliz con viño e auga, para a celebración da Misa. O Diácono recíbeos e lévallos ó Bispo, quen llos entrega nas mans a cada un dos ordenados, axeonllado diante del, dicindo:

Recibe a ofrenda do pobo santo
para lla presentares a Deus.
Ten en conta o que fas
e imita o que conmemoras,
e conforma a túa vida
co misterio da cruz do Señor.

136. Por fin, o Bispo dá a cada un dos ordenados o ósculo da paz, dicindo:

A paz contigo.

O ordenado responde:

E contigo tamén.

Se as circunstancias o permiten, os presbíteros presentes fan o mesmo.

137. Namentres, pódese canta-la antífona:

Vós sodes amigos meus,
se facedes canto eu vos mando,
di o Señor. (T.P. Aleluia).

co salmo 99 (100) ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 99 (100) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

Aclama ó Señor, terra enteira,
servide o Señor con alegría,
entrade á súa presenza con gritos de xúbilo.

(Repítese a antífona)

Sabede que o Señor é Deus,
que El nos fixo e que somos del,
que sómo-lo seu pobo,
as ovellas do seu rabaño.

(Repítese a antífona)

Entrade polas súas portas con loanzas,

polos seus adros con himnos,
celebrádeo e bendicidé o seu nome.

(Repítese a antífona)

Porque o Señor é agarimoso,
a súa piedade dura por sempre,
a súa fidelidade, de xeración en xeración.

(Repítese a antífona)

Non se di *Gloria ó Pai*. O salmo interrómpe e repítese unha vez a antífona cando o Bispo e os prebíteros rematen de darlle o ósculo ós ordenados.

138. A Misa segue coma sempre. Dise o Símbolo da fe segundo as rúbricas e omítese a Oración universal.

Liturxia eucarística

139. A liturxia eucarística conclébrase coma sempre, pero omítese a preparación do cáliz.

140. Nas Pregarias eucarísticas, o Bispo ou un dos presbíteros concelebrantes fai a memoria dos novos presbíteros conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise *Acolle, Señor*, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha tamén por estes teus fillos,
que te dignaches promover
á Orde do Presbiterado;
conserva neles e fai que fructifiquen co teu poder
os dons que recibiron da túa gracia.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras ... *ós que participamos no Corpo e no Sangue de Cristo*, engádese:

Lémbtrate, Señor, da túa Igrexa
estendida por toda a terra:
faina perfecta no amor,
xunto co noso Papa N. e co noso Bispo N.,
Lémbtrate tamén destes fillos teus
a quen hoxe quixeches constituír presbíteros da Igrexa,
e con tódolos pastores do teu pobo.

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras ... *lle traia a todo o mundo a paz e a salvación*, engádese:

Afirma na fe e no amor a túa Igrexa
mentres peregrina pola terra:
o teu servidor, o noso Papa N. e o noso Bispo N.,
a todo o Colexio Episcopal e estes fillos teus,
que hoxe foron ordenados presbíteros da Igrexa,
os sacerdotes e diáconos
e a todo o pobo que o teu Fillo redimiu.

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, despois das palabras ... *para loanza da túa gloria*, engádese:

E agora, Señor,
acórdate de todos aqueles
polos que che ofrecemos este sacrificio:
en primeiro lugar do noso Papa N.,
do noso Bispo N.,
e de todo o Colexio Episcopal;
destes fillos teus
que hoxe te dignaches elixir
para o servizo presbiteral do teu pobo;
acórdate dos sacerdotes e diáconos,
dos que presentan as súas ofrendas,
dos aquí reunidos,
de todo o teu pobo
e de cantos te buscan con boa fe.

141. Os pais e os familiares dos ordenados poden comungar baixo as dúas especies.
142. Rematada a distribución da Comunión, pódese cantar un canto de acción de grazas. Ó canto segue a oración despois da Comunión.

Rito de conclusión

143. No lugar da bendición acostumada, pódese usar a seguinte bendición solemne. O diácono pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Entón o Bispo, coas mans estendidas sobre os ordenados e o pobo, di a bendición:

O Deus que dirixe e goberna a Igrexa,
manteña a vosa intención
e fortaleza os vosos corazóns,

para que cumprades fielmente o ministerio presbiteral.

Todos: Amén.

Que El vos faga servidores e testemuñas no mundo
da verdade e do amor divino,
e ministros fieis da reconciliación.

Todos: Amén.

Que vos faga pastores verdadeiros
que distribúan a palabra da vida e o pan vivo,
para que os fieis crezan na unidade do corpo de Cristo.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

144. Dada a bendición e despedido o pobo polo diácono, todos volven á sancristía en procesión coma sempre.

RITO DA ORDENACIÓN DOS PRESBÍTEROS CANDO SE CONFIRE A UN SÓ

145. Canto se di nas Observacións, nn. 107-117, vale tamén para o Rito da Ordenación dos presbíteros, cando se confire a un só.

Ritos iniciais e Liturxia da palabra

146. Cando estea todo disposto comeza a procesión pola igrexa cara ó altar, coma de costume. Precede o Diácono que leva o libro dos Evanxeos cos outros diáconos, se os hai; ségueno o ordenando, os presbíteros concelebrantes; despois, o Bispo cos dous diáconos que o asisten, un pouco atrás. Ó chegaren ó altar, feita a debida reverencia, diríxense todos ós seus respectivos lugares.

Entrementres, entóase a antifona de entrada co seu salmo, ou algún canto axeitado.

147. Os ritos iniciais e a liturxia da palabra realízanse coma sempre ata o Evanxeo inclusive.

Ordenación

148. Rematado o Evanxeo comeza a Ordenación do presbítero.

O Bispo achégase á sede preparada para a Ordenación, e faise a presentación do elixido.

Presentación do elixido

149. O diácono chama polo ordenando dicindo:

Achéguese o que vai ser ordenado presbítero.

E nomeao; o chamado di:

Aquí estou.

E achegándose ó Bispo faille unha reverencia.

150. Situado o ordenando diante do Bispo, un presbítero designado polo Bispo, di:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa pide que ordenes presbítero este irmán noso.

O Bispo pregúntalle:

¿Sabes se é digno?

E el responde:

Segundo o parecer dos que o presentan, despois de consulta-lo pobo cristián, dou testemuño de que foi considerado digno.

O Bispo:

Co auxilio de Deus e de Xesucristo, noso Salvador, eliximos este irmán noso para a Orde dos presbíteros.

E todos din:

Deámoslle gracias a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, de acordo co que se di no núm. 11 a.

Homilía

151. De seguido o Bispo, estando todos sentados, fai a homilía, na que, partindo do texto das lecturas litúrxicas da Palabra, amoesta o clero, o pobo e o elixido sobre o ministerio dos presbíteros. Pode, tamén, falar deste ministerio coas seguintes ou parecidas palabras:

Benqueridos irmáns:

Agora que este noso fillo, voso familiar ou amigo, vai ser ordenado presbítero, convén repararmos con atención en que grao de ministerio recibe.

Aínda que de verdade todo o pobo santo de Deus é sacerdocio real en Cristo, sen embargo, o noso gran Sacerdote, Xesucristo, escolleu algúns discípulos que na Igrexa exercesen, no seu nome, o oficio sacerdotal para proveito dos homes. El mesmo, enviado polo Pai, enviou, á súa vez, os Apóstolos polo mundo, para proseguiren decote a súa obra de Mestre, Sacerdote e Pastor por medio deles e dos Bispos, seus sucesores. Os presbíteros son colaboradores dos Bispos, cos que en unidade de sacerdocio son chamados ó servicio do pobo de Deus.

Este irmán, despois de pensalo con seriedade, vai ser ordenado sacerdote na Orde dos presbíteros, para facer as veces de Cristo, Mestre, Sacerdote e Pastor, por quen a Igrexa se edifica e medra como pobo de Deus e templo santo.

Ó configurarse con Cristo, sumo e eterno Sacerdote, e unirse ó sacerdocio dos Bispos, a ordenación converterao en verdadeiro sacerdote do Novo Testamento, para pregoa-lo Evanxeo, guía-lo pobo de Deus e celebra-lo culto divino, sobre todo no sacrificio do Señor.

E ti, benquerido fillo, que vas ser ordenado presbítero, debes realizar, na parte que che corresponde, a función de ensinar no nome de Cristo, o Mestre. Transmite a todos a

Palabra de Deus que tes recibido con alegría. E ó meditar na lei do Señor, procura cre-lo que les e practica-lo que ensinas.

Que a túa ensinanza sexa mantenza para o pobo de Deus; que a túa vida sexa un alento para os discípulos de Cristo, de tal maneira que coa túa palabra e o teu exemplo se vaia construíndo a casa, que é a Igrexa de Deus.

Tócache tamén a función de santificar no nome de Cristo. Por medio do teu ministerio acadada a súa plenitude o sacrificio espiritual dos fieis vencellado ó sacrificio de Cristo, que polas túas mans será ofrecido sobre o altar na celebración incruenta. Decátate do que fas e imita o que celebras, de tal maneira que, ó conmemora-lo misterio da morte e resurrección do Señor, te esforces por facer morrer en ti o mal e tentes camiñar nunha vida nova.

Ó enxerta-los homes no pobo de Deus polo bautismo, ó perdoa-los pecados no nome de Cristo e da Igrexa polo sacramento da penitencia, ó darlles ós enfermos o consolo do óleo santo, ó celebra-los ritos sagrados, ó ofrecer polo día a loanza, a acción de gracias e a oración non só polo pobo de Deus, senón polo mundo enteiro, lembra que fuches escollido entre os homes e posto ó servicio deles nas cousas de Deus.

Cumpre, polo tanto, o ministerio de Cristo Sacerdote, con ledicia e verdadeira caridade, buscando non a túa gloria, senón a de Xesucristo.

Para rematar, ó exercer, na parte que che toca, a función de Cristo, Cabeza e Pastor, permanecendo unido baixo a dirección do Bispo, esfórzate por xunta-los fieis nunha soa familia, de maneira que na unidade do Espírito Santo, por Cristo, poidas conducilos ó Pai. Ten sempre presente o exemplo do Bo Pastor, que non veu ser servido, senón servir e buscar e salva-lo que estaba perdido.

Promesas do elixido

152. Despois da homilía, namentres todos continúan sentados, o elixido ponse en pé diante do Bispo, quen lle pregunta con estas palabras:

Benquerido irmán, antes de entrar na Orde dos presbíteros debes amosar diante do pobo a túa vontade de recibir este ministerio.

¿Estás disposto a exercer sempre o ministerio sacerdotal no grao de presbítero como bo colaborador da Orde Episcopal, coidando o pobo do Señor e deixándote guiar polo Espírito Santo?

O elixido responde:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estás disposto a realiza-lo ministerio da palabra, preparando a predicación do Evanxeo e a exposición da fe católica con dedicación e sabedoría?

O elixido:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estás disposto a presidir con piedade e fidelidade a celebración dos misterios de Cristo, especialmente o sacrificio da Eucaristía e o sacramento da reconciliación, para loanza de Deus e santificación do pobo cristián, conforme á tradición da Igrexa?

O elixido:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estás disposto a invocar connosco a misericordia divina, en favor do pobo que se che vai encomendar, perseverando no mandato de orar sen desfalecer?

O elixido:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estás disposto a unirte cada día máis a Cristo, Sumo Sacerdote, que por nós se ofreceu ó Pai como vítima santa, e consagrarte con El para a salvación dos homes?

O elixido:

Estou disposto, coa axuda de Deus.

153. Despois, o elixido achégase ó Bispo e, axeonllado diante del, pon as súas mans xuntas entre as mans do Bispo, a non ser que, de acordo coas Observacións xerais previas núm. 11, se establecese outra forma.

O Bispo pregúntalle ó elixido, dicindo, se é o seu Ordinario:

¿Prometes obediencia e respecto a min e ós meus sucesores?

O elixido:

Prometo.

Mais, se o Bispo non é o seu Ordinario, di:

¿Prometes obediencia e respecto ó teu Bispo?

O elixido:

Prometo.

Se o elixido é un relixioso, o Bispo di:

¿Prometes obediencia e respecto ó Bispo diocesano e ó teu Superior lexítimo?

O elixido:

Prometo.

O Bispo conclúe sempre:

Deus, que comezou en ti a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

Ladaíñas dos Santos

154. De seguido, érguense todos. O Bispo, deixando a mitra, de pe, coas mans xuntas e mirando cara o pobo, fai a invitación:

Oremos, irmáns, a Deus Pai todopoderoso,
para que multiplique os seus dons
sobre este elixido para o ministerio dos presbíteros.

155. E axiña, o elixido tómbase no chan e cántanse as ladaíñas, respondendo todos; se é domingo ou tempo pascual os demais permanecen de pé; nos outros días póñense de xeonllos. Neste caso, o diácono di:

Poñámonos todos de xeonllos.

Nas ladaíñas pódense engadir, no lugar respectivo, outros nomes de santos, por exemplo, do Patrón, do Titular da igrexa, do Fundador, do Patrón do que recibe a Ordenación ou algunhas invocacións máis axeitadas a cada circunstancia.

Entón, os cantores comezan as ladaíñas, cf. núm. 127; as invocacións sobre o elixido dinse en singular.

156. Rematadas as ladaíñas, o Bispo ponse en pé, e coas mans abertas, di:

Escóitanos, Señor, noso Deus,

e verte sobre este teu servidor
a bendición do Espírito Santo e a gracia sacerdotal,
para que manteñas na perpetua fartura do teu don
a quen consagramos na túa presenza.
Por Cristo, noso Señor.

Todos: Amén.

O diácono, se é o caso, di:

Podedes erguervos.

E érguense todos.

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

157. O elixido achégase ó Bispo, que está en pé diante da sede coa mitra posta, eponse de xeonllos diante del.

158. O Bispo impón en silencio as mans sobre a cabeza do elixido.

Logo, tódolos presbíteros presentes, revestidos de estola, impoñen en silencio as mans sobre o elixido. Despois da imposición de mans, os presbíteros permanecen cerca do Bispo ata que remate a Pregaria da Ordenación, pero de modo que os fieis poidan ver ben a cerimonia.

159. Entón, axeonllado o elixido diante do Bispo, este, coas mans estendidas, di a Pregaria da Ordenación.

Escóitanos, Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
autor da dignidade humana
e dispensador de tódalas grazas,
que perfeccionas tódalas cousas
e todas consolidas.
Ti, para forma-lo pobo sacerdotal,
dispós nel os ministros de Cristo, o teu Fillo,
en ordes diversas,
pola forza do Espírito Santo.

Xa na Antiga Alianza,
os oficios establecidos fóronse perfeccionando
a través de signos santos:
cando a Moisés e a Arón,
elixidos para gobernar e santifica-lo pobo,
lles deches compañeiros de inferior orde e dignidade,
para que lles axudasen como colaboradores.

Así, no deserto,
multiplicáche-lo espírito de Moisés,
comunicándollelo ós setenta varóns prudentes
cos que gobernou o teu pobo
máis doadamente.

Así tamén transmitiches
ós fillos de Arón
a abondosa plenitude outorgada ós seus pais,
para que un número suficiente de sacerdotes conforme á Lei
ofrecese os sacrificios do Santuario,
figura dos bens futuros.

Pero cando chegou a plenitude dos tempos, Pai santo,
mandaches ó mundo o teu Fillo, Xesús,
Apóstolo e Pontífice da fe que profesamos.
El, en virtude do Espírito Santo,
ofreceuse a ti como sacrificio sen mancha,
e fixo partícipes da súa misión os Apóstolos
consagrados na verdade;
ós que lles deches compañeiros
para anunciar e realizar por todo o mundo
a obra da salvación.

Agora, Señor,
concede tamén ó meu humilde ministerio
este colaborador, moi necesario,
para exercer con el o sacerdocio dos Apóstolos.

**PEDÍMOSCHE, PAI TODOPODEROSO,
QUE CONFIRAS A ESTE TEU SERVIDOR
A DIGNIDADE DO PRESBITERADO;
RENOVA NO SEU CORAZÓN O ESPÍRITO DE SANTIDADE;
RECIBA DE TI O SACERDOCIO DE SEGUNDO GRAO
E SEXA, COA SÚA CONDUCTA,
EXEMPLO DE VIDA.**

Sexa sincero cooperador da Orde Episcopal,
para que, coa súa predicación,
a palabra do Evanxeo,
pola gracia do Espírito Santo,
fructifique no corazón dos homes,
e chegue a toda a terra.

Sexa connosco
fiel dispensador dos teus misterios,
para que o teu pobo se renove

co baño do novo nacemento,
e se alimente do teu altar;
e para que os pecadores sexan reconciliados
e os enfermos aliviados.

Que, unido a nós,
suplique, Señor, a túa misericordia
a prol do pobo a el confiado
e de todo o mundo.

Así tódolos pobos, congregados en Cristo,
formen o teu pobo santo,
que se ha de realizar plenamente no teu Reino.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
e é Deus por sempre eternamente.

Todos: Amén.

Unción das mans e entrega do pan e do viño

160. Rematada a Pregaria da Ordenación, todos sentan. O Bispo pon a mitra. O ordenado ponse en pé. Os presbíteros presentes volven ós seus lugares; pero algún deles imponlle ó ordenado a estola segundo o modo presbiteral e revísteo coa casula.

161. Despois, o Bispo recibe o gremial e, oportunamente informado o pobo, unxe as palmas das mans do ordenado, axeonllado diante del, e di:

Xesucristo, noso Señor,
a quen o Pai unxiu
coa forza do Espírito Santo,
te axude para santifica-lo pobo cristián
e para ofrecer a Deus o sacrificio.

Despois o Bispo e o ordenado lavan as mans.

162. Mentres o ordenado viste a estola e a casula e o Bispo lle unxe as mans, cántase a antífona:

Cristo, o Señor, sacerdote para sempre conforme ó rito de Melquisédec,
ofreceu pan e viño. (T.P. Aleluia).

co salmo 109 (110): *Palabra do Señor ó meu Señor*, cf. núm. 134, ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 109

(110) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

163. De seguido, algúns fieis presentan o pan sobre a patena e o cáliz con viño e auga, para a celebración da Misa. O Diácono recíbeos e lévallos ó Bispo, quen llos entrega nas mans ó ordenado, axeonllado diante del, dicindo:

Recibe a ofrenda do pobo santo
para lla presentares a Deus.
Ten en conta o que fas
e imita o que conmemoras,
e conforma a túa vida
co misterio da cruz do Señor.

164. Por fin, o Bispo dá ó ordenado o ósculo da paz, dicindo:

A paz contigo.

O ordenado responde:

E contigo tamén.

Se as circunstancias o permiten, os presbíteros presentes fan o mesmo.

165. Namentres, pódese canta-la antífona:

Vós sodes amigos meus,
se facedes canto eu vos mando,
dice o Señor. (T.P. Aleluia).

co salmo 99 (100): *Aclama ó Señor, terra enteira*, cf. núm. 137, ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 99 (100) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

166. A Misa segue coma sempre. Dise o Símbolo da fe segundo as rúbricas e omítese a Oración universal.

Liturxia eucarística

167. A liturxia eucarística conclébrase coma sempre, pero omítese a preparación do cáliz.

168. Nas Pregarias eucarísticas, o Bispo ou un dos presbíteros concelebrantes fai a memoria do novo presbítero conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise *Acolle, Señor*, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros

e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha tamén por este teu fillo,
que te dignaches promover
á Orde do Presbiterado;
conserva nel e fai que fructifiquen co teu poder
os dons que recibiu da túa gracia.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras ... *ós que participamos no Corpo e no Sangue de Cristo*, engádese:

Lémbtrate, Señor, da túa Igrexa
estendida por toda a terra:
faina perfecta no amor,
xunto co noso Papa N. e co noso Bispo N.,
Lémbtrate tamén deste fillo teu
a quen hoxe quixeches constituír presbítero da Igrexa,
e con tódolos pastores do teu pobo.

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras ... *lle traia a todo o mundo a paz e a salvación*, engádese:

Afirma na fe e no amor a túa Igrexa
mentres peregrina pola terra:
o teu servidor, o noso Papa N. e o noso Bispo N.,
a todo o Colexio Episcopal e este fillo teu,
que hoxe foi ordenado presbítero da Igrexa,
os sacerdotes e diáconos
e a todo o pobo que o teu Fillo redimiu.

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, despois das palabras ... *para loanza da túa gloria*, engádese:

E agora, Señor,
acórdate de todos aqueles
polos que che ofrecemos este sacrificio:
en primeiro lugar do noso Papa N.,
do noso Bispo N.,
e de todo o Colexio Episcopal;
deste fillo teu
que hoxe te dignaches elixir
para o servizo presbiteral do teu pobo;
acórdate dos sacerdotes e diáconos,
dos que presentan as súas ofrendas,
dos aquí reunidos,
de todo o teu pobo
e de cantos te buscan con boa fe.

169. Os pais e os familiares do ordenado poden comungar baixo as dúas especies.

170. Rematada a distribución da Comuñón, pódese cantar un canto de acción de grazas. Ó canto segue a oración despois da Comuñón.

Rito de conclusión

171. No lugar da bendición acostumada, pódese usar a seguinte bendición solemne. O diácono pode facela invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibir a bendición.

Entón o Bispo, coas mans estendidas sobre o ordenado e o pobo, di a bendición:

O Deus que dirixe e goberna a Igrexa,
manteña a túa intención
e fortaleza o teu corazón,
para que cumpras fielmente o ministerio presbiteral.

Todos: Amén.

Que El te faga servidor e testemuña no mundo
da verdade e do amor divino,
e ministro fiel da reconciliación.

Todos: Amén.

Que te faga pastor verdadeiro
que distribúa a palabra da vida e o pan vivo,
para que os fieis crezan na unidade no corpo de Cristo.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

172. Dada a bendición e despedido o pobo polo diácono, todos volven á sancristía en procesión coma sempre.

CAPITULO III

ORDENACIÓN DOS DIÁCONOS

OBSERVACIÓNS

I

IMPORTANCIA DA ORDENACIÓN

173. Os diáconos ordénanse mediante a imposición das mans herdada dos Apóstolos, para que, pola gracia sacramental, exerzan con eficacia o seu ministerio. Por iso, xa desde os primeiros tempos dos Apóstolos, a Igrexa católica tivo en grande honor a sagrada Orde do diaconado.³⁹

174. “E oficio propio do diácono, segundo lle sexa asignado pola autoridade competente, administrar solemnemente o Bautismo, reservar e distribuí-la Eucaristía, asistir ó Matrimonio e bendicilo no nome da Igrexa, leva-lo Viático ós moribundos, le-la sagrada Escritura ós fieis, instituír e exhorta-ló pobo, presidi-lo culto e a oración dos fieis, administra-los sacramentais, presidi-lo rito dos funerais e da sepultura. Dedicados os diáconos ós oficios da caridade e da administración, recorden o aviso do benaventurado Policarpo: “Misericordiosos, dilixentes, procedendo conforme á verdade do Señor, que se fixo servidor de todos”.⁴⁰

175. Os que van ser ordenados de diáconos deben ser antes admitidos polo Bispo como candidatos, agás aqueles que están adscritos polos votos a un instituto clerical.⁴¹

176. Mediante a Ordenación de diácono acádase a incorporación ó estado clerical e a incardinación a unha diócese ou prelatura persoal.

177. Pola libre aceptación do celibato ante a Igrexa, os candidatos ó diaconado conságranse a Cristo dunha maneira nova. Están obrigados a amosalo publicamente aínda aqueles que teñan emitido o voto de castidade perpetua nun instituto relixioso.

178. Na celebración das Ordes encoméndase ó diácono a función da loanza divina na que a Igrexa pide a Cristo e, por el ó Pai, a salvación de todo o mundo; e así han de cumpri-la Liturxia

³⁹ Cf. Paulo VI, Carta apost. *Sacrum diaconatus Ordinem*, 18 de xuño, 1967: A.A.S. 59 (1967) 697-704.

⁴⁰ Conc. Vaticano II, Constitución dogm. sobre a Igrexa, *Lumen gentium*, n. 29.

⁴¹ Cf. Paulo VI, Carta apost. *Ad pascendum*, n. I: A.A.S. 64 (1972) 538; CIC, can. 1034.

das horas en favor de todo o pobo de Deus, aínda máis, de tódolos homes.

II

OFICIOS E MINISTERIOS

179. É propio de tódolos fieis da diócese acompañar coas súas oracións os candidatos ó diaconado. Isto ha de facerse sobre todo na oración universal da Misa e nas preces das Vésperas.

Como os diáconos “ordénanse ó servicio do Bispo”⁴², deben ser convidados á súa Ordenación os clérigos e outros fieis, de maneira que asistan á celebración o maior número posible. Han de ser convidados especialmente tódolos diáconos á celebración das Ordes.

180. O Bispo é o ministro da sagrada Ordenación. Un dos colaboradores do Bispo, delegado para a formación dos candidatos, ó celebra-la Ordenación pide no nome da Igrexa a colación da Orde e responde á pregunta sobre a dignidade dos candidatos.

Os diáconos axudan na celebración das Ordes, vestindo os ordenados cos ornamentos diaconais. Se non hai diáconos, outros ministros poden facer este cometido. Os diáconos ou polo menos algúns deles, saúdan co ósculo os irmáns acabados de ordenar como sinal de acollida no diaconado.

A CELEBRACIÓN DA ORDENACIÓN

181. Convén que a Igrexa local, ó servicio da cal se ordena cada un dos diáconos, se prepare para a celebración das Ordes.

Os mesmos candidatos han de prepararse coa oración en retiro facendo exercicios espirituais polo menos durante cinco días.

182. A Ordenación debe celebrarse na Igrexa catedral ou nas igrexas das comunidades das que son oriundos un ou máis dos candidatos, ou noutra igrexa de grande importancia. Se se van ordenar diáconos dalgunha comunidade relixiosa, pode facerse a Ordenación na igrexa da comunidade na que van exercer-lo seu ministerio.

183. Como o diaconado é un só, non convén que na celebración das Ordes se faga distinción ningunha por mor do estado dos candidatos. Sen embargo pode admitirse unha celebración especial para os candidatos casados ou para os non casados, se parece oportuno.

184. Ha de celebrarse a Ordenación coa asistencia do maior número posible de fieis en domingo ou en día festivo, a non ser que razóns pastorais aconsellen outra data. Pero nunca no

⁴² Hipólito, *Traditio Apostolica*, 8.

Triduo pascual, no Mércores de Cinsa, en toda a Semana Santa e na Conmemoración de tódolos Fieis defuntos.

185. A Ordenación ten lugar dentro da Misa estacional, unha vez rematada a liturxia da palabra e antes da liturxia eucarística. Pode empregarse a Misa ritual “Na que se confiren as sagradas Ordes”, agás nas Solemnidades, nos Domingos de Advento, na Coresma e Pascua, e nos días da oitava da Pascua. Nestes casos dise a Misa do día coas súas lecturas.

Pero noutros días, se non se di a Misa ritual, pódese tomar unha lectura das que se propoñen no Leccionario con esta finalidade.

A oración universal non se fai, pois as ladaíñas ocupan o seu lugar.

186. Pregado o Evanxeo, a Igrexa local pídelle ó Bispo que ordene os candidatos. O presbítero encargado informa ó Bispo que lle pregunta, ante o pobo, de que non existen dúbidas respecto dos candidatos. Estes, en presenza do Bispo e de tódolos fieis, mostran a vontade de cumprilo seu ministerio, conforme ós desexos de Cristo e da Igrexa baixo a autoridade do Bispo. Nas ladaíñas todos rogan a gracia de Deus a prol dos candidatos.

187. Pola imposición das mans do Bispo e a Pregaria da Ordenación, confíreselles ós candidatos o don do Espírito para a súa función diaconal. Estas son as palabras que pertencen á natureza do sacramento e que por iso se esixen para a validez do acto:

“Emitte in eos, Domine, quaesumus
Spiritus Sanctum,
quo in opus ministerii fideliter exsequendi
munere septiformis tuae gratiae roborantur”.

(“Manda sobre eles, Señor,
o Espírito Santo,
para que fortalecidos coa gracia dos teus sete dons
exerzan con fidelidade o seu ministerio”)⁴³.

188. Logo da Pregaria da Ordenación revístense os ordenados coa estola diaconal e coa dalmática para que se mostre visiblemente o ministerio que desde agora van exercer na liturxia.

Pola entrega do libro dos Evanxeos amósase a función diaconal de pregoa-lo Evanxeo nas celebracións litúrxicas e tamén de predica-la fe da Igrexa de palabra e de obra.

O Bispo co seu ósculo pon, en certa maneira, o selo á acollida dos diáconos no seu ministerio; os diáconos saúdan co ósculo os ordenados para o común ministerio na súa Orde.

189. Os ordenados exercen por primeira vez o seu ministerio na liturxia eucarística asistindo o Bispo, preparando o altar, distribuíndo a Comunión ós fieis e sobre todo servindo o cáliz e proclamando as monicións.

⁴³ Decretum Congregationis pro Cultu Divino et Disciplina Sacramentorum, 28 Martii 1990. - Prot. n. CD 1241/88.

AS COUSAS QUE HAI QUE PREPARAR

190. Ademais do necesario para a celebración da Misa estacional, deben prepararse:

- a) O Ritual das Ordes;
- b) estolas e dalmáticas para cada un dos ordenandos;

191. A Ordenación ha de facerse de seu na cátedra; mais se fose preciso para a participación dos fieis, prepárese a sede para o Bispo diante do altar ou noutro lugar máis axeitado.

As sedes para os ordenandos han de prepararse de maneira que os fieis poidan ver ben a acción litúrxica.

192. O Bispo e os presbíteros visten os ornamentos sagrados que se lles esixen a cada un para a celebración da Misa.

Os ordenandos levan amito, alba e cíngulo.

Os ornamentos han de ser da cor da Misa que se celebra ou, se non, da cor branca; tamén poden empregarse outros ornamentos festivos ou máis nobres.

RITO DA ORDENACION DOS DIÁCONOS

Ritos iniciais e Liturxia da palabra

193. Cando estea todo disposto comeza a procesión pola igrexa cara ó altar, coma de costume. Os ordenandos preceden ó Diácono que leva o libro dos Evanxeos que se usará na celebración. Séguenos os outros diáconos, se os hai, os presbíteros concelebrantes; despois, o Bispo cos dous diáconos que o asisten, un pouco atrás. Ó chegaren ó altar, feita a debida reverencia, diríxense todos ós seus respectivos lugares.

Entrementres, entóase a antifona de entrada co seu salmo, ou algún canto axeitado.

194. Os ritos iniciais e a liturxia da palabra realízanse coma sempre ata o Evanxeo inclusive.

195. Despois da lectura do Evanxeo, o diácono coloca de novo e con toda reverencia o libro dos Evanxeos sobre o altar, onde permanece ata o momento de entregalo ós ordenados.

Ordenación

196. Rematado o Evanxeo comeza a Ordenación dos diáconos.

O Bispo achégase á sede preparada para a Ordenación, e faise a presentación dos elixidos.

Presentación dos elixidos

197. Un diácono chama polos ordenandos dicindo:

Achegádevos os que ides ser ordenados diáconos.

E vains nomeando individualmente; cada un deles di:

Aquí estou.

E achegándose ó Bispo faille unha reverencia.

198. Estando todos situados diante do Bispo, un presbítero designado polo Bispo, di:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa pide que ordenes diáconos estes irmáns nosos.

O Bispo pregúntalle:

¿Sabes se son dignos?

E el responde:

Segundo o parecer dos que os presentan, despois de consulta-lo pobo cristián, dou tetemuño de que foron considerados dignos.

O Bispo:

Co auxilio de Deus e de Xesucristo, noso Salvador, eliximos estes irmáns nosos para a Orde dos diáconos.

E todos din:

Deámoslle gracias a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, de acordo co que se di no núm. 11 a.

Homilía

199. De seguido o Bispo, estando todos sentados, fai a homilía, na que, partindo do texto das lecturas da liturxia da palabra, amoesta o clero, o pobo e os elixidos sobre o ministerio dos diáconos, tendo en conta a condición dos ordenandos, segundo se trate de elixidos casados e non casados, ou de elixidos non casados soamente, ou unicamente de elixidos casados. Pode, pois, falar deste ministerio coas seguintes ou parecidas palabras:

Benqueridos irmáns:

Agora que estes nosos fillos, entre os que tendes familiares e amigos, van ser ordenados diáconos, convén repararmos con atención en que grao de ministerio reciben.

Fortalecidos co don do Espírito Santo, axudaranlle ó Bispo e ó seu presbiterio no ministerio da palabra, do altar e da caridade, mostrándose servidores de todos. Como ministros do altar, pregoan o Evanxeo, preparan o sacrificio e reparten ós fieis o Corpo e o Sangue do Señor.

Ademais, mandados polo Bispo exhortan tanto os fieis coma os infieis ensinándolle-la doutrina santa; presiden as oracións, administran o bautismo, asisten e bendicen o matrimonio, levan o viático ós moribundos e presiden os ritos exequiais.

Consagrados pola imposición das mans que foi herdada dos Apóstolos, e vencellados ó servizo do altar, exercerán o ministerio da caridade no nome do Bispo ou do párroco. Coa axuda de Deus han de traballar de tal maneira que recoñezades neles os verdadeiros discípulos daquel que non veu ser servido, senón servir.

E a vós, benqueridos fillos, que ides ser ordenados diáconos, o Señor deuvos exemplo, para que como fixo el, fagades tamén vos.

Na vosa condición de diáconos, é dicir, de ministros de Xesucristo, que se mostrou

servidor entre os discípulos, servide con amor e alegría tanto a Deus coma ós homes, seguindo gustosamente a vontade de Cristo. E coma ninguén pode servir a dous señores, tede presente que toda impureza ou avaricia é servidume dos ídolos.

Se son ordenados simultaneamente elixidos casados e non casados:

Ó accederen libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén vós debedes dar testemuño do ben, cheos do Espírito Santo e de sabedoría.

Os que de entre vós van exercer-lo ministerio, observando o celibato, debedes ter presente que o celibato será para vós símbolo e, ó mesmo tempo, estímulo do voso amor pastoral e fonte peculiar de fecundidade apostólica no mundo. Movidos por un amor sincero a Xesucristo, o Señor, e vivindo neste estado cunha total entrega, resultaravos máis doado consagrarvos a Cristo sen dividi-lo corazón; serviredes a Deus e ós homes máis libremente e, con maior facilidade, seredes ministros da obra da rexeneración sobrenatural.

Constituídos ou non no celibato, teredes por raíz e cimento a fe. Mostrádevos sen mancha e irreprochables diante de Deus e diante dos homes, segundo convén ós ministros de Cristo e ós dispensadores dos santos misterios. Non vos deixedes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debedes non soamente escoitar, senón ademais servir. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostrade nas vosas obras a palabra de Deus que proclamades para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e vós, no derradeiro día, poidades saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

Se son ordenados soamente elixidos non casados:

Ó accederen libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén vós debedes dar testemuño do ben, cheos do Espírito Santo e de sabedoría.

Exerceréde-lo voso ministerio, observando o celibato: debedes ter presente que o celibato será para vós símbolo e, ó mesmo tempo, estímulo do voso amor pastoral e fonte peculiar de fecundidade apostólica no mundo. Movidos por un amor sincero a Xesucristo, o Señor, e vivindo neste estado cunha total entrega, resultaravos máis doado consagrarvos a Cristo sen dividi-lo corazón; serviredes a Deus e ós homes mais libremente e, con maior facilidade, seredes ministros da obra da rexeneración sobrenatural.

Teredes por raíz e cimento a fe. Mostrádevos sen mancha e irreprochables diante de Deus e diante dos homes, segundo convén ós ministros de Cristo e ós dispensadores dos santos misterios. Non vos deixedes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debedes non soamente escoitar, senón ademais servir. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostrade nas vosas obras a palabra de Deus que proclamades para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e vós, no derradeiro día, poidades saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

Se son ordenados soamente elixidos casados:

Ó accederen libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén vós debedes dar testemuño do ben, cheos do Espírito Santo e de sabedoría.

Teredes por raíz e cimento a fe. Mostrádevos sen mancha e irreprochables diante de Deus e diante dos homes, segundo convén ós ministros de Cristo e ós dispensadores dos santos misterios. Non vos deixedes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debedes non soamente escoitar, senón ademais servir. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostrade nas vosas obras a palabra de Deus que proclamades para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e vós, no derradeiro día, poidades saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

Promesas dos elixidos

200. Despois da homilía, namentres todos continúan sentados, os elixidos póñense en pé diante do Bispo, quen lles pregunta a todos a un tempo con estas palabras:

Benqueridos irmáns, antes de entrardes na Orde dos diáconos debedes amosar diante do pobo a vosa vontade de recibir este ministerio.

¿Queredes consagrarvos ó servizo da Igrexa pola imposición das miñas mans e a gracia do Espírito Santo?

Os elixidos, todos a un tempo, responden:

Quero.

O Bispo:

¿Queredes exercer, con humildade e amor, o ministerio dos diáconos como colaboradores da Orde Sacerdotal e en proveito do pobo cristián?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo:

¿Queredes vivi-lo misterio da fe, como di o Apóstolo, con alma limpa e, tanto de palabra coma de obra, pregoa-la fe segundo o Evanxeo e a tradición da Igrexa?

Os elixidos:

Quero.

O seguinte interrogatorio ha de facerse incluso ós relixiosos profesos. Pero omítese se soamente se ordenan elixidos casados.

O Bispo:

Os que estades preparados para abraza-lo celibato: ¿Prometedes diante de Deus e diante da Igrexa, como sinal da vosa consagración a Cristo, observar durante toda a vosa vida o celibato polo Reino dos ceos para servicio de Deus e dos homes?

Os elixidos non casados responden:

Prometo.

O Bispo:

¿(Vós todos,) queredes conservar e acrecenta-lo espírito de oración, tal como é propio do voso ministerio, e fieis a este espírito, celebra-la Liturxia das horas, segundo a vosa condición, xunto con todo o pobo de Deus e para ben del e de todo o mundo?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo:

¿Queredes imitar sempre na vosa vida o exemplo de Cristo, vos que no altar serviréde-lo seu Corpo e o seu Sangue?

Os elixidos:

Quero, coa axuda de Deus.

201. Despois, cada un dos elixidos achégase ó Bispo e, axeonllado diante del, pon as súas mans xuntas entre as mans do Bispo, a non ser que, de acordo coas Observacións xerais previas núm. 11, se establecese outra forma.

O Bispo pregúntalle ó elixido, dicindo, se é o seu Ordinario:

¿Prometes obediencia e respecto a min e ós meus sucesores?

O elixido:

Prometo.

 Mais, se o Bispo non é o seu Ordinario, di:

¿Prometes obediencia e respecto ó teu Bispo?

O elixido:

Prometo.

Se o elixido é un relixioso, o Bispo di:

¿Prometes obediencia e respecto ó Bispo diocesano e ó teu Superior?

O elixido:

Prometo.

O Bispo conclúe sempre:

Deus, que comezou en ti a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

Ladaíñas dos Santos

202. De seguido, érguense todos. O Bispo, deixando a mitra, de pé, coas mans xuntas e mirando para o pobo, fai a invitación:

Oremos, irmáns, a Deus Pai todopoderoso,
para que verta abondosamente a gracia da súa bendición
sobre estes seus servidores que se dignou chamar á sagrada Orde dos diáconos.

203. E axiña, os elixidos tómbanse no chan e cántanse as ladaíñas, respondendo todos; se é domingo ou tempo pascual os demais permanecen de pé; nos outros días póñense de xeonllos. Neste caso, o diácono di:

Poñámonos todos de xeonllos.

Nas ladaíñas pódense engadir, no lugar respectivo, outros nomes de santos, por exemplo, do Patrón, do Titular da igrexa, do Fundador, do Patrón dos que reciben a Ordenación ou algunhas invocacións máis axeitadas a cada circunstancia.

Entón, os cantores comezan as ladaíñas.

Señor, ten piedade.
Cristo, ten piedade.
Señor, ten piedade.

Señor, ten piedade.
Cristo, ten piedade.
Señor, ten piedade.

Santa María, Nai de Deus,	roga por nós.
San Miguel,	roga por nós.
Santos Anxos de Deus,	rogade por nós.
San Xoán Bautista,	roga por nós.
San Xosé,	roga por nós.
San Pedro e san Paulo,	rogade por nós.
Santo Andrés,	roga por nós.
Santiago,	roga por nós.
San Xoán,	roga por nós.
Santa María Madalena,	roga por nós.
Santo Estevo,	roga por nós.
Santo Ignacio de Antioquía,	roga por nós.
San Lourenzo,	roga por nós.
San Vicenzo,	roga por nós.
Santa Perpetua e santa Felicidade,	rogade por nós.
Santa Inés,	roga por nós.
San Gregorio,	roga por nós.
Santo Agostiño,	roga por nós.
Santo Atanasio,	roga por nós.
San Basilio,	roga por nós.
San Efrén,	roga por nós.
San Martiño,	roga por nós.
San Bieito,	roga por nós.
San Froilán,	roga por nós.
San Rosendo,	roga por nós.
San Paio,	roga por nós.
San Pedro de Mezonzo,	roga por nós.
San Telmo,	roga por nós.
San Francisco,	roga por nós.
San Domingos,	roga por nós.
San Francisco Xavier,	roga por nós.
San Francisco Blanco,	roga por nós.
San Xoán María Vianney,	roga por nos.
San Xoán de Avila,	roga por nós.
Santa Catarina de Siena,	roga por nós.
San Xosé María Sanxurxo,	roga por nós.
Santa Teresa de Xesús,	roga por nós.
Tódolos Santos e Santas de Deus,	rogade por nós.
Senos propicio,	líbranos, Señor.
De todo mal,	líbranos, Señor.
De todo pecado,	líbranos, Señor.
Da morte eterna,	líbranos, Señor.
Pola túa encarnación,	líbranos, Señor.
Pola túa morte e resurrección,	líbranos, Señor.
Polo envío do Espírito Santo,	líbranos, Señor.
Nós que somos pecadores,	pedímosche que nos escoites.
Para que governes e consérve-la túa santa Igrexa,	pedímosche que nos escoites.

Para que asistas no teu servicio santo, o Papa e a tódolos membros do clero,
pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas estes elixidos, pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas e santifiques estes elixidos,
pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas, santifiques e consagres estes elixidos,
pedímosche que nos escoites.
Para que concéda-la paz e a concordia a tódolos pobos da terra,
pedímosche que nos escoites.
Para que teñas misericordia de tódolos que sofren,
pedímosche que nos escoites.
Para que nos fortalezas e asistas no teu servicio santo,
pedímosche que nos escoites.
Xesús, Fillo de Deus vivo. Pedímosche que nos escoites.
Cristo, óenos. Cristo, óenos.
Cristo, escóitanos. Cristo, escóitanos.

204. Rematadas as ladañas, o Bispo ponse en pé, e coas mans abertas, di:

Señor, noso Deus, escoita clemente as nosas preces.
Confirma coa túa bondadosa axuda
o ministerio que realizamos;
santifica coa túa bendición estes
que xulgamos dignos de dedicar
ó servicio dos santos ministerios.
Por Xesucristo, noso Señor.

Todos: Amén.

O diácono, se é o caso, di:

Podedes erguervos.

E érguense todos.

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

205. Cada un dos elixidos achégase ó Bispo, que está en pé diante da sede coa mitra posta, e ponse de xeonllos diante del.

206. O Bispo impón en silencio as mans sobre a cabeza de cada un dos elixidos.

207. Entón, axeonllados tódolos elixidos diante do Bispo, este sen mitra, coas mans estendidas, di a Pregaria da Ordenación.

Escóitanos,

Deus todopoderoso.
Ti que distribúe-los dons,
dispo-las responsabilidades
e repárte-los ministerios.
Ti, inmutable en ti mesmo,
renóvalo todo
e, na túa eterna providencia,
telo todo previsto.
Ti concedes en cada intre o que convén a cada un,
por Xesucristo, teu Fillo e Señor noso,
que é a túa palabra, a túa forza e a túa sabedoría.

Ti fas medra-la Igrexa, corpo de Cristo,
e esténdela por toda a terra,
edificándoa coma novo templo da túa gloria;
distínguela con variedade de dons,
estructúrala na diversidade dos seus membros
e unifícala de modo admirable polo Espírito Santo.

Así determinaches, Señor,
que houbera tres ordes de ministros
para o teu servico,
da mesma maneira que na antiga alianza
escolleira-los fillos de Leví
para que servisen no ministerio do antigo templo.

Dunha maneira semellante,
nos comezos da Igrexa,
os apóstolos do teu Fillo,
movidos polo Espírito Santo,
escoleron como axudantes seus
no servico cotián,
sete varóns, tidos por fieis testemuñas do Señor.
A estes, mediante a oración
e a imposición das mans
encomendáronlle-lo servico dos pobres,
para eles se poderen entregar máis de cheo
á oración e ó ministerio da palabra.

Pedímosche, pois, Señor,
que mires tamén con bondade
estes teus servidores,
que pola miña oración
consagro para a Orde do diaconado
e para o servico do altar.

**MANDA SOBRE ELES, SEÑOR,
O ESPÍRITO SANTO,**

PARA QUE FORTALECIDOS
COA GRACIA DOS TEUS SETE DONOS
EXERZAN CON FIDELIDADE O SEU MINISTERIO.

Abonde na súa vida a virtude evanxélica:
o amor verdadeiro,
o coidado dos enfermos e dos pobres,
a autoridade temperada,
a pureza sen chata
e a disciplina dunha vida conforme ó Espírito.

Que os teus mandamentos, Señor,
se vexan reflectidos na súa vida,
e que o exemplo da súa conducta
promova a imitación do pobo santo;
que sostidos
polo testemuño da súa boa conciencia,
perseveren rexos e constantes en Cristo,
de tal maneira que imitando na terra ó teu Fillo,
que non veu ser servido, senón servir,
merezan reinar con El no ceo.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
e é Deus por sempre eternamente.

Todos: Amén.

Entrega do libro dos Evanxeos

208. Rematada a Pregaria da Ordenación, todos sentan. O Bispo pon a mitra. Os ordenados pónense en pé e algúns diáconos ou outros ministros impóñenlle a cada un dos ordenados a estola segundo o modo diaconal e revístenos coa dalmática.

209. Mentres, pódese canta-la antífona:

Ditosos os que habitan na túa casa, Señor. (T.P. Aleluia).

co salmo 83 (84) ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 83 (84) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

Salmo 83 (84)

¡Que desexables son as túas moradas,

Señor do universo!
A miña alma ten saudade,
devece polos teus adros;
o meu corazón e todo o meu corpo
reloucan polo Deus vivo.

(Repítese a antífona)

Mesmo o paxaro atopou unha casa,
a andoriña un niño,
onde poñe-las súas crías:
Os teus altares, Señor dos exércitos,
meu rei e meu Deus.

(Repítese a antífona)

Ditosos os que habitan na túa casa
e decote te loan.
Ditoso o que atopa a forza en ti
cando planea a súa peregrinación.

(Repítese a antífona)

Ó pasaren polo val árido,
trócano en oasis
e a chuvia primeira cóbreo de bens.
Atravesan de forte en forte,
ata veren a Deus en Sión.

(Repítese a antífona)

Señor, Deus dos exércitos,
oe a miña súplica,
escoita, Deus de Xacob.
Repara, Deus, no noso Escudo,
mira o rostro do teu Unxido.

(Repítese a antífona)

Un día nos teus adros vale por máis de mil:
eu prefiro o limiar da casa do meu Deus
que habitar na tenda dos malvados.

(Repítese a antífona)

O Señor é sol e escudo,
o Señor outorga gloria e favor.
Non nega ben ningún

ós que camiñan na inocencia.

(Repítese a antífona)

Señor, Deus omnipotente,
ditoso quen en ti confía.

(Repítese a antífona)

Non se di *Gloria ó Pai*. O salmo interrómpe e repítese unha vez a antífona cando tódolos ordenados recibiron a unción nas mans.

210. Cada un dos ordenados, vestidos coas vestiduras diaconais, achégase ó Bispo e axeónllase diante del. O bispo entrégalle nas mans a cada un o libro dos Evanxeos e di:

Recibe o Evanxeo de Xesucristo,
do que fuches constituído mensaxeiro;
converte en fe viva o que les,
ensina o que cres
e cumpre aquilo que ensinaches.

211. Por fin, o Bispo dá a cada un dos ordenados o ósculo da paz, dicindo:

A paz contigo.

O ordenado responde:

E contigo tamén.

Se as circunstancias o permiten, os diáconos presentes fan o mesmo.

212. Namentres, pódese canta-la antífona:

Se alguén me serve,
hao honra-lo Pai, que está nos ceos,
di o Señor. (T.P. Aleluia).

co salmo 145 ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona.

Salmo 145

Loa, miña alma, o Señor.
Loarei o Señor mentres viva,
cantareille ó meu Deus mentres exista.

(Repítese a antífona)

Non confiedes nos potentes,

humanos que non poden salvar.
Vaise deles o alento, e retornan á terra,
e con eles esvaecen os seus proxectos.

(Repítese a antífona)

Feliz o que encontra auxilio no Deus de Xacob,
e esperanza no Señor, o seu Deus,
que fixo o ceo e maila terra,
o mar e todo o que conteñen.

(Repítese a antífona)

El garda por sempre a súa fidelidade:
failles xustiza ós oprimidos
e dálles pan ós famentos.

(Repítese a antífona)

O Señor libra os cativos,
o Señor abre os ollos dos cegos,
o Señor endereita os dobrados,
o Señor ama os xustos.

(Repítese a antífona)

O Señor protexe os forasteiros,
sostén os orfos e as viúvas,
extravía os camiños dos malvados.

(Repítese a antífona)

O Señor reina eternamente,
o teu Deus, Sión, por xeracións e xeracións.

(Repítese a antífona)

Non se di *Gloria ó Pai*. O salmo interrómtese e repítese unha vez a antífona cando o Bispo e os diáconos rematen de darlles o ósculo ós ordenados.

213. A Misa segue coma sempre. Dise o Símbolo da fe segundo as rúbricas e omítese a oración universal.

Liturxia eucarística

214. Nas Pregarias eucarísticas faise a memoria dos novos diáconos conforme a estas

fórmulas:

a) No Canon romano, dise *Acolle, Señor*, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha tamén por estes teus fillos,
que te dignaches promover
á Orde do diaconado;
conserva neles e fai que fructifiquen co teu poder
os dons que recibiron da túa gracia.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras ... *ós que participamos no Corpo e no Sangue de Cristo*, engádese:

Lémbtrate, Señor, da túa Igrexa
estendida por toda a terra:
faina perfecta no amor,
xunto co noso Papa N. e co noso Bispo N.,
Lémbtrate tamén destes fillos teus
a quen hoxe quixeches constituír ministros da Igrexa,
e de tódolos pastores do teu pobo.

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras ... *lle traia a todo o mundo a paz e a salvación*, engádese:

Afirma na fe e no amor a túa Igrexa
mentres peregrina pola terra:
o teu servidor, o noso Papa N. e o noso Bispo N.,
a todo o Colexio Episcopal, os sacerdotes
e estes fillos teus,
que hoxe foron ordenados ministros da Igrexa,
os demais diáconos
e a todo o pobo que o teu Fillo redimiu.

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, despois das palabras ... *para loanza da túa gloria*, engádese:

E agora, Señor,
acórdate de todos aqueles
polos que che ofrecemos este sacrificio:
en primeiro lugar do noso Papa N.,
do noso Bispo N.,
e de todo o Colexio Episcopal;
acórdate dos sacerdotes e destes fillos teus
que hoxe te dignaches elixir
para o servizo diaconal do teu pobo;

dos demais diáconos,
 dos que presentan as súas ofrendas,
 dos aquí reunidos,
 de todo o teu pobo
 e de cantos te buscan con boa fe.

215. Os pais e os familiares dos ordenados poden comungar baixo as dúas especies.
216. Algúns dos diáconos que acaban de ordenarse axudan ó Bispo na distribución da comunión ós fieis, sobre todo coma ministros do cáliz.
217. Rematada a distribución da Comunión, pódese cantar un canto de acción de grazas. Ó canto segue a oración despois da Comunión.

Rito de conclusión

218. No lugar da bendición acostumada, pódese usa-la seguinte bendición solemne. O diácono pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Entón o Bispo, coas mans estendidas sobre os ordenados e o pobo, di a bendición:

O Deus que vos chamou para o servicio dos homes
 na súa Igrexa,
 vos conceda unha gran solicitude con todos,
 especialmente cos pobres e aflixidos.

Todos: Amén.

El que vos confiou
 a misión de predica-lo Evanxeo de Cristo,
 vos axude a vivir segundo a súa palabra
 para que sexáde-las súas testemuñas convincentes e sinceras.

Todos: Amén.

E El, que vos fixo dispensadores dos seus sacramentos,
 vos conceda ser imitadores do seu Fillo Xesucristo
 para ser no mundo ministros de unidade e de paz.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos
 vos bendiga Deus todopoderoso:
 Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

219. Dada a bendición e despedido o pobo polo diácono, todos volven á sancristía en procesión coma sempre.

RITO DA ORDENACIÓN DO DIÁCONO CANDO SE CONFIRE A UN SÓ

220. Canto se di nas Observacións, nn. 181-192 vale tamén para o Rito da Ordenación de diáconos cando se confire a un só.

Ritos iniciais e Liturxia da palabra

221. Cando estea todo disposto comeza a procesión pola igrexa cara ó altar, coma de costume. O ordenando precede ó Diácono que leva o libro dos Evanxeos que se usará na celebración. Séguenos os outros diáconos, se os hai, os presbíteros concelebrantes; despois, o Bispo cos dous diáconos que o asisten, un pouco atrás. Ó chegaren ó altar, feita a debida reverencia, diríxense todos ós seus respectivos lugares.

Entrementres, entóase a antifona de entrada co seu salmo, ou algún canto axeitado.

222. Os ritos iniciais e a liturxia da palabra realízanse coma sempre ata o Evanxeo inclusive.

223. Despois da lectura do Evanxeo, o diácono coloca de novo e con toda reverencia o libro dos Evanxeos sobre o altar, onde permanece ata o momento de entregalo ó ordenado.

Ordenación

224. Rematado o Evanxeo comeza a Ordenación do diácono.

O Bispo achégase á sede preparada para a Ordenación, e faise a presentación do elixido.

Presentación do elixido

225. Un diácono chama polo ordenando dicindo:

Achéguese o que vai ser ordenado diácono.

E inmediatamente chámao polo seu nome; o chamado di:

Aquí estou.

E achegándose ó Bispo faille unha reverencia.

226. Estando o ordenando situado de pé diante do Bispo, un presbítero designado polo Bispo, di:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa pide que ordenes diácono este irmán noso.

O Bispo pregúntalle:

¿Sabes se é digno?

E el responde:

Segundo o parecer dos que o presentan, despois de consulta-lo pobo cristián, dou testemuño de que foi considerado digno.

O Bispo:

Co auxilio de Deus e de Xesucristo, noso Salvador, eliximos este irmán noso para a Orde dos diáconos.

E todos din:

Deámoslle gracias a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, de acordo co que se di no núm. 11 a.

Homilía

227. De seguido o Bispo, estando todos sentados, fai a homilía, na que, partindo do texto das lecturas da liturxia da palabra, amoesta o clero, o pobo e o elixido sobre o ministerio dos diáconos, tendo en conta a condición do ordenando, segundo se trate dun elixido casado ou dun elixido non casado. Pode, pois, falar deste ministerio coas seguintes ou parecidas palabras:

Benqueridos irmáns:

Agora que este noso fillo, do que moitos de vós sodes familiares e amigos, vai ser ordenado diácono, convén repararmos con atención en que grao de ministerio recibe.

Fortalecido co don do Espírito Santo, axudará ó Bispo e ó seu presbiterio no ministerio da palabra, do altar e da caridade, mostrándose servidor de todos. Como ministro do altar, pregoa o Evanxeo, prepara o sacrificio e reparte ós fieis o Corpo e o Sanguie do Señor.

Ademais, mandado polo Bispo exhorta tanto os fieis coma os infieis ensinándolle-la doutrina santa; preside as oracións, administra o bautismo, asiste e bendice o matrimonio, leva o viático ós moribundos e preside os ritos exequiais.

Consagrado pola imposición das mans que foi herdada dos Apóstolos, e vencellado ó servicio do altar, exercerá o ministerio da caridade no nome do Bispo ou do párroco. Coa axuda de Deus ha de traballar de tal maneira que recoñezades nel o verdadeiro discípulo daquel que non veu ser servido, senón servir.

E a ti, benquerido fillo, que vas ser ordenado diácono, o Señor deuche exemplo, para que como fixo el, fagas tamén ti.

Na túa condición de diácono, é dicir, de ministro de Xesucristo, que se mostrou servidor entre os discípulos, sirve con amor e alegría tanto a Deus coma ós homes, seguindo gustosamente a vontade de Cristo. E coma ninguén pode servir a dous señores, ten presente que toda impureza ou avaricia é servidume dos ídolos.

Se é ordenado un elixido non casado:

Ó acceder libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén ti debes dar testemuño do ben, cheo do Espírito Santo e de sabedoría.

Exercera-lo teu ministerio, observando o celibato: debes ter presente que o celibato será para ti símbolo e, ó mesmo tempo, estímulo do teu amor pastoral e fonte peculiar de fecundidade apostólica no mundo. Movido por un amor sincero a Xesucristo, o Señor, e vivindo neste estado cunha total entrega resultarache máis doado consagrarte a Cristo sen dividi-lo corazón; servirás a Deus e ós homes máis libremente e, con maior facilidade, serás ministro da obra da rexeneración sobrenatural.

Terás por raíz e cimento a fe. Móstrate sen mancha e irreprochable diante de Deus e diante dos homes, segundo convén a un ministro de Cristo e a un dispensador dos santos misterios. Non te deixes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debes non soamente escoitar, senón ademais servir. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostra nas túas obras a palabra que proclamas para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e ti, no derradeiro día, poidas saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

Se é ordenado un elixido casado:

Ó acceder libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén ti debes dar testemuño do ben, cheo do Espírito Santo e de sabedoría.

Terás por raíz e cimento a fe. Móstrate sen mancha e irreprochable diante de Deus e diante dos homes, segundo convén a un ministro de Cristo e a un dispensador dos santos misterios. Non te deixedes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debes non soamente escoitar, senón ademais servir. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostra nas túas obras a palabra que proclamas para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e ti, no derradeiro día, poidas saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

Promesas do elixido

228. Despois da homilía, namentres todos continúan sentados, o elixido ponse en pé diante do Bispo, quen lle pregunta con estas palabras:

Benquerido fillo, antes de entrar na Orde dos diáconos debes amosar diante do pobo a túa vontade de recibir este ministerio.

¿Queres consagrarte ó servicio da Igrexa pola imposición das miñas mans e a gracia do Espírito Santo?

O elixido responde:

Quero.

O Bispo:

¿Queres exercer, con humildade e amor, o ministerio dos diáconos como colaborador da Orde Sacerdotal e en proveito do pobo cristián?

O elixido:

Quero.

O Bispo:

¿Queres vivi-lo misterio da fe, como di o Apóstolo, con alma limpa e, tanto de palabra coma de obra, pregoa-la fe segundo o Evanxeo e a tradición da Igrexa?

O elixido:

Quero.

O seguinte interrogatorio ha de facerse incluso a un relixioso profeso. Pero omítese se é ordenado un elixido casado.

O Bispo:

¿Prometes diante de Deus e diante da Igrexa, como sinal da túa consagración a Cristo, observar durante toda a túa vida o celibato polo Reino dos ceos para servicio de Deus e dos homes?

O elixido non casado responde:

Prometo.

O Bispo:

¿Queres conservar e acrecenta-lo espírito de oración, tal como é propio do teu ministerio, e fiel a este espírito, celebra-la Liturxia das horas, segundo a túa condición, xunto con todo o pobo de Deus e para ben del e de todo o mundo?

O elixido:

Quero.

O Bispo:

¿Queres imitar sempre na túa vida o exemplo de Cristo, ti que no altar servira-lo seu Corpo e o seu Sangue?

O elixido:

Quero, coa axuda de Deus.

229. Despois, o elixido achégase ó Bispo e, axeonllado diante del, pon as súas mans xuntas entre as mans do Bispo, a non ser que, de acordo coas Observacións xerais previas núm. 11, se establecese outra forma.

O Bispo pregúntalle ó ordenando, dicindo, se é o seu Ordinario:

¿Prometes obediencia e respecto a min e ós meus sucesores?

O ordenando:

Prometo.

Mais, se o Bispo non é o seu Ordinario, di:

¿Prometes obediencia e respecto ó teu Bispo?

O ordenando:

Prometo.

Se o ordenando é un relixioso, o Bispo di:

¿Prometes obediencia e respecto ó Bispo diocesano e ó teu Superior?

O ordenando:

Prometo.

O Bispo conclúe sempre:

Deus, que comezou en ti a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

Ladaíñas dos Santos

230. De seguido, érguense todos. O Bispo, deixando a mitra, de pé, coas mans xuntas e mirando para o pobo, fai a invitación:

Oremos, irmáns, a Deus Pai todopoderoso,
para que verta abundantemente a gracia da súa bendición
sobre este seu servidor que se dignou chamar á Sagrada Orde dos diáconos.

231. E axiña, o elixido tómbase no chan e cántanse as ladaíñas, respondendo todos; se é domingo ou tempo pascual os demais permanecen de pé; nos outros días póñense de xeonllos. Neste caso, o diácono di:

Poñámonos todos de xeonllos.

Nas ladaíñas pódense engadir, no lugar respectivo, outros nomes de santos, por exemplo, do Patrón, do Titular da igrexa, do Fundador, do Patrón do que recibe a Ordenación ou algunhas invocacións máis axeitadas a cada circunstancia.

Entón, os cantores comezan as ladaíñas, cf. núm. 203; as invocacións sobre o elixido dinse en singular.

232. Rematadas as ladaíñas, o Bispo ponse en pé, e coas mans abertas, di:

Señor, noso Deus, escoita clemente as nosas preces.
Confirma coa túa bondadosa axuda
o ministerio que realizamos;
santifica coa túa bendición este
que xulgamos digno de dedicar
ó servizo dos santos ministerios.
Por Xesucristo, noso Señor.

Todos: Amén.

O diácono, se é o caso, di:

Podedes erguervos.

E érguense todos.

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

233. O elixido achégase ó Bispo, que está en pé diante da sede coa mitra posta, e ponse de xeonllos diante del.

234. O Bispo impón en silencio as mans sobre a cabeza do elixido.

235. Entón, axeonllado o elixido diante do Bispo, este sen mitra, coas mans estendidas, di a Pregaria da Ordenación.

Escóitanos,

Deus todopoderoso.

Ti que distribúe-los dons,

dispo-las responsabilidades

e repárte-los ministerios.

Ti, inmutable en ti mesmo,

renóvalo todo

e, na túa eterna providencia,

telo todo previsto.

Ti concedes en cada intre o que convén a cada un,

por Xesucristo, teu Fillo e Señor noso,

que é a túa palabra, a túa forza e a túa sabedoría.

Ti fas medra-la Igrexa, corpo de Cristo,

e esténdela por toda a terra,

edificándoa coma novo templo da túa gloria;

distínguela con variedade de dons,

estructúrala na diversidade dos seus membros

e unifícala de modo admirable polo Espírito Santo.

Así determinaches, Señor,

que houbera tres ordes de ministros

para o teu servizo,

da mesma maneira que na antiga alianza

escolléranos fillos de Leví

para que servisen no ministerio do antigo templo.

Dunha maneira semellante,

nos comezos da Igrexa,

os apóstolos do teu Fillo,

movidos polo Espírito Santo,

escolleron como axudantes seus

no servizo cotián,

sete varóns, tidos por fieis testemuñas do Señor.

A estes, mediante a oración

e a imposición das mans

encomendáronlle-lo servizo dos pobres,

para eles se poderen entregar máis de cheo

á oración e ó ministerio da palabra.

Pedímosche, pois, Señor,
 que mires tamén con bondade
 este teu servidor,
 que pola miña oración
 consagro para a Orde do diaconado
 e para o servicio do altar.

MANDA SOBRE EL, SEÑOR,
 O ESPÍRITO SANTO,
 PARA QUE FORTALECIDO
 COA GRACIA DOS TEUS SETE DONS
 EXERZA CON FIDELIDADE O SEU MINISTERIO.

Abonde na súa vida a virtude evanxélica:
 o amor verdadeiro,
 o coidado dos enfermos e dos pobres,
 a autoridade temperada,
 a pureza sen chata
 e a disciplina dunha vida conforme ó Espírito.

Que os teus mandamentos, Señor,
 se vexan reflectidos na súa vida,
 e que o exemplo da súa conducta
 promova a imitación do pobo santo;
 que sostido
 polo testemuño da súa boa conciencia,
 persevere rexo e constante en Cristo,
 de tal maneira que imitando na terra ó teu Fillo,
 que non veu ser servido, senón servir,
 mereza reinar con El no ceo.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
 que vive e reina contigo
 na unidade do Espírito Santo
 e é Deus por sempre eternamente.

Todos: Amén.

Entrega do libro dos Evanxeos

236. Rematada a Pregaria da Ordenación, todos sentan. O Bispo pon a mitra. O ordenado ponse en pé e un dos diáconos ou outro ministro imponse a estola segundo o modo diaconal e revísteo coa dalmática.

237. Mentres pódese canta-la antífona:

Ditosos os que habitan na túa casa, Señor. (T.P. Aleluia).

co salmo 83 (84) ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 83 (84) como salmo responsorial na liturxia da palabra (cf. núm. 209).

238. O ordenado, vestido coas vestiduras diaconais, achégase ó Bispo e axeónllase diante del. O bispo entrégalle nas mans o libro dos Evanxeos e di:

Recibe o Evanxeo de Xesucristo,
do que fuches constituído mensaxeiro;
converte en fe viva o que les,
ensina o que cres
e cumpre aquilo que ensinaches.

239. Por fin, o Bispo dá ó ordenado o ósculo da paz, dicindo:

A paz contigo.

O ordenado responde:

E contigo tamén.

Se as circunstancias o permiten, os diáconos presentes fan o mesmo.

240. Namentres, pódese canta-la antífona:

Se alguén me serve,
hao honra-lo Pai, que está nos ceos,
di o Señor. (T.P. Aleluia).

co salmo 145 ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona (cf. núm. 212).

241. A Misa segue coma sempre. Dise o Símbolo da fe segundo as rúbricas e omítese a oración universal.

Liturxia eucarística

242. Nas Pregarias eucarísticas faise a memoria do novo diácono conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise *Acolle, Señor*, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha tamén por este teu fillo,

que te dignaches promover
á Orde do diaconado;
conserva nel e fai que fructifiquen co teu poder
os dons que recibiu da túa gracia.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras ... *ós que participamos no Corpo e no Sangue de Cristo*, engádese:

Lémbrate, Señor, da túa Igrexa
estendida por toda a terra:
faina perfecta no amor,
xunto co noso Papa N. e co noso Bispo N.
Lémbrate tamén deste fillo teu
a quen hoxe quixeches constituír ministro da Igrexa,
e de tódolos pastores do teu pobo.

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras ... *lle traia a todo o mundo a paz e a salvación*, engádese:

Afirma na fe e no amor a túa Igrexa
mentres peregrina pola terra:
o teu servidor, o noso Papa N. e o noso Bispo N.,
a todo o Colexio Episcopal, os sacerdotes
e este fillo teu,
que hoxe foi ordenado ministro da Igrexa,
os demais diáconos
e a todo o pobo que o teu Fillo redimiu.

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, despois das palabras ... *para loanza da túa gloria*, engádese:

E agora, Señor,
acórdate de todos aqueles
polos que che ofrecemos este sacrificio:
en primeiro lugar do noso Papa N.,
do noso Bispo N.,
e de todo o Colexio Episcopal;
acórdate dos sacerdotes
e deste fillo teu
que hoxe te dignaches elixir
para o servizo diaconal do teu pobo;
dos demais diáconos,
dos que presentan as súas ofrendas,
dos aquí reunidos,
de todo o teu pobo
e de cantos te buscan con boa fe.

243. Os pais e os familiares do ordenado poden comungar baixo as dúas especies.
244. O diácono que acaba de ordenarse axuda ó Bispo na distribución da comunión ós fieis, sobre todo como ministro do cáliz.
245. Rematada a distribución da Comunión, pódese cantar un canto de acción de grazas. Ó canto segue a oración despois da Comunión.

Rito de conclusión

246. No lugar da bendición acostumada, pódese usa-la seguinte bendición solemne. O diácono pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Entón o Bispo, coas mans estendidas sobre o ordenado e o pobo, di a bendición:

O Deus que te chamou para o servicio dos homes
na súa Igrexa,
che conceda unha gran solicitude con todos,
especialmente cos pobres e aflixidos.

Todos: Amén.

El que che confiou
a misión de predica-lo Evanxeo de Cristo,
che axude a vivir segundo a súa palabra
para que sexal-a súa testemuña convincente e sincera.

Todos: Amén.

E El que te fixo dispensador dos seus sacramentos
che conceda ser imitador do seu Fillo Xesucristo
para ser no mundo ministro de unidade e de paz.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

247. Dada a bendición e despedido o pobo polo diácono, todos volven á sancristía en procesión coma sempre.

CAPITULO IV

ORDENACIÓN DE DIÁCONOS E DE PRESBITEROS NUNHA MESMA ACCIÓN LITÚRICA

OBSERVACIONES

I

CELEBRACIÓN DAS ORDES PARA DIÁCONOS E PRESBITEROS

248. Convén que a Igrexa local, para o servicio da cal ordénanse os diáconos e os presbíteros, se prepare á celebración das Ordes.

Os mesmos candidatos deben prepararse coa oración en retiro facendo exercicios espirituais polo menos durante cinco días.

249. A celebración debe terse na igrexa catedral ou nas igrexas das comunidades das que son oriundos un ou máis dos candidatos, ou noutra igrexa de maior importancia.

Se se van ordenar membros dalgunha comunidade relixiosa, pode facerse a Ordenación na igrexa da comunidade na que van exercer-lo seu ministerio.

250. A Ordenación debe celebrarse coa asistencia do maior número posible de fieis en domingo ou en días festivos, a non ser que as razóns pastorais aconsellen outra data. Pero exclúense o Tríduo Pascual, o Mércores de Cinsa, toda a Semana Santa e a Conmemoración de tódolos Fieis defuntos.

251. A Ordenación ten lugar dentro da Misa celebrada no rito estacional unha vez que remate a liturxia da palabra e antes da liturxia eucarística.

Pode empregarse a Misa ritual “Na celebración das Ordes sagradas”, agás nas Solemnidades, nos Domingos de Advento, na Coresma e Pascua, e nos días da oitava de Pascua. Nestes casos dise a Misa do día coas súas lecturas.

Pero noutros días, se non se di a Misa ritual pódese tomar unha das lecturas das que se propoñen no Leccionario con esta finalidade.

A oración universal non se fai, pois as ladaíñas ocupan o seu lugar.

252. Pregoado o Evanxeo, a Igrexa local pídelle ó Bispo que ordene os candidatos. O presbítero encargado informa o Bispo que lle pregunta ante o pobo, de que non existen dúbidas respecto dos candidatos. Estes diáconos e presbíteros, cada un no seu momento, en presenza do Bispo e de tódolos fieis, mostran a vontade de cumpri-lo seu ministerio, conforme ós desexos de Cristo e da Igrexa baixo a autoridade do Bispo. Nas ladaíñas todos rogan a gracia de Deus a prol dos candidatos.

253. Pola imposición das mans do Bispo e a Pregaria da Ordenación confíreselles ós candidatos ó diaconado o don do Espírito Santo para a súa función diaconal. Estas son as palabras que pertencen á natureza do sacramento e que por iso se esixen para a validez do acto:

“Emitte in eos, Domine, quaesumus
 Spiritum Sanctum,
 quo in opus ministerii fideliter exsequendi
 munere septiformis tuae gratiae roborentur”.

(“Manda sobre eles, Señor,
 o Espírito Santo,
 para que fortalecidos coa gracia dos teus sete dons
 exerzan con fidelidade o seu ministerio”).

Logo da Pregaria da Ordenación revístense os ordenados coa estola diaconal e coa dalmática para que se mostre visiblemente o ministerio que desde agora van exercer na liturxia.

Pola entrega do libro dos Evanxeos amósase a función diaconal de pregoa-lo Evanxeo nas celebracións litúrxicas e tamén de predica-la fe da Igrexa de palabra e de obra.

254. Logo dunha nova oración común, segue a Ordenación dos presbíteros.

Pola imposición das mans do Bispo e a Pregaria da Ordenación, confíreselles ós candidatos o don do Espírito Santo para a súa función presbiteral. Estas son as palabras que pertencen á natureza do sacramento e que por iso se esixen para a validez do acto:

“Da, quaesumus, omnipotens Pater,
 in hos famulos tuos presbyterii dignitatem;
 innova in visceribus eorum
 Spiritum sanctitatis;
 acceptum a te, Deus, secundi meriti munus obtineant,
 censuramque morum
 exemplo suae conversationis insinuent”

(“Pedímosche, Pai todopoderoso,
 que confiras a estes teus servidores
 a dignidade do presbiterado;
 renova nos seus corazóns o Espírito de santidad;
 reciban de Ti o Sacerdocio de segundo grao
 e sexan, coa súa conducta, exemplo de vida”).

Xunto co Bispo, os presbíteros impoñen as mans sobre os candidatos para significa-la súa acollida no presbiterio.

Logo da Pregaria da Ordenación, revístense os ordenados coa estola presbiteral e coa casula para que se mostre visiblemente o ministerio que desde agora van exercer na liturxia.

Este ministerio amósase máis amplamente por medio doutros signos: pola unción das mans, signifícase a especial participación dos presbíteros no sacerdocio de Cristo; pola entrega do pan e do viño nas súas mans, indícase o deber de presidi-la celebración da Eucaristía e de seguir a Cristo crucificado.

255. O Bispo, cun ósculo, pon en certa maneira un selo á acollida dos presbíteros e dos diáconos como novos colaboradores seus no seu ministerio. En canto sexa posible todos ou polo

menos algúns presbíteros saúdan cun ósculo ós ordenados presbíteros e, ó mesmo tempo, os diáconos ós acabados de ordenar de diáconos en sinal de acollida na súa Orde.

256. Os ordenados presbíteros exercen por primeira vez o seu ministerio na liturxia eucarística concelebrándoa co Bispo e cos outros membros do presbiterio. Os presbíteros acabados de ordenar ocupan o primeiro lugar.

E os diáconos asisten o Bispo. Un deles prepara o altar, distribúe a Comunión ós fieis, serve o cáliz e pregoa as monicións.

II

AS COUSAS QUE HAI QUE PREPARAR

257. Ademais do necesario para a celebración da Misa estacional, deben prepararse:

- a) O Ritual das Ordes;
- b) casulas para cada un dos ordenandos de presbíteros; estolas e dalmáticas para cada un dos que se van ordenar de diáconos;
- c) o gremial;
- d) o santo crisma;
- e) o necesario para lava-las mans o Bispo e os ordenados de presbíteros.

258. A ordenación ha de facerse de seu xunto á cátedra; mais se fose preciso para a participación dos fieis, prepárese a sede para o Bispo diante do altar ou noutro lugar máis axeitado.

As sedes para os ordenandos han de prepararse de maneira que os fieis poidan ver ben a acción litúrxica.

259. O Bispo e os presbíteros concelebrantes visten os ornamentos sagrados que se lles esixen a cada un para a celebración da Misa.

Os que van ser ordenados de presbíteros levan amito, alba, cíngulo e estola diaconal; os ordenandos de diáconos levan amito, alba e cíngulo.

Os presbíteros non concelebrantes, que impoñen as mans ós elixidos para o presbiterado, estean revestidos de estola sobre a alba ou sobre o traxe talar con sobrepeliz.

Os ornamentos han de ser da cor da Misa que se celebra ou, se non, da cor branca; tamén poden empregarse outros ornamentos festivos ou máis nobres.

RITO DA ORDENACIÓN DE VARIOS DIÁCONOS E DE VARIOS PRESBÍTEROS

Ritos iniciais e Liturxia da palabra

260. Cando estea todo disposto comeza a procesión pola igrexa cara ó altar, coma de costume. Os ordenandos de diáconos preceden ó Diácono que leva o libro dos Evanxeos e ós outros diáconos, se os hai; séguenos os ordenandos de presbíteros, os presbíteros concelebrantes; despois, o Bispo cos dous diáconos que o asisten, un pouco atrás. Ó chegaren ó altar, feita a debida reverencia, diríxense todos ós seus respectivos lugares.

Entrementres, entóase a antifona de entrada co seu salmo, ou algún canto axeitado.

261. Os ritos iniciais e a liturxia da palabra realízanse coma sempre ata o Evanxeo inclusive.

Ordenación

262. Rematado o Evanxeo comeza a Ordenación.

O Bispo achégase á sede preparada para a Ordenación, e faise a presentación dos elixidos.

Presentación dos elixidos ó diaconado

263. Un diácono chama polos que van ser ordenados diáconos dicindo:

Achegádevos os que ides ser ordenados diáconos.

E vainos nomeando individualmente; cada un deles di:

Aquí estou.

E achegándose ó Bispo faille unha reverencia.

264. Estando todos situados diante do Bispo, un presbítero designado polo Bispo, di:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa pide que ordenes diáconos estes irmáns nosos.

O Bispo pregúntalle:

¿Sabes se son dignos?

E el responde:

Segundo o parecer dos que os presentan, despois de consulta-lo pobo cristián, dou testemuño de que foron considerados dignos.

O Bispo:

Co auxilio de Deus e de Xesucristo, noso Salvador, eliximos estes irmáns nosos para a Orde dos diáconos.

E todos din:

Deámoslle grazas a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, de acordo co que se di no núm. 11 a.

Presentación dos elixidos ó presbiterado

265. Un diácono chama polos que van ser ordenados presbíteros dicindo:

Achegádevos os que ides ser ordenados presbíteros.

E vains nomeando individualmente; cada un deles di:

Aquí estou.

E achegándose ó Bispo faille unha reverencia.

266. Estando todos situados diante do Bispo, un presbítero designado polo Bispo, di:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa pide que ordenes presbíteros estes irmáns nosos.

O Bispo pregúntalle:

¿Sabes se son dignos?

E el responde:

Segundo o parecer dos que os presentan, despois de consulta-lo pobo cristián, dou testemuño de que foron considerados dignos.

O Bispo:

Co auxilio de Deus e de Xesucristo, noso Salvador, eliximos estes irmáns nosos para a Orde dos

presbíteros.

E todos din:

Deámoslle gracias a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, de acordo co que se di no núm. 11 a.

Homilía

267. De seguido o Bispo, estando todos sentados, fai a homilía, na que, partindo do texto das lecturas da liturxia da palabra, amoesta o clero, o pobo e os elixidos sobre o ministerio dos diáconos e dos presbíteros. Pode, pois, falar deste ministerio coas seguintes ou parecidas palabras:

Benqueridos irmáns:

Agora que estes nosos fillos, entre os que tendes familiares e amigos, van ser ordenados diáconos e presbíteros, convén repararmos con atención en que grao de ministerio reciben.

Servirán a Cristo, supremo Mestre, Sacerdote e Pastor, por quen o seu corpo, é dicir, a Igrexa, se edifica e medra como pobo de Deus e templo do Espírito Santo. Ó unírense ó sacerdocio dos Bispos, a ordenación conságraos para pregoaren o Evanxeo, santificaren e guiaren o pobo de Deus e celebraren o culto divino, sobre todo no sacrificio do Señor. Co auxilio de Deus deben traballar de tal modo que recoñezades neles verdadeiros discípulos daquel que non veu para ser servido, senón para servir.

E a vós, benqueridos fillos, que ides ser ordenados diáconos, o Señor deuvos exemplo para que, como fixo el, fagades tamén vós.

Na vosa condición de diáconos, é dicir, de ministros de Xesucristo, que se mostrou servidor entre os discípulos, servide con amor e alegría tanto a Deus coma ós homes, seguindo gustosamente a vontade de Cristo. E coma ninguén pode servir a dous señores, tede presente que toda impureza ou avaricia é servidume ós ídolos.

Se son ordenados simultaneamente elixidos casados e non casados:

Ó accederen libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén vós debedes dar testemuño do ben, cheos do Espírito Santo e de sabedoría.

Os que de entre vós van exercer-lo ministerio, observando o celibato, debedes ter presente que o celibato será para vós símbolo e, ó mesmo tempo, estímulo do voso amor pastoral e fonte peculiar de fecundidade apostólica no mundo. Movidos por un amor sincero a Xesucristo, o Señor, e vivindo neste estado cunha total entrega, resultaravos máis doado consagrarvos a Cristo sen dividi-lo corazón; serviredes a Deus e ós homes máis libremente e, con maior facilidade, seredes ministros da obra da rexeneración sobrenatural.

Constituídos ou non no celibato, teredes por raíz e cimento a fe. Mostrádevos sen mancha e irreprochables diante de Deus e diante dos homes, segundo convén ós

ministros de Cristo e ós dispensadores dos santos misterios. Non vos deixedes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debedes non soamente escoitar, senón se-los seus ministros. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostrade nas vosas obras a palabra de Deus que proclamades para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e vós, no derradeiro día, poidades saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

Se son ordenados soamente elixidos non casados:

Ó accederen libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén vós debedes dar testemuño do ben, cheos do Espírito Santo e de sabedoría.

Exerceréde-lo voso ministerio observando o celibato; debedes ter presente que o celibato será para vós símbolo e, ó mesmo tempo, estímulo do voso amor pastoral e fonte peculiar de fecundidade apostólica no mundo. Movidos por un amor sincero a Xesucristo, o Señor, e vivindo neste estado cunha total entrega, resultaravos máis doado consagrarvos a Cristo sen dividi-lo corazón; serviredes a Deus e ós homes e, con maior facilidade, seredes ministros da obra da rexeneración sobrenatural.

Teredes por raíz e cimento a fe. Mostrádevos sen mancha e irreprochables diante de Deus e diante dos homes, segundo convén ós ministros de Cristo e ós dispensadores dos santos misterios. Non vos deixedes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debedes non soamente escoitar, senón ademais servir. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostrade nas vosas obras a palabra de Deus que proclamades para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e vós, no derradeiro día, poidades saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

Se son ordenados soamente elixidos casados:

Ó accederen libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén vós debedes dar testemuño do ben, cheos do Espírito Santo e de sabedoría.

Teredes por raíz e cimento a fe. Mostrádevos sen mancha e irreprochables diante de Deus e diante dos homes, segundo convén ós ministros de Cristo e ós dispensadores dos santos misterios. Non vos deixedes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debedes non soamente escoitar, senón ademais servir. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostrade nas vosas obras a palabra de Deus que proclamades para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e vós, no derradeiro día, poidades saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

E vós, benqueridos fillos, que ides ser ordenados presbíteros, debedes realizar, na parte que vos corresponde, a función de ensinar no nome de Cristo, o Mestre. Transmitide a todos a palabra de Deus que tendes recibido con alegría. E ó meditar na lei do Señor, procurade cre-lo que ledes, ensina-lo que credes e practica-lo que ensinades.

Que a vosa ensinanza sexa mantenza para o pobo de Deus; que a vosa vida sexa un alento para os discípulos de Cristo, de tal maneira que coa vosa palabra e o voso

exemplo se vaia construíndo a casa, que é a Igrexa de Deus.

Tócavos tamén a función de santificar no nome de Cristo. Por medio do voso ministerio acada a súa plenitude o sacrificio espiritual dos fieis, vencellado ó sacrificio de Cristo, que polas vosas mans será ofrecido sobre o altar na celebración incruenta. Decatádevos do que facedes e imitade o que celebrades, de tal maneira que, ó conmemora-lo misterio da morte e resurrección do Señor, vos esforcedes por facer morrer en vós o mal e tentedes camiñar nunha vida nova.

Ó enxerta-los homes no pobo de Deus polo bautismo, ó perdoa-los pecados no nome de Cristo e da Igrexa polo sacramento da penitencia, ó darlles ós enfermos o consolo do óleo santo, ó celebra-los ritos sagrados, ó ofrecer polo día a loanza, a acción de gracias e a oración non só polo pobo de Deus, senón polo mundo enteiro, lembrade que fostes escollidos entre os homes e postos ó servizo deles naquilo que pertence a Deus.

Cumpride, polo tanto, o ministerio de Cristo Sacerdote con ledicia e verdadeira caridade, buscando non a vosa gloria, senón a de Xesucristo.

Para rematar, ó exercer, na parte que vos toca, a función de Cristo, Cabeza e Pastor, permanecendo unidos baixo a dirección do Bispo, esforzádevos por xunta-los fieis nunha soa familia, de maneira que na unidade do Espírito Santo, por Cristo, poidades conducirlos ó Pai. Tende sempre presente o exemplo do Bo Pastor, que non veu ser servido, senón servir e buscar e salva-lo que estaba perdido.

Promesas dos elixidos diáconos

268. Despois da homilía, namentres todos continúan sentados, os elixidos diáconos póñense en pé diante do Bispo, quen lles pregunta a todos a un tempo con estas palabras:

Benqueridos irmáns, antes de entrardes na Orde dos diáconos debedes amosar diante do pobo a vosa vontade de recibir este ministerio.

¿Queredes consagrarvos ó servizo da Igrexa pola imposición das miñas mans e a gracia do Espírito Santo?

Os elixidos, todos a un tempo, responden:

Quero.

O Bispo:

¿Queredes exercer, con humildade e amor, o ministerio dos diáconos como colaboradores da Orde Sacerdotal e en proveito do pobo cristián?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo:

¿Queredes vivi-lo misterio da fe, como di o Apóstolo, con alma limpa e, tanto de palabra coma de obra, pregoa-la fe segundo o Evanxeo e a tradición da Igrexa?

Os elixidos:

Quero.

O seguinte interrogatorio ha de facerse incluso ós relixiosos profesos. Pero omítese se soamente se ordenan elixidos casados.

O Bispo:

Os que estades preparados para abraza-lo celibato: ¿Prometedes diante de Deus e diante da Igrexa, como sinal da vosa consagración a Cristo, observar durante toda a vosa vida o celibato polo Reino dos ceos e para servicio de Deus e dos homes?

Os elixidos non casados responden:

Prometo.

O Bispo:

¿(Vós todos,) queredes conservar e acrecenta-lo espírito de oración, tal como é propio do voso ministerio, e fieis a este espírito, celebra-la Liturxia das horas, segundo a vosa condición, xunto con todo o pobo de Deus e para ben del e de todo o mundo?

Os elixidos:

Quero.

O Bispo:

¿Queredes imitar sempre na vosa vida o exemplo de Cristo, vós que no altar servíredelo seu Corpo e o seu Sangue?

Os elixidos:

Quero, coa axuda de Deus.

269. Despois, cada un dos elixidos achégase ó Bispo e, axeonllado diante del, pon as súas mans xuntas entre as mans do Bispo, a non ser que, de acordo coas Observacións xerais previas n. 11., se establecese outra forma.

O Bispo pregúntalle ó elixido, dicindo, se é o seu Ordinario:

¿Prometes obediencia e respecto a min e ós meus sucesores?

O elixido:

Prometo.

Mais, se o Bispo non é o seu Ordinario, di:

¿Prometes obediencia e respecto ó teu Bispo?

O elixido:

Prometo.

Se o elixido é un relixioso, o Bispo di:

¿Prometes obediencia e respecto ó Bispo diocesano e ó teu Superior lexítimo?

O elixido:

Prometo.

O Bispo conclúe sempre:

Deus, que comezou en ti a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

E os elixidos diáconos volven ós seus postos e sentan.

Promesas dos elixidos prebíteros

270. Despois das promesas dos elixidos diáconos, os elixidos presbíteros pónense en pé diante do Bispo, quen lles pregunta a todos a un tempo con estas palabras:

Benqueridos irmáns, antes de entrardes na Orde dos presbíteros debedes amosar diante do pobo a vosa vontade de recibir este ministerio.

¿Estades dispostos a exercer sempre o ministerio sacerdotal no grao de presbíteros como bos colaboradores da Orde Episcopal, coidando o pobo do Señor e deixándovos guiar polo Espírito Santo?

Os elixidos, todos a un tempo, responden:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estades dispostos a realiza-lo ministerio da palabra, preparando a predicación do Evanxeo e a exposición da fe católica con dedicación e sabedoría?

Os elixidos:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estades dispostos a presidir con piedade e fidelidade a celebración dos misterios de Cristo, especialmente o sacrificio da Eucaristía e o sacramento da reconciliación, para loanza de Deus e santificación do pobo cristián, conforme á tradición da Igrexa?

Os elixidos:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estades dispostos a invocar connosco a misericordia divina, en favor do pobo que vos vai ser encomendado, perseverando no mandato de orar sen desfalecer?

Os elixidos:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estades dispostos a unirvos cada día máis a Cristo, Sumo Sacerdote, que por nós se ofreceu ó Pai como vítima santa, e consagrarvos con El para a salvación dos homes?

Os elixidos:

Estou disposto coa axuda de Deus.

271. Despois, cada un dos elixidos achégase ó Bispo e, axeonllado diante del, pon as súas mans xuntas entre as mans do Bispo, a non ser que, de acordo coas Observacións xerais previas n. 11., se establece outra forma.

O Bispo pregúntalle ó elixido, dicindo, se é o seu Ordinario:

¿Prometes obediencia e respecto a min e ós meus sucesores?

O elixido:

Prometo.

Mais, se o Bispo non é o seu Ordinario, di:

¿Prometes obediencia e respecto ó teu Bispo?

O elixido:

Prometo.

Se o elixido é un relixioso, o Bispo di:

¿Prometes obediencia e respecto ó Bispo diocesano e ó teu Superior lexítimo?

O elixido:

Prometo.

O Bispo conclúe sempre:

Deus, que comezou en ti a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

Ladaíñas dos Santos

272. De seguido, érguense todos. O Bispo, deixando a mitra, de pé, coas mans xuntas e mirando para o pobo, fai a invitación:

Oremos, irmáns, a Deus Pai todopoderoso,
para que verta abundantamente a gracia da súa bendición
sobre estes seus servidores
que chamou á Orde dos diáconos e á Orde dos presbíteros.

273. E axiña, os elixidos tómbanse no chan e cántanse as ladaíñas, respondendo todos; se é domingo ou tempo pascual os demais permanecen de pé; nos outros días póñense de xeonllos. Neste caso, o diácono di:

Poñámonos todos de xeonllos.

Nas ladaíñas pódense engadir, no lugar respectivo, outros nomes de santos, por exemplo, do Patrón, do Titular da igrexa, do Fundador, do Patrón dos que reciben a Ordenación

ou algunhas invocacións máis axeitadas a cada circunstancia.

Entón, os cantores comezan as ladaíñas.

Señor, ten piedade.	Señor, ten piedade.
Cristo, ten piedade.	Cristo, ten piedade.
Señor, ten piedade.	Señor, ten piedade.
Santa María, Nai de Deus,	roga por nós.
San Miguel,	roga por nós.
Santos Anxos de Deus,	rogade por nós.
San Xoán Bautista,	roga por nós.
San Xosé,	roga por nós.
San Pedro e san Paulo,	rogade por nós.
Santo Andrés,	roga por nós.
Santiago,	roga por nós.
San Xoán,	roga por nós.
Santa María Madalena,	roga por nós.
Santo Estevo,	roga por nós.
Santo Ignacio de Antioquía,	roga por nós.
San Lourenzo,	roga por nós.
San Vicenzo,	roga por nós.
Santa Perpetua e santa Felicidade,	rogade por nós.
Santa Inés,	roga por nós.
San Gregorio,	roga por nós.
Santo Agostiño,	roga por nós.
Santo Atanasio,	roga por nós.
San Basilio,	roga por nós.
San Martiño,	roga por nós.
San Bieito,	roga por nós.
San Froilán,	roga por nós.
San Rosendo,	roga por nós.
San Paio,	roga por nós.
San Pedro de Mezonzo,	roga por nós.
San Telmo,	roga por nós.
San Francisco,	roga por nós.
San Domingos,	roga por nós.
San Francisco Xavier,	roga por nós.
San Francisco Blanco,	roga por nós.
San Xoán María Vianney,	roga por nos.
San Xoán de Avila,	roga por nós.
Santa Catarina de Siena,	roga por nós.
San Xosé María Sanxurxo,	roga por nós.
Santa Teresa de Xesús,	roga por nós.
Tódolos Santos e Santas de Deus,	rogade por nós.
Senos propicio,	líbranos, Señor.
De todo mal,	líbranos, Señor.
De todo pecado,	líbranos, Señor.
Da morte eterna,	líbranos, Señor.

Pola túa encarnación,	líbranos, Señor.
Pola túa morte e resurrección,	líbranos, Señor.
Polo envío do Espírito Santo,	líbranos, Señor.
Nós que somos pecadores,	pedímosche que nos escoites.
Para que gobernes e consérve-la túa santa Igrexa,	pedímosche que nos escoites.
Para que asistas no teu servicio santo, o Papa e a tódolos membros do clero,	pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas estes elixidos,	pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas e santifiques estes elixidos,	pedímosche que nos escoites.
Para que bendigas, santifiques e consagres estes elixidos,	pedímosche que nos escoites.
Para que concéda-la paz e a concordia a tódolos pobos da terra,	pedímosche que nos escoites.
Para que teñas misericordia de tódolos que sofren,	pedímosche que nos escoites.
Para que nos fortalezas e asistas no teu servicio santo,	pedímosche que nos escoites.
Xesús, Fillo de Deus vivo.	Pedímosche que nos escoites.
Cristo, óenos.	Cristo, óenos.
Cristo, escóitanos.	Cristo, escóitanos.

274. Rematadas as ladañas, o Bispo ponse en pé, e coas mans abertas, di:

Señor, noso Deus, escoita clemente as nosas preces.
 Confirma coa túa bondadosa axuda
 o ministerio que realizamos;
 e santifica coa túa bendición estes
 que xulgamos dignos de dedicar
 ó servicio dos santos ministerios.
 Por Xesucristo, noso Señor.

Todos: Amén.

O diácono, se é o caso, di:

Podedes erguervos.

E érguense todos. Retíranse os elixidos para a Orde do presbiterado e faise a ordenación dos diáconos.

Ordenación dos diáconos

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

275. Cada un dos elixidos para a Orde do diaconado achégase ó Bispo, que está en pé diante da sede coa mitra posta, eponse de xeonllos diante del.

276. O Bispo impón en silencio as mans sobre a cabeza de cada un dos elixidos.

277. Entón, axeonllados tódolos elixidos diante do Bispo, este sen mitra, coas mans estendidas, di a Pregaria da Ordenación.

Escóitanos,

Deus todopoderoso.

Ti que distribúe-los dons,

dispo-las responsabilidades

e repárte-los ministerios.

Ti, inmutable en ti mesmo,

renóvalo todo

e, na túa eterna providencia,

telo todo previsto.

Ti concedes en cada intre o que convén a cada un,

por Xesucristo, teu Fillo e Señor noso,

que é a túa palabra, a túa forza e a túa sabedoría.

Ti fas medra-la Igrexa, corpo de Cristo,

e esténdela por toda a terra,

edificándoa coma novo templo da túa gloria;

distínguela con variedade de dons,

estructúrala na diversidade dos seus membros

e unifícala de modo admirable polo Espírito Santo.

Así determinaches, Señor,

que houbera tres ordes de ministros

para o teu servizo,

da mesma maneira que na antiga alianza

escolléranos fillos de Leví

para que servisen no ministerio do antigo templo.

Dunha maneira semellante,

nos comezos da Igrexa,

os apóstolos do teu Fillo,

movidos polo Espírito Santo,

escolleron como axudantes seus

no servizo cotián,

sete varóns, tidos por fieis testemuñas do Señor.

A estes, mediante a oración

e a imposición das mans

encomendáronlle-lo servizo dos pobres,

para eles se poderen entregar máis de cheo

á oración e ó ministerio da palabra.

Pedímosche, pois, Señor,
 que mires tamén con bondade
 a estes teus servidores,
 que pola miña oración
 consagro para a Orde do diaconado
 e para o servicio do altar.

MANDA SOBRE ELES, SEÑOR,
 O ESPÍRITO SANTO,
 PARA QUE FORTALECIDOS
 COA GRACIA DOS TEUS SETE DONS
 EXERZAN CON FIDELIDADE O SEU MINISTERIO.

Abonde na súa vida a virtude evanxélica:
 o amor verdadeiro,
 o coidado dos enfermos e dos pobres,
 a autoridade temperada,
 a pureza sen chata
 e a disciplina dunha vida conforme ó Espírito.

Que os teus mandamentos, Señor,
 se vexan reflectidos na súa vida,
 e que o exemplo da súa conducta
 promova a imitación do pobo santo;
 que sostidos
 polo testemuño da súa boa conciencia,
 perseveren rexos e constantes en Cristo,
 de tal maneira que imitando na terra ó teu Fillo,
 que non veu ser servido, senón servir,
 merezan reinar con El no ceo.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
 que vive e reina contigo
 na unidade do Espírito Santo
 e é Deus por sempre eternamente.

Todos: Amén.

Entrega do libro dos Evanxeos

278. Rematada a Pregaria da Ordenación, todos sentan. O Bispo pon a mitra. Os ordenados póñense en pé e algúns diáconos ou outros ministros impóñenlle a cada un dos ordenados a estola segundo o modo diaconal e revístenos coa dalmática.

279. Mentres, pódese canta-la antífona:

Ditosos os que habitan na túa casa, Señor. (T.P. Aleluia).

co salmo 83 (84): ¡Que desexables son as túas moradas! (cf. núm. 209), ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 83 (84) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

280. Cada un dos ordenados, vestidos coas vestiduras diaconais, achégase ó Bispo e axeónllase diante del. O bispo entrégalle nas mans a cada un o libro dos Evanxeos e di:

Recibe o Evanxeo de Xesucristo,
do que fuches constituído mensaxeiro;
converte en fe viva o que les,
ensina o que cres,
e cumpre aquilo que ensinaches.

281. Mentres pódese canta-la antífona:

Proclamade o Evanxeo a toda a creación (T.P. Aleluia).

co salmo 116 (117), ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 116 (117) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

Salmo 116 (117)

Loade o Señor, tódalas nacións,
aclamádeo, tódolos pobos.

Porque é firme connosco a súa misericordia,
e a fidelidade do Señor dura por sempre.

(Repítese a antífona)

Non se di *Gloria ó Pai*. E os ordenados diáconos retíranse ós seus postos.

Ordenación dos presbíteros

Oración de súplica

282. Entón, achéganse os elixidos presbíteros.

De seguido, érguense todos. O Bispo, deixando a mitra, de pé, coas mans xuntas e mirando para o pobo, fai a invitación:

Oremos, irmáns, a Deus Pai todopoderoso,
 para que multiplique os seus dons
 sobre estes elixidos para o ministerio dos presbíteros.

E todos oran en silencio por uns breves momentos.

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

283. Cada un dos elixidos presbíteros achégase ó Bispo, que está en pé diante da sede coa mitra posta, e ponse de xeonllos diante del.

284. O Bispo impón en silencio as mans sobre a cabeza de cada un dos elixidos.

Logo, tódolos presbíteros presentes, revestidos de estola, impoñen en silencio as mans sobre cada un dos ordenandos. Despois da imposición de mans, os presbíteros permanecen cerca do Bispo ata que remate a Pregaria da Ordenación, pero de modo que os fieis poidan ver ben a cerimonia.

285. Entón, axeonllados tódolos elixidos diante do Bispo, este, coas mans estendidas, di a Pregaria da Ordenación.

Escóitanos, Señor, Pai santo,
 Deus todopoderoso e eterno,
 autor da dignidade humana
 e dispensador de tódalas grazas,
 que perfeccionas tódalas cousas
 e todas consolidas.
 Ti, para forma-lo pobo sacerdotal,
 dispós nel os ministros de Cristo, o teu Fillo,
 en ordes diversas,
 pola forza do Espírito Santo.

Xa na Antiga Alianza,
 os oficios establecidos fóronse perfeccionando
 a través de signos santos:
 cando a Moisés e a Arón,
 elixidos para gobernar e santifica-lo pobo,
 lles deches compañeiros de inferior orde e dignidade,
 para que lles axudasen como colaboradores.

Así, no deserto,
 multiplicáche-lo espírito de Moisés,
 comunicándollelo ós setenta varóns prudentes
 cos que gobernou o teu pobo
 máis doadamente.

Así tamén transmitiches
ós fillos de Arón
a abundosa plenitude outorgada ós seus pais,
para que un número suficiente de sacerdotes conforme á Lei
ofrecese os sacrificios do santuario,
figura dos bens futuros.

Pero cando chegou a plenitude dos tempos, Pai santo,
mandaches ó mundo o teu Fillo, Xesús,
Apóstolo e Pontífice da fe que profesamos.
El, en virtude do Espírito Santo,
ofreceuse a ti como sacrificio sen mancha,
e fixo partícipes da súa misión os Apóstolos,
consagrados na verdade;
ós que lles deches compañeiros
para anunciar e realizar por todo o mundo
a obra da salvación.

Agora, Señor,
concede tamén ó meu humilde ministerio
estes colaboradores, moi necesarios,
para exercer con eles o sacerdocio dos Apóstolos.

**PEDÍMOSCHE, PAI TODOPODEROSO,
QUE CONFIRAS A ESTES TEUS SERVIDORES
A DIGNIDADE DO PRESBITERADO;
RENOVA NOS SEUS CORAZÓNS O ESPÍRITO DE SANTIDADE;
RECIBAN DE TI O SACERDOCIO DE SEGUNDO GRAO
E SEXAN, COA SÚA CONDUCTA,
EXEMPLO DE VIDA.**

Sexan sinceros cooperadores da Orde Episcopal,
para que, coa súa predicación,
a palabra do Evanxeo,
pola gracia do Espírito Santo,
fructifique no corazón dos homes
e chegue a toda a terra.

Sexan connosco
fieis dispensadores dos teus misterios,
para que o teu pobo se renove
co baño do novo nacemento,
e se alimente do teu altar;
e para que os pecadores sexan reconciliados
e os enfermos aliviados.

Que, unidos a nós,
supliquen, Señor, a túa misericordia

a prol do pobo a eles confiado
e de todo o mundo.

Así tódolos pobos, congregados en Cristo,
formen o teu pobo santo,
que se ha de realizar plenamente no teu Reino.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
e é Deus por sempre eternamente.

Todos: Amén.

Unción das mans e entrega do pan e do viño

286. Rematada a Pregaria da Ordenación, todos sentan. O Bispo pon a mitra. Os ordenados pónense en pé. Os presbíteros presentes volven ós seus lugares; pero algúns deles impoñenlle a cada un dos ordenados a estola segundo o modo presbiteral e revístenos coa casula.

287. Despois, o Bispo recibe o gremial e, oportunamente informado o pobo, unxe as palmas das mans de cada un dos ordenados, axeonllado diante del, e di:

Xesucristo, o noso Señor,
a quen o Pai unxiu
coa forza do Espírito Santo,
che axude para santifica-lo pobo cristián
e para ofrecer a Deus o sacrificio.

Despois o Bispo e os ordenados lavan as mans.

288. Mentres os ordenados visten a estola e a casula e o Bispo lles unxe as mans, cántase a antífona:

Cristo, o Señor, sacerdote para sempre conforme ó rito de Melquisédec,
ofreceu pan e viño. (T.P. Aleluia).

co salmo 109 (110): *Palabra do Señor ó meu Señor* (cf. núm. 134), ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 109 (110) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

289. De seguido, algúns fieis presentan o pan sobre a patena e o cáliz con viño e auga, para a celebración da Misa. O Diácono recíbeos e lévallos ó Bispo, quen llos entrega nas mans a cada un dos ordenados presbíteros, axeonllado diante del, dicindo:

Recibe a ofrenda do pobo santo

para lla presentares a Deus.
 Ten en conta o que fas
 e imita o que conmemoras,
 e conforma a túa vida
 co misterio da cruz do Señor.

290. Por fin, o Bispo dá a cada un dos ordenados, primeiro ós presbíteros e despois ós diáconos, o ósculo da paz, dicindo:

A paz contigo.

O ordenado responde:

E contigo tamén.

Do mesmo xeito, todos ou polo menos algúns dos presbíteros presentes poden, co seu ósculo de paz, significar ós presbíteros recén ordenados o teren sido asociados a eles na Orde sagrada, e o mesmo poden facer algúns diáconos con respecto ós diáconos recén ordenados.

291. Namentres, pódese canta-la antífona:

Vós sodes amigos meus,
 se facedes canto eu vos mando,
 di o Señor. (T.P. Aleluia).

co salmo 99 (100): *Aclama ó Señor, terra enteira* (cf. núm. 137), ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 99 (100) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

292. A Misa segue coma sempre. Dise o Símbolo da fe segundo as rúbricas e omítese a Oración universal.

Liturxia eucarística

293. A liturxia eucarística concelébrase coma sempre, pero omítese a preparación do cáliz. Un dos diáconos ordenados asiste o Bispo no altar.

294. Nas Pregarias eucarísticas, o Bispo ou un dos presbíteros concelebrantes fai a memoria dos novos presbíteros e diáconos conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise *Acolle, Señor*, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
 e de toda a túa familia.
 Ofrecémoscha tamén por estes teus fillos,
 que te dignaches promover

á Orde dos diáconos e á Orde dos presbíteros;
 conserva neles e fai que fructifiquen co teu poder
 os dons que recibiron da túa gracia.
 (Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras ... *ós que participamos no Corpo e no Sangue de Cristo*, engádese:

Lémbtrate, Señor, da túa Igrexa
 estendida por toda a terra:
 faina perfecta no amor,
 xunto co noso Papa N. e co noso Bispo N.
 Lémbtrate tamén destes fillos teus
 a quen hoxe quixeches constituír diáconos ou presbíteros da Igrexa,
 e con tódolos pastores do teu pobo.

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras ... *lle traia a todo o mundo a paz e a salvación*, engádese:

Afirma na fe e no amor a túa Igrexa
 mentres peregrina pola terra:
 o teu servidor, o noso Papa N. e o noso Bispo N.,
 a todo o Colexio Episcopal e estes fillos teus,
 que hoxe foron ordenados diáconos ou presbíteros da Igrexa,
 os sacerdotes e diáconos
 e a todo o pobo que o teu Fillo redimiu.

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, despois das palabras ... *para loanza da túa gloria*, engádese:

E agora, Señor,
 acórdate de todos aqueles
 polos que che ofrecemos este sacrificio:
 en primeiro lugar do noso Papa N.,
 do noso Bispo N.,
 e de todo o Colexio Episcopal;
 destes fillos teus
 que hoxe te dignaches elixir
 para o servizo diaconal ou presbiteral do teu pobo;
 acórdate dos sacerdotes e diáconos,
 dos que presentan as súas ofrendas,
 dos aquí reunidos,
 de todo o teu pobo
 e de cantos te buscan con boa fe.

295. Os diáconos recién ordenados comungan baixo as dúas especies. O diácono que asiste o Bispo actúa como ministro do cáliz.

296. Os pais e os familiares dos ordenados poden comungar baixo as dúas especies.
297. Algúns dos diáconos que acaban de ordenarse axudan ó Bispo na distribución da comunión ós fieis.
298. Rematada a distribución da Comunión, pódese cantar un canto de acción de grazas. Ó canto segue a oración despois da Comunión.

Rito de conclusión

299. No lugar da bendición acostumada, pódese usa-la seguinte bendición solemne. O diácono pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Entón o Bispo, coas mans estendidas sobre os ordenados e o pobo, di a bendición:

O Deus que dirixe e goberna a Igrexa,
manteña a vosa intención
e fortaleza os vosos corazóns,
para que cumprades fielmente o ministerio.

Todos: Amén.

El, que vos confiou ós diáconos a misión de predica-lo Evanxeo,
e servi-lo altar e os homes,
vos faga no medio do mundo as súas testemuñas convincentes
e ministros da caridade.

Todos: Amén.

A vós, presbíteros, vos faga pastores verdadeiros
que distribúan a palabra da vida e o pan vivo,
para que os fieis crezan na unidade do corpo de Cristo.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos,
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

300. Dada a bendición e despedido o pobo polo diácono, todos volven á sancristía en procesión coma sempre.

RITO DA ORDENACIÓN DUN DIÁCONO E DUN PRESBÍTERO

Ritos iniciais e Liturxia da palabra

301. Cando estea todo disposto comeza a procesión pola igrexa cara ó altar, coma de costume. O ordenando de diácono precede ó Diácono que leva o libro dos Evanxeos e ós outros diáconos, se os hai; séguenos o ordenando de presbítero, os presbíteros concelebrantes; despois, o Bispo cos dous diáconos que o asisten, un pouco atrás. Ó chegaren ó altar, feita a debida reverencia, diríxense todos ós seus respectivos lugares.

Entrementres, entóase a antifona de entrada co seu salmo, ou algún canto axeitado.

302. Os ritos iniciais e a liturxia da palabra realízanse coma sempre ata o Evanxeo inclusive.

Ordenación

303. Rematado o Evanxeo comeza a Ordenación.

O Bispo achégase á sede preparada para a Ordenación, e faise a presentación dos elixidos.

Presentación do elixido ó diaconado

304. Un diácono chama polo que vai ser ordenado diácono dicindo:

Achéguese o que vai ser ordenado diácono.

E di o seu nome. O chamado di:

Aquí estou.

E achegándose ó Bispo, faille unha reverencia.

305. Estando situado diante do Bispo, un presbítero designado polo Bispo, di:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa pide que ordenes diácono este irmán noso.

O Bispo pregúntalle:

¿Sabes se é digno?

E el responde:

Segundo o parecer dos que o presentan, despois de consulta-lo pobo cristián, dou testemuño de que foi considerado digno.

O Bispo:

Co auxilio de Deus e de Xesucristo, noso Salvador, eliximos este irmán noso para a Orde dos diáconos.

E todos din:

Deámoslle grazas a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, axeitado ó que se di nas Observacións xerais previas n. 11.

Presentación do elixido ó presbiterado

306. O diácono chama o que vai ser ordenado presbítero dicindo:

Achéguese o que vai ser ordenado presbítero.

E di o seu nome. O chamado di:

Aquí estou.

E achegándose ó Bispo faille unha reverencia.

307. Estando situado diante do Bispo, un presbítero designado polo Bispo, di:

Reverendísimo Padre, a santa Nai Igrexa pide que ordenes presbítero este irmán noso.

O Bispo pregúntalle:

¿Sabes se é digno?

E el responde:

Segundo o parecer dos que o presentan, despois de consulta-lo pobo cristián, dou testemuño de que foi considerado digno.

O Bispo:

Co auxilio de Deus e de Xesucristo, noso Salvador, eliximos este irmán noso para a Orde dos

presbíteros.

E todos din:

Deámoslle gracias a Deus.

Ou outro modo de asenti-la elección, axeitado ó que se di nas Observacions xerais previas n. 11.

Homilía

308. De seguido o Bispo, estando todos sentados, fai a homilía, na que, partindo do texto das lecturas litúrxicas da Palabra, amoesta o clero, o pobo e os elixidos sobre o ministerio dos diáconos e dos presbíteros, tendo en conta a condición do ordenando diácono, segundo se trate dun elixido casado ou dun elixido non casado. Pode, pois, falar deste ministerio coas seguintes ou parecidas palabras:

Benqueridos irmáns:

Agora que estes nosos fillos, entre os que tendes familiares e amigos, van ser ordenados diácono e presbítero, convén repararmos con atención en que grao de ministerio reciben. Servirán a Cristo, supremo Mestre, Sacerdote e Pastor, por quen o seu corpo, é dicir, a Igrexa, se edifica e medra coma pobo de Deus e templo do Espírito Santo. Ó unírense ó sacerdocio dos Bispos, a ordenación conságraos para pregoaren o Evanxeo, santificaren e guiaren o pobo de Deus e celebraren o culto divino, sobre todo no sacrificio do Señor. Co auxilio de Deus deben traballar de tal modo que recoñezades neles verdadeiros discípulos daquel que non veu para ser servido, senón para servir.

E a ti, benquerido fillo, que vas ser ordenado diácono, o Señor deuche exemplo, para que como fixo el, fagas tamén ti.

Na túa condición de diácono, é dicir, de ministro de Xesucrito, que se mostrou servidor entre os discípulos, sirve con amor e alegría tanto a Deus coma ós homes, seguindo gustosamente a vontade de Cristo. E coma ninguén pode servir a dous señores, ten presente que toda impureza ou avaricia é servidume ós ídolos.

Se é ordenado de diácono un elixido non casado:

Ó accederen libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén ti debes dar testemuño do ben, cheo do Espírito Santo e de sabedoría.

Exercera-lo teu ministerio, observando o celibato: debes ter presente que o celibato será para ti símbolo e, ó mesmo tempo, estímulo do teu amor pastoral e fonte peculiar de fecundidade apostólica no mundo. Movidado por un amor sincero a Xesucristo, o Señor, e vivindo neste estado cunha total entrega, resultarache máis doado consagrarte a Cristo sen dividi-lo corazón; servirás a Deus e ós homes máis libremente e, con maior facilidade, serás ministro da obra da rexeneración sobrenatural.

Terás por raíz e cimento a fe. Móstrate sen mancha e irreprochable diante de Deus e diante dos homes, segundo convén a un ministro de Cristo e a un dispensador dos santos

misterios. Non te deixes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debes non soamente escoitar, senón se-lo seu ministro. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostra nas túas obras a palabra de Deus que proclamas para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e ti, no derradeiro día, poidas saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

Se é ordenado de diácono un elixido casado:

Ó accederen libremente á Orde do diaconado, o mesmo que aqueles varóns elixidos polos Apóstolos para o ministerio da caridade, tamén ti debes dar testemuño do ben, cheo do Espírito Santo e sabedoría.

Terás por raíz e cimento a fe. Móstrate sen mancha e irreprochable diante de Deus e diante dos homes, segundo convén a un ministro de Cristo e a un dispensador dos santos misterios. Non te deixedes arrinca-la esperanza do Evanxeo, ó que debes non soamente escoitar, senón ademais servir. Vivindo no misterio da fe con alma limpa, mostra nas túas obras a palabra de Deus que proclamas para que o pobo cristián, vivificado polo Espírito Santo, sexa oblación agradable a Deus, e ti, no derradeiro día, poidas saír ó encontro do Señor e escoitar del estas palabras: “Ben, servo fiel e cumpridor; pasa a gozar da festa do teu Señor” (Mt 25,21).

E ti, benquerido fillo, que vas ser ordenado presbítero, debes realizar, na parte que che corresponde, a función de ensinar no nome de Cristo, o Mestre. Transmite a todos a Palabra de Deus que tes recibido con alegría. E ó meditar na lei do Señor, procura cre-lo que les e practica-lo que ensinas.

Que a túa ensinanza sexa mantenza para o pobo de Deus; que a túa vida sexa un alento para os discípulos de Cristo, de tal maneira que coa túa palabra e o teu exemplo se vaia construíndo a casa, que é a Igrexa de Deus.

Tócache tamén a función de santificar no nome de Cristo. Por medio do teu ministerio acada a súa plenitude o sacrificio espiritual dos fieis vencellado ó sacrificio de Cristo, que polas túas mans será ofrecido sobre o altar na celebración incruenta. Decátate do que fas e imita o que celebras, de tal maneira que, ó conmemora-lo misterio da morte e resurrección do Señor, te esforces por facer morrer en ti o mal e tentes camiñar nunha vida nova.

Ó enxerta-los homes no pobo de Deus polo bautismo, ó perdoa-los pecados no nome de Cristo e da Igrexa polo sacramento da penitencia, ó darlles ós enfermos o consolo do óleo santo, ó celebra-los ritos sagrados, ó ofrecer polo día a loanza, a acción de grazas e a oración non só polo pobo de Deus, senón polo mundo enteiro, lembra que fuches escollido entre os homes e posto ó servizo deles nas cousas de Deus.

Cumpre, polo tanto, o ministerio de Cristo Sacerdote con ledicia e verdadeira caridade, buscando non a túa gloria, senón a de Xesucristo.

Para rematar, ó exercer, na parte que che toca, a función de Cristo, Cabeza e Pastor, permanecendo unido baixo a dirección do Bispo, esfórzate por xunta-los fieis nunha soa familia, de maneira que na unidade do Espírito Santo, por Cristo, poidas conducilos ó Pai. Ten sempre presente o exemplo do Bo Pastor, que non veu ser servido, senón servir e buscar e salva-lo que estaba perdido.

Promesas do elixido diácono

309. Despois da homilía, namentres todos continúan sentados, o elixido diácono ponse en pé diante do Bispo, quen lle pregunta con estas palabras:

Benquerido irmán, antes de entrar na Orde dos diáconos debes amosar diante do pobo a túa vontade de recibir este ministerio.

¿Queres consagrarte ó servicio da Igrexa pola imposición das miñas mans e a gracia do Espírito Santo?

O elixido responde:

Quero.

O Bispo:

¿Queres exercer, con humildade e amor, o ministerio dos diáconos como colaborador da Orde Sacerdotal e en proveito do pobo cristián?

O elixido:

Quero.

O Bispo:

¿Queres vivi-lo misterio da fe, como di o Apóstolo, con alma limpa e, tanto de palabra coma de obra, pregoar a fe segundo o Evanxeo e a tradición da Igrexa?

O elixido:

Quero.

O seguinte interrogatorio ha de facerse incluso ós relixiosos profesos. Pero omítese se é ordenado un elixido casado.

O Bispo:

¿Prometes diante de Deus e diante da Igrexa, como sinal da túa consagración a Cristo, observar durante toda a túa vida o celibato polo Reino dos ceos para servicio de Deus e dos homes?

O elixido non casado responde:

Prometo.

O Bispo:

¿Queres conservar e acrecenta-lo espírito de oración, tal como é propio do teu ministerio, e fiel a este espírito, celebra-la Liturxia das horas, segundo a túa condición, xunto con todo o pobo de Deus e para ben del e de todo o mundo?

O elixido:

Quero.

O Bispo:

¿Queres imitar sempre na túa vida o exemplo de Cristo, ti que no altar servira-lo seu Corpo e o seu Sangue?

O elixido:

Quero, coa axuda de Deus.

310. Despois o elixido diácono achégase ó Bispo e, axeonllado diante del, pon as súas mans xuntas entre as mans do Bispo, a non ser que, de acordo coas Observacións xerais previas n. 11., se establecese outra forma.

O Bispo pregúntalle ó elixido, dicindo, se é o seu Ordinario:

¿Prometes obediencia e respecto a min e ós meus sucesores?

O elixido:

Prometo.

Mais, se o Bispo non é o seu Ordinario, di:

¿Prometes obediencia e respecto ó teu Bispo?

O elixido:

Prometo.

Se o elixido é un relixioso, o Bispo di:

¿Prometes obediencia e respecto ó Bispo diocesano e ó teu Superior lexítimo?

O elixido:

Prometo.

O Bispo conclúe sempre:

Deus, que comezou en ti a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

E o elixido diácono volve ó seu posto e senta.

Promesas do elixido presbítero

311. Despois das promesas do elixido diácono, o elixido presbítero ponse en pé diante do Bispo, quen lle pregunta con estas palabras:

Benquerido irmán, antes de entrar na Orde dos presbíteros debes amosar diante do pobo a túa vontade de recibir este ministerio.

¿Estás disposto a exercer sempre o ministerio sacerdotal no grao de presbítero como bo colaborador da Orde Episcopal, coidando o pobo do Señor e deixándote guiar polo Espírito Santo?

O elixido responde:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estás disposto a realiza-lo ministerio da palabra, preparando a predicación do Evanxeo e a exposición da fe católica con dedicación e sabedoría?

O elixido:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estás disposto a presidir con piedade e fidelidade a celebración dos misterios de Cristo, especialmente o sacrificio da Eucaristía e o sacramento da reconciliación, para loanza de Deus e santificación do pobo cristián, conforme á tradición da Igrexa?

O elixido:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estás disposto a invocar connosco a misericordia divina, en favor do pobo que che vai ser encomendado, perseverando no mandato de orar sen desfalecer?

O elixido:

Estou disposto.

O Bispo:

¿Estás disposto a unirte cada día máis a Cristo, Sumo Sacerdote, que por nós se ofreceu ó Pai como vítima santa, e consagrarte con El para a salvación dos homes?

O elixido:

Estou disposto coa axuda de Deus.

312. Despois o elixido achégase ó Bispo e, axeonllado diante del, pon as súas mans xuntas entre as mans do Bispo, a non ser que, de acordo coas Observacións xerais previas n. 11., se establecese outra forma.

O Bispo pregúntalle ó elixido, dicindo, se é o seu Ordinario:

¿Prometes obediencia e respecto a min e ós meus sucesores?

O elixido:

Prometo.

Mais, se o Bispo non é o seu Ordinario, di:

¿Prometes obediencia e respecto ó teu Bispo?

O elixido:

Prometo.

Se o elixido é un relixioso, o Bispo di:

¿Prometes obediencia e respecto ó Bispo diocesano e ó teu Superior lexítimo?

O elixido:

Prometo.

O Bispo conclúe sempre:

Deus, que comezou en ti a boa obra, el mesmo a leve a cabo.

Ladaíñas dos Santos

313. De seguido, érguense todos. O Bispo, deixando a mitra, de pé, coas mans xuntas e mirando para o pobo, fai a invitación:

Oremos, irmáns, a Deus Pai todopoderoso,
 para que verta abundantemente a gracia da súa bendición
 sobre estes seus servidores
 que chamou á Orde dos diáconos e á Orde dos presbíteros.

314. E axiña, os elixidos tómbanse no chan e cántanse as ladaíñas, respondendo todos; se é domingo ou tempo pascual os demais permanecen de pé; nos outros días póñense de xeonllos. Neste caso, o diácono di:

Poñámonos todos de xeonllos.

Nas ladaíñas pódense engadir, no lugar respectivo, outros nomes de santos, por exemplo, do Patrón, do Titular da igrexa, do Fundador, do Patrón dos que reciben a Ordenación ou algunhas invocacións máis axeitadas a cada circunstancia.

Entón, os cantores comezan as ladaíñas (cf. núm. 273).

315. Rematadas as ladaíñas, o Bispo ponse en pé, e coas mans abertas, di:

Señor, noso Deus, escoita clemente as nosas preces.
 Confirma coa túa bondadosa axuda
 o ministerio que realizamos;
 e santifica coa túa bendición estes
 que xulgamos dignos de dedicar
 ó servizo dos santos ministerios.
 Por Xesucristo, noso Señor.

Todos: Amén.

O diácono, se é o caso, di:

Podedes erguervos.

E érguense todos. Retírase o elixido para a Orde do presbiterado e faise a ordenación do

diácono.

Ordenación do diácono

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

316. O elixido para a Orde do diaconado achégase ó Bispo, que está en pé diante da sede coa mitra posta, e ponse de xeonllos diante del.

317. O Bispo impón en silencio as mans sobre a cabeza do elixido.

318. Entón, axeonllado o elixido diante do Bispo, este sen mitra, coas mans estendidas, di a Pregaria da Ordenación.

Escóitanos,

Deus todopoderoso.

Ti que distribúe-los dons,

dispo-las responsabilidades

e repárte-los ministerios.

Ti, inmutable en ti mesmo,

renóvalo todo

e, na túa eterna providencia,

telo todo previsto.

Ti concedes en cada intre o que convén a cada un,

por Xesucristo, teu Fillo e Señor noso,

que é a túa palabra, a túa forza e a túa sabedoría.

Ti fas medra-la Igrexa, corpo de Cristo,

e esténdela por toda a terra,

edificándoa coma novo templo da túa gloria;

distínguela con variedade de dons,

estructúrala na diversidade dos seus membros

e unifícala de modo admirable polo Espírito Santo.

Así determinaches, Señor,

que houbera tres ordes de ministros

para o teu servizo,

da mesma maneira que na antiga alianza

escolléranos fillos de Leví

para que servisen no ministerio do antigo templo.

Dunha maneira semellante,

nos comezos da Igrexa,

os apóstolos do teu Fillo,

movidos polo Espírito Santo,

escolleron como axudantes seus

no servizo cotián,
sete varóns, tidos por fieis testemuñas do Señor.
A estes, mediante a oración
e a imposición das mans
encomendáronlle-lo servizo dos pobres,
para eles se poderen entregar máis de cheo
á oración e ó ministerio da palabra.

Pedímosche, pois, Señor,
que mires tamén con bondade
este teu servidor,
que pola miña oración
consagro para a Orde do diaconado
e para o servizo do altar.

MANDA SOBRE EL, SEÑOR,
O ESPÍRITO SANTO,
PARA QUE FORTALECIDO
COA GRACIA DOS TEUS SETE DONS
EXERZA CON FIDELIDADE O SEU MINISTERIO.

Abonde na súa vida a virtude evanxélica:
o amor verdadeiro,
o coidado dos enfermos e dos pobres,
a autoridade temperada,
a pureza sen chata
e a disciplina dunha vida conforme ó Espírito.

Que os teus mandamentos, Señor,
se vexan reflectidos na súa vida,
e que o exemplo da súa conducta
promova a imitación do pobo santo;
que sostido
polo testemuño da súa boa conciencia,
persevere rexo e constante en Cristo,
de tal maneira que imitando na terra o teu Fillo,
que non veu ser servido, senón servir,
mereza reinar con El no ceo.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
e é Deus por sempre eternamente.

Todos: Amén.

Entrega do libro dos Evanxeos

319. Rematada a Pregaria da Ordenación, todos sentan. O Bispo pon a mitra. O ordenado ponse en pé e un dos diáconos ou outro ministro imponse ó ordenado a estola segundo o modo diaconal e revísteo coa dalmática.

320. Mentres, pódese canta-la antífona:

Ditosos os que habitan na túa casa, Señor (T.P. Aleluia).

co salmo 83 (84): *¡Que desexables son as túas moradas!* (cf. núm. 209), ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 83 (84) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

o

321. O ordenado, vestido cas vestiduras diaconais, achégase ó Bispo e axeónllase diante del. O bispo entrégalle nas mans o libro dos Evanxeos e di:

Recibe o Evanxeo de Xesucristo,
do que fuches constituído mensaxeiro;
converte en fe viva o que les,
ensina o que cres
e cumpre aquilo que ensinaches.

322. Mentre,s pódese canta-la antífona:

Proclamade o Evanxeo a toda a creación (T.P. Aleluia).

co salmo 116 (117): *Loade o Señor, tódalas nacións* (cf. núm. 281), ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 116 (117) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

O ordenado diácono retírase ó seu posto.

Ordenación do presbítero

Oración de súplica

323. Entón, achégase o elixido presbítero.

De seguido, érguense todos. O Bispo, deixando a mitra, de pé, coas mans xuntas e mirando ó pobo, fai a invitación:

Oremos, irmáns, a Deus Pai todopoderoso,
para que multiplique os seus dons
sobre este elixido para o ministerio dos presbíteros.

E todos oran en silencio por uns breves momentos.

Imposición das mans e Pregaria da Ordenación

324. O elixido presbítero achégase ó Bispo, que está en pé diante da sede coa mitra posta, e ponse de xeonllos diante del.

325. O Bispo impón en silencio as mans sobre a cabeza do elixido.

Logo, tódolos presbíteros presentes, revestidos de estola, impoñen en silencio as mans sobre o ordenando. Despois da imposición de mans, os presbíteros permanecen cerca do Bispo ata que remate a Pregaria da Ordenación, pero de modo que os fieis poidan ver ben a cerimonia.

326. Entón, axeonllado o elixido diante do Bispo, este, coas mans estendidas, di a Pregaria da Ordenación.

Escóitanos, Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno,
autor da dignidade humana
e dispensador de tódalas grazias,
que perfeccionas tódalas cousas
e todas consolidas.
Ti, para forma-lo pobo sacerdotal,
dispós nel os ministros de Cristo, o teu Fillo,
en ordes diversas,
pola forza do Espírito Santo.

Xa na Antiga Alianza,
os oficios establecidos fóronse perfeccionando
a través de signos santos:
cando a Moisés e a Arón,
elixidos para gobernar e santifica-lo pobo,
lles deches compañeiros de inferior orde e dignidade,
para que lles axudasen como colaboradores.

Así, no deserto,
multiplicáche-lo espírito de Moisés,
comunicándollelo ós setenta varóns prudentes
cos que gobernou o teu pobo
máis doadamente.

Así tamén transmitiches
ós fillos de Arón
a abundosa plenitude outorgada ós seus pais,
para que un número suficiente de sacerdotes conforme á Lei
ofrecese os sacrificios do Santuario,

figura dos bens futuros.

Pero cando chegou a plenitude dos tempos, Pai santo,
mandaches ó mundo o teu Fillo, Xesús,
Apóstolo e Pontífice da fe que profesamos.
El, en virtude do Espírito Santo,
ofreceuse a ti como sacrificio sen mancha,
e fixo partícipes da súa misión os Apóstolos
consagrados na verdade;
ós que lles deches compañeiros
para anunciar e realizar por todo o mundo
a obra da salvación.

Agora, Señor,
concede tamén ó meu humilde ministerio
este colaborador, moi necesario,
para exercer con el o sacerdocio dos Apóstolos.

PEDÍMOSCHE, PAI TODOPODEROSO,
QUE CONFIRAS A ESTE TEU SERVIDOR
A DIGNIDADE DO PRESBITERADO;
RENOVA NO SEU CORAZÓN O ESPÍRITO DE SANTIDADE;
RECIBA DE TI O SACERDOCIO DE SEGUNDO GRAO
E SEXA, COA SÚA CONDUCTA,
EXEMPLO DE VIDA.

Sexa sincero cooperador da Orde Episcopal,
para que, coa súa predicación,
a palabra do Evanxeo,
pola gracia do Espírito Santo,
fructifique no corazón dos homes,
e chegue a toda a terra.

Sexa connosco
fiel dispensador dos teus misterios,
para que o teu pobo se renove
co baño do novo nacemento,
e se alimente do teu altar;
e para que os pecadores sexan reconciliados
e os enfermos aliviados.

Que, unido a nós,
suplique, Señor, a túa misericordia
a prol do pobo a el confiado
e de todo o mundo.

Así tódolos pobos, congregados en Cristo,
formen o teu pobo santo,

que se ha de realizar plenamente no teu Reino.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
e é Deus por sempre eternamente.

Todos: Amén.

Unción das mans e entrega do pan e do viño

327. Rematada a Pregaria da Ordenación, todos sentan. O Bispo pon a mitra. O ordenadoponse en pé. Os presbíteros presentes volven ós seus lugares; pero un deles imponse ó ordenado a estola segundo o modo presbiteral e revísteo coa casula.

328. Despois, o Bispo recibe o gremial e, oportunamente informado o pobo, unxe as palmas das mans do ordenado, axeonllado diante del, e di:

Xesucristo, o noso Señor,
a quen o Pai unxiu
coa forza do Espírito Santo,
che axude para santifica-lo pobo cristián
e para ofrecer a Deus o sacrificio.

Despois o Bispo e o ordenado lavan as mans.

329. Mentres o ordenado viste a estola e a casula e o Bispo lle unxe as mans, cántase a antífona:

Cristo, o Señor, sacerdote para sempre conforme ó rito de Melquisédec,
ofreceu pan e viño. (T.P. Aleluia).

co salmo 109 (110): *Palabra do Señor ó meu Señor* (cf. núm. 134), ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 109 (110) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

330. De seguido, algúns fieis presentan o pan sobre a patena e o cáliz con viño e auga, para a celebración da Misa. O Diácono recíbeos e lévallos ó Bispo, quen llos entrega nas mans ó ordenado presbítero, axeonllado diante del, dicindo:

Recibe a ofrenda do pobo santo
para lla presentares a Deus.
Ten en conta o que fas
e imita o que conmemoras,
e conforma a túa vida
co misterio da cruz do Señor.

331. Por fin, o Bispo dá a cada un dos ordenados, primeiro ó presbítero e despois ó diácono, o ósculo da paz, dicindo:

A paz contigo.

O ordenado responde:

E contigo tamén.

Do mesmo xeito, todos ou polo menos algúns dos presbíteros presentes poden, co seu ósculo de paz, significar ó presbítero recén ordenado o teren sido asociado a eles na Orde sagrada, e o mesmo poden facer algúns diáconos con respecto ó diácono recén ordenado.

332. Namentres, pódese canta-la antífona:

Vós sodes amigos meus,
se facedes canto eu vos mando,
di o Señor. (T.P. Aleluia).

co salmo 99 (100): *Aclama ó Señor, terra enteira* (cf. núm. 137), ou outro canto máis axeitado do mesmo xénero e que conveña coa antífona, especialmente cando se empregou o salmo 99 (100) como salmo responsorial na liturxia da palabra.

333. A Misa segue coma sempre. Dise o Símbolo da fe segundo as rúbricas e omítese a Oración universal.

Liturxia eucarística

334. A liturxia eucarística conclébrase coma sempre, pero omítese a preparación do cáliz. O diácono recén ordenado asiste o Bispo no altar.

335. Nas Pregarias eucarísticas, o Bispo ou un dos presbíteros concelebrantes fai a memoria do novo presbítero e do novo diácono conforme a estas fórmulas:

a) No Canon romano, dise *Acolle, Señor*, propio:

Acolle, Señor, esta ofrenda dos teus ministros
e de toda a túa familia.
Ofrecémoscha tamén por estes teus fillos,
que te dignaches promover
á Orde dos diáconos e á Orde dos presbíteros;
conserva neles e fai que fructifiquen co teu poder
os dons que recibiron da túa gracia.
(Por Cristo, noso Señor. Amén.)

b) Nas intercesións da Pregaria eucarística II, despois das palabras ... *ós que participamos no Corpo e no Sangue de Cristo*, engádese:

Lémbtrate, Señor, da túa Igrexa
estendida por toda a terra:
faina perfecta no amor,
xunto co noso Papa N. e co noso Bispo N.
Lémbtrate tamén destes fillos teus
a quen hoxe quixeches constituír diácono ou presbítero da Igrexa,
e con tódolos pastores do teu pobo.

c) Nas intercesións da Pregaria eucarística III, despois das palabras ... *lle traia a todo o mundo a paz e a salvación*, engádese:

Afirma na fe e no amor a túa Igrexa
mentres peregrina pola terra:
o teu servidor, o noso Papa N. e o noso Bispo N.,
a todo o Colexio Episcopal e estes fillos teus,
que hoxe foron ordenados diácono ou presbítero da Igrexa,
os sacerdotes e diáconos
e a todo o pobo que o teu Fillo redimiu.

d) Nas intercesións da Pregaria eucarística IV, despois das palabras ... *para loanza da túa gloria*, engádese:

E agora, Señor,
acórdate de todos aqueles
polos que che ofrecemos este sacrificio:
en primeiro lugar do noso Papa N.,
do noso Bispo N.,
e de todo o Colexio Episcopal;
destes fillos teus
que hoxe te dignaches elixir
para o servizo diaconal ou presbiteral do teu pobo;
acórdate dos sacerdotes e diáconos,
dos que presentan as súas ofrendas,
dos aquí reunidos,
de todo o teu pobo
e de cantos te buscan con boa fe.

336. O diácono recén ordenado comunga baixo as dúas especies e, servindo ó Bispo, actúa como ministro do cáliz.

337. Axuda, despois, ó Bispo, se fose necesario, na distribución da comunión ós fieis.

338. Os pais e os familiares dos ordenados poden comungar baixo as dúas especies.

339. Rematada a distribución da Comunión, pódese cantar un canto de acción de gracias. Ó

canto segue a oración despois da Comuñón.

Rito de conclusión

340. No lugar da bendición acostumada, pódese usa-la seguinte bendición solemne. O diácono pode face-la invitación con estas palabras ou outras semellantes:

Inclinádevos para recibi-la bendición.

Entón o Bispo, coas mans estendidas sobre os ordenados e o pobo, di a bendición:

O Deus que dirixe e goberna a Igrexa,
manteña a vosa intención
e fortaleza os vosos corazóns,
para que cumprades fielmente o ministerio.

Todos: Amén.

El, que che confiou como diácono a misión de predica-lo Evanxeo,
e servi-lo altar e os homes
te faga no medio do mundo
a súa testemuña convincente
e ministro da caridade.

Todos: Amén.

A ti, presbítero, te faga pastor verdadeiro
que distribúa a palabra da vida e o pan vivo,
para que os fieis crezan na unidade no corpo de Cristo.

Todos: Amén.

E a todos vós aquí reunidos
vos bendiga Deus todopoderoso:
Pai + e Fillo + e Espírito + Santo.

Todos: Amén.

341. Dada a bendición e despedido o pobo polo diácono, todos volven á sancristía en procesión coma sempre.

CAPÍTULO V

TEXTOS PARA A CELEBRACIÓN DAS ORDES SAGRADAS

I

MISA NA CELEBRACIÓN DAS ORDES SAGRADAS

Na Ordenación do Bispo

342. Pode utilizarse a misa ritual “*na celebración das Ordes Sagradas*”, fóra dos domingos de Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades e festas dos apóstolos. Nestes días dise a misa do día coas respectivas lecturas.

Pero, se noutros días non se di a misa ritual, pódese escoller unha das lecturas das que se propoñen no Leccionario para a Misa.

Na Ordenación de varios Bispos han de dicirse as oracións en plural.

Antífona de entrada

Lc 4,18

O Espírito do Señor está sobre min
 porque El foi quen me unxiu
 para proclama-la Boa Nova ós pobres
 e sanda-los de corazón oprimido.

Oración

Deus, noso Pai,
 que pola gran xenerosidade da túa gracia,
 quixeches poñer hoxe á cabeza da túa Igrexa de N.
 ó teu servo N., presbítero;
 concédelle exercer con dignidade o ministerio pastoral
 e guiar coa palabra e co exemplo,
 baixo o teu amparo,
 o rabaño que lle confiaches.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou ben, especialmente cando o ordenado non é o Bispo residencial:

Deus, Pastor eterno,
 que goberna-lo teu pobo con protección constante,
 e quixeches incorporar hoxe ó Colexio Episcopal
 o teu servo N., presbítero;
 concédelle ser sempre testemuña de Cristo

pola santidad da súa vida.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Se o ordenado preside a liturxia eucarística, di:

Ofrecémosche, Señor,
 este sacrificio de loanza
 para que aumentes en min o espírito de servicio
 e leves a cabo o que me entregaches sen méritos propios.
 Por Cristo, noso Señor.

Se preside a liturxia eucarística o Bispo ordenante principal, di:

Señor, acolle agarimoso as ofrendas
 que che facemos pola túa Igrexa e polo teu servo N.,
 a quen puxeches como Bispo do teu pobo.
 Éncheo de virtudes apostólicas para ben da túa Igrexa.
 Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I

O sacerdocio de Cristo e o ministerio dos sacerdotes

- V. O Señor sexa convosco.
 R. E contigo tamén.
- v. Erguede os corazóns.
 R. Témosos postos no Señor.
- V. Deámoslle grazas ó Señor, noso Deus.
 R. É digno e de xustiza.

Verdadeiramente é digno e de xustiza,
 é o noso deber e salvación
 darche grazas sempre e en todo lugar,
 Señor, Pai santo,
 Deus todopoderoso e eterno.

Pola unción do Espírito Santo
 constituíche-lo teu Fillo unixénito
 Pontífice da alianza nova e eterna,
 e na túa providencia misteriosa
 dispuxeches que o seu único sacerdocio
 se perpetuase na túa Igrexa.

El non só enriquece o teu pobo santo

co seu sacerdocio real,
 senón que co seu amor de irmán
 escolleu tamén homes,
 que, mediante a imposición de mans,
 participen do seu ministerio sagrado.

Eles renovan no seu nome
 o sacrificio da redención humana,
 preparándolles ós teus fillos o banquete pascual,
 guían con amor o teu pobo santo,
 aliméntano coa palabra
 e confórtano cos sacramentos.

Eles, consagrando a súa vida a ti e ós seus irmáns,
 esfórzanse en se faceren semellantes a Cristo
 e en che ofreceren sempre a ti
 un testemuño de fe e de amor.

Por iso nós, Señor,
 unidos ós anxos e ós santos,
 te glorificamos e te aclamamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

Prefacio II

Cristo, orixe de todo ministerio eclesial

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

v. Erguede os corazóns.

R. Témosos postos no Señor.

V. Deámoslle grazas ó Señor, noso Deus.

R. É digno e de xustiza.

Loámoste e dámosche grazas,
 Pai santo,
 Deus todopoderoso e cheo de misericordia.

Ti é-la orixe de toda paternidade
 na comunión dun só Espírito.

O teu Fillo Xesucristo, sacerdote eterno,
 servo ben mandado, pastor dos pastores,
 é a fonte dos ministerios
 que o teu pobo, peregrino no tempo,

mantén na viva tradición apostólica.

Coa diversidade de dons e de carismas
ti elixes e constitués dispensadores dos santos misterios,
para que en tódolos pobos da terra
se ofreza o sacrificio perfecto e se edifique,
coa palabra e cos sacramentos,
a Igrexa santa,
comunidade da nova alianza e templo da túa gloria.

Por este misterio de salvación,
cos anxos e cos santos,
proclamámo-lo himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

As intercesións das Pregarias eucarísticas encóntranse nos números 59 ou 95.

Antífona de comunión

Xn 17,17-18

“Pai santo, conságraos na verdade: a túa palabra é verdade.
Coma ti me enviaches ó mundo, así os envío eu”, di o Señor.

Oración despois da comunión

Se o ordenado preside a liturxia eucarística, di:

Señor, leva á súa plenitude en nós
a obra da túa misericordia.
Que o teu amor nos faga fortes e xenerosos
para que che poidamos agradar en todo.
Por Cristo, noso Señor.

Se preside a liturxia eucarística o Bispo ordenante principal, di:

Señor, pola eficacia deste sacramento que acabamos de celebrar,
aumenta no teu servo N., Bispo,
os dons da túa gracia.
Concédelle exercer con dignidade o ministerio pastoral
e, pola súa fidelidade no teu servicio
acada-los premios eternos.
Por Cristo, noso Señor.

Na Ordenación dos presbíteros

343. Pode utilizarse a misa ritual “*na celebración das Ordes Sagradas*”, fóra dos domingos de Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades e festas dos apóstolos. Nestes días dise a misa do día coas respectivas lecturas.

Pero, se noutros días non se di a misa ritual, pódese escoller unha das lecturas das que se propoñen no leccionario para a misa.

Na Ordenación dun só presbítero han dicirse as oracións en singular.

Antífona de entrada

Xr 3,15

“Dareivos pastores conforme á miña idea,
que vos gobernen con sabedoría e sexan prudentes”.

Oración

Señor, noso Deus,
para goberná-lo teu pobo,
váleste do ministerio dos sacerdotes.
Concédelles a estes diáconos da túa Igrexa
que foron elixidos hoxe para o presbiterado,
servirte con perseverancia conforme á túa vontade,
a fin de que coa súa vida e o seu ministerio pastoral
poidan glorificarte en Cristo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Deus, noso Pai,
ti quixeches que os teus sacerdotes servisen o altar e o teu pobo,
rogámosche que pola virtude deste sacrificio
che agrade o seu servicio
e o seu froito permaneza sempre na túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I

O sacerdocio de Cristo e o ministerio dos sacerdotes

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

- v. Erguede os corazóns.
R. Témoslos postos no Señor.
- V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xustiza.

Verdadeiramente é digno e de xustiza,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Pola unción do Espírito Santo
constituíche-lo teu Fillo unixénito
Pontífice da alianza nova e eterna,
e na túa providencia misteriosa
dispuxeches que o seu único sacerdocio
se perpetuase na túa Igrexa.

El non só enriquece o teu pobo santo
co seu sacerdocio real,
senón que co seu amor de irmán
escolleu tamén homes,
que, mediante a imposición de mans,
participen do seu ministerio sagrado.

Eles renovan no seu nome
o sacrificio da redención humana,
preparándolles ós teus fillos o banquete pascual,
guían con amor o teu pobo santo,
aliméntano coa palabra
e confórtano cos sacramentos.

Eles, consagrando a súa vida a ti e ós seus irmáns,
esfórzanse en se faceren semellantes a Cristo
e en che ofrecerem sempre a ti
un testemuño de fe e de amor.

Por iso nós, Señor,
unidos ós anxos e ós santos,
te glorificamos e te aclamamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

Prefacio II

Cristo, orixe de todo ministerio eclesial

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

v. Erguede os corazóns.

R. Témoslos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.

R. É digno e de xustiza.

Loámoste e dámosche gracias,
Pai santo,
Deus todopoderoso e cheo de misericordia.

Ti é-la orixe de toda paternidade
na comunión dun só Espírito.

O teu Fillo Xesucristo, sacerdote eterno,
servo ben mandado, pastor dos pastores,
é a fonte dos ministerios
que o teu pobo, peregrino no tempo,
mantén na viva tradición apostólica.

Coa diversidade de dons e de carismas
ti elixes e constituís dispensadores dos santos misterios,
para que en tódolos pobos da terra
se ofrezca o sacrificio perfecto e se edifique,
coa palabra e cos sacramentos,
a Igrexa santa,
comunidade da nova alianza e templo da túa gloria.

Por este misterio de salvación,
cos anxos e cos santos,
proclamámo-lo himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

As intercesións das Pregarias eucarísticas encóntranse nos números 140 ou 168.

Antífona de comunión

Mc 16,15; Mt 28,20

“Ide polo mundo enteiro e predicade o Evanxeo a tódalas criaturas: eu estarei sempre convosco deica a fin do mundo”, di o Señor.

Oración despois da comunión

Señor, pedímosche que o sacrificio que acabamos de ofrecerche
e a vítima santa que comungamos
enchán de vida os teus sacerdotes e os teus fieis.

Fai que, unidos a ti por un amor constante,
poidan servirte dignamente.
Por Cristo, noso Señor.

Na Ordenación dos diáconos

344. Pode utilizarse a misa ritual “*na celebración das Ordes Sagradas*”, fóra dos domingos de Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades e festas dos apóstolos. Nestes días dise a misa do día coas respectivas lecturas.

Pero, se noutros días non se di a misa ritual, pódese escoller unha das lecturas das que se propoñen no leccionario para a misa.

Na Ordenación dun só diácono han de dicirse as oracións en singular.

Antífona de entrada

Xn 12,26

“Se alguén me quere servir, que me siga, di o Señor; e alí onde estou eu, estará tamén o meu servidor”.

Oración

Deus, noso Pai,
ti ensinácheslles ós ministros da túa Igrexa
a serviren os irmáns e non a seren servidos.
Rogámosche que lles concedas ós que hoxe elixes diáconos
dispoñibilidade na acción,
mansedume no servicio e perseverancia na oración.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Deus, Pai santo,
o teu Fillo quixo lava-los pés dos apóstolos
para nos dar exemplo.
Recibe os dons que che presentamos
e, ó nos ofrecermos a nós mesmos como oblación espiritual,
fai que nos enchamos de espírito de servicio e humildade.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I

O sacerdocio de Cristo e o ministerio dos ministros da Igrexa

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

v. Erguede os corazóns.

- R. Témoslos postos no Señor.
- V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
R. É digno e de xustiza.

Verdadeiramente é digno e de xustiza,
é o noso deber e salvación
darche gracias sempre e en todo lugar,
Señor, Pai santo,
Deus todopoderoso e eterno.

Pola unción do Espírito Santo
constituíche-lo teu Fillo unixénito
Pontífice da alianza nova e eterna,
e na túa providencia misteriosa
dispuxeches numerosos ministerios
na túa Igrexa.

El non só enriquece o teu pobo santo
co seu sacerdocio real,
senón que co seu amor de irmán
escolleu tamén homes,
que, mediante a imposición de mans,
participen do seu ministerio sagrado.

Eles guían con amor o teu pobo santo,
aliméntano coa palabra
e confórtano cos sacramentos.

Eles, consagrando a súa vida a ti e ós seus irmáns,
esfórzanse en se faceren semellantes a Cristo
e en che ofrecerem sempre a ti
un testemuño de fe e de amor.

Por iso nós, Señor,
unidos ós anxos e ós santos,
te glorificamos e te aclamamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

Prefacio II

Cristo, orixe de todo ministerio eclesial

- V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
- v. Erguede os corazóns.

- R. Témoslos postos no Señor.
 V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.
 R. É digno e de xustiza.

Loámoste e dámosche gracias,
 Pai santo,
 Deus todopoderoso e cheo de misericordia.

Ti é-la orixe de toda paternidade
 na comunión dun só Espírito.

O teu Fillo Xesucristo, sacerdote eterno,
 servo ben mandado, pastor dos pastores,
 é a fonte dos ministerios
 que o teu pobo, peregrino no tempo,
 mantén na viva tradición apostólica.

Coa diversidade de dons e de carismas
 ti elixes e constitués dispensadores dos santos misterios,
 para que en tódolos pobos da terra
 se ofrezca o sacrificio perfecto e se edifique,
 coa palabra e cos sacramentos,
 a Igrexa santa,
 comunidade da nova alianza e templo da túa gloria.

Por este misterio de salvación,
 cos anxos e cos santos,
 proclamámo-lo himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

As intercesións nas Pregarias eucarísticas, pódense encontrar nos números 214 ou 242.

Antífona de comunión

Mt 20,28; Mt 28,20

“O Fillo do home non veu a que o sirvan, senón a servir e a entrega-la súa vida en rescate por todos”.

Oración despois da comunión

Señor, concédelles ós que alimentaches
 co pan e co viño eucarístico,
 seren fieis ministros do Evanxeo,
 dos sacramentos e da caridade,
 para a túa gloria e para a salvación do teu pobo.
 Por Cristo, noso Señor.

Para a Ordenación de diáconos e presbíteros

345. Na Ordenación conxunta de diáconos e presbíteros, pode utilizarse a misa ritual “*na celebración das Ordes Sagradas*”, fóra dos domingos de Advento, Coresma e Pascua, das solemnidades e festas dos apóstolos. Nestes días dise a misa do día coas respectivas lecturas.

Pero, se noutros días non se di a misa ritual, pódese escoller unha das lecturas das que se propoñen no leccionario para a misa.

Antífona de entrada

Xn 12,26

“Se alguén me quere servir, que me siga, di o Señor; e alí onde estou eu, estará tamén o meu servidor”.

Oración

Señor, ti dispuxeches, na túa providencia,
que houbera pastores para o teu pobo.
Verte sobre a túa Igrexa o espírito de piedade e fortaleza,
que faga xurdir nela ministros que sirvan dignamente o teu altar
e que anuncien con fortaleza e bondade o teu Evanxeo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Oración sobre as ofrendas

Deus, Pai santo,
o teu Fillo quixo lava-los pés dos apóstolos
para nos dar exemplo.
Recibe os dons que che presentamos
e, ó nos ofrecermos a nós mesmos como oblación espiritual,
fai que nos enchamos de espírito de servicio e humildade.
Por Cristo, noso Señor.

Prefacio I

O sacerdocio de Cristo e o ministerio dos ministros da Igrexa

- V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.
- v. Erguede os corazóns.
R. Témosos postos no Señor.
- V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.

R. É digno e de xustiza.

Verdadeiramente é digno e de xustiza,
 é o noso deber e salvación
 darche gracias sempre e en todo lugar,
 Señor, Pai santo,
 Deus todopoderoso e eterno.

Pola unción do Espírito Santo
 constituíche-lo teu Fillo unixénito
 Pontífice da alianza nova e eterna,
 e na túa providencia misteriosa
 dispuxeches numerosos ministerios
 na túa Igrexa.

El non só enriquece o teu pobo santo
 co seu sacerdocio real,
 senón que co seu amor de irmán
 escolleu tamén homes,
 que, mediante a imposición de mans,
 participen do seu ministerio sagrado.

Eles guían con amor o teu pobo santo,
 aliméntano coa palabra
 e confórtano cos sacramentos.

Eles, consagrando a súa vida a ti e ós seus irmáns,
 esfórzanse en se faceren semellantes a Cristo
 e en che ofrecerem sempre a ti
 un testemuño de fe e de amor.

Por iso nós, Señor,
 unidos ós anxos e ós santos,
 te glorificamos e te aclamamos, dicindo:

Santo, Santo, Santo...

Prefacio II

Cristo, orixe de todo ministerio eclesial

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

v. Erguede os corazóns.

R. Témoslos postos no Señor.

V. Deámoslle gracias ó Señor, noso Deus.

R. É digno e de xustiza.

Loámoste e dámosche gracias,
Pai santo,
Deus todopoderoso e cheo de misericordia.

Ti é-la orixe de toda paternidade
na comunión dun só Espírito.

O teu Fillo Xesucristo, sacerdote eterno,
servo ben mandado, pastor dos pastores,
é a fonte dos ministerios
que o teu pobo, peregrino no tempo,
mantén na viva tradición apostólica.

Coa diversidade de dons e de carismas
ti elixes e constituís dispensadores dos santos misterios,
para que en tódolos pobos da terra
se ofrezca o sacrificio perfecto e se edifique,
coa palabra e cos sacramentos,
a Igrexa santa,
comunidade da nova alianza e templo da túa gloria.

Por este misterio de salvación,
cos anxos e cos santos,
proclamámo-lo himno da túa gloria:

Santo, Santo, Santo...

As intercesións nas Pregarias eucarísticas, pódense encontrar nos números 294 ou 335.

Antífona de comunión

Xn 17,17-18

“Pai santo, conságraos na verdade: a túa palabra é verdade. Coma ti me enviaches ó mundo, así os envío eu”, di o Señor.

Oración despois da comunión

Señor, concédelles ós que alimentaches
co pan e co viño eucarístico,
seren fieis ministros do Evanxeo,
dos sacramentos e da caridade,
para a túa gloria e para a salvación do teu pobo.
Por Cristo, noso Señor.

II

LECTURAS BÍBLICAS

346. Algúns textos desta serie están destinados máis ben para circunstancias particulares. Os demais poden utilizarse en tódalas ordenacións.

Segundo a tradición litúrxica, durante o tempo pascual non se le o Antigo Testamento; e na lectura evanxélica han de preferirse os textos de Xoán.

Lecturas do Antigo Testamento

347.

1. Núm 3, 5-9

Manda vir ós da tribo de Leví para que axuden ó sacerdote Arón no seu servicio.

(Para diáconos) (Lecc. III, n. 770, 1).

2. Núm 11, 11b-12. 14-17. 24-25a

Dareilles espírito do que hai en ti, para que leven contigo o peso do pobo.

(Para presbíteros) (Lecc. III, n. 770, 2).

3. Is 61, 1-3a

O Señor unxiume. Mándame anuncia-la boa nova ós pobres.

(Para Bispos e presbíteros) (Lecc. III, n. 770, 3).

4. Xr 1, 4-9

Onde Eu te mande, irás.

(Lecc. III, n. 770, 4).

Lecturas do Novo Testamento

348.

1. Feit 6, 1-7b

Elixiron sete homes cheos do Espírito Santo.

(Para diáconos) (Lecc. III, n. 771, 1).

2. Feit 8, 26-40

Partindo da pasaxe da Escritura, evanxelizouno falándolle de Xesús.

(Para diáconos) (Lecc. III, n. 771, 2).

3. Feit 10, 37-43

Nós somos testemuñas de todo o que fixo no país dos xudeus e mais en Xerusalén

(Lecc. III, n. 771, 3).

4. Feit 20, 17-18a. 28-32. 36
Coidade de vós e de todo o rabaño do que o Espírito Santo vos constituíu bispos, para pastoreá-la Igrexa de Deus.
(Para Bispos e presbíteros) (Lecc. III, n. 771, 4).
5. Rm 12, 4-8
Temos dons diferentes, conforme á gracia que recibimos.
(Lecc. III, n. 771, 5).
6. 2 Cor 4, 1-2. 5-7
Anunciamos a Xesús Cristo como Señor; e nós, coma servos vosos por causa de Xesús.
(Lecc. III, n. 771, 6).
7. 2 Cor 5, 14-20
Encomendóuno-lo ministerio da reconciliación.
(Lecc. III, n. 771, 7).
8. Ef 4, 1-7. 11-13
Para realiza-la tarefa do ministerio, para edificación do Corpo de Cristo.
(Lecc. III, n. 771, 8).
9. 1 Tim 3, 8-10. 12-13
Conservando o misterio da fe nunha conciencia limpa.
(Para diáconos) (Lecc. III, n. 771, 9).
10. 1 Tim 4, 12-16, ou: 4, 12b-16
Non descóide-lo don que se che deu pola imposición de mans do presbiterio.
(Para bispos) (Lecc. III, n. 771, 10).
11. 2 Tim 1, 6-14
Reaviva o don de Deus que hai en ti pola imposición das miñas mans.
(Para bispos) (Lecc. III, n. 771, 11).
12. Heb 5, 1-10
Cristo, proclamado por Deus sacerdote á maneira de Melquisédec
(Lecc. III, n. 771, 12).
13. 1 Pe 4, 7b-11
Coma bos administradores da multiforme gracia de Deus.
(Lecc. III, n. 771, 13).
14. 1 Pe 5, 1-4
Coidade o rabaño de Deus, que está á vosa garda.
(Lecc. III, n. 771, 14).

349.

1. Sal 22 (23), 1-3. 4. 5. 6
R/. (1): O Señor é o meu pastor: nada me falta.
(Lecc. III, n. 772, 1).
2. Sal 83 (84), 3-4. 5. 11
R/. (5a): Ditosos os que habitan na túa casa, Señor.
(Lecc. III, n. 772, 2).
3. Sal 88 (89), 21-22. 25 e 27
R/. (cf 2a): Quero cantar por sempre o amor do Señor.
(Lecc. III, n. 772, 3).
4. Sal 95 (96), 1-2a. 2b-3. 10
R/. (Mt 28, 19): Ide a todo o mundo, aleluia, ensinando a tódolos pobos, aleluia.
(Lecc. III, n. 772, 4).
5. Sal 99 (100), 2. 3. 4. 5
R/. (Xn 15, 14): Vós sodes amigos meus, se facedes canto eu vos mando, di o Señor.
(Lecc. III, n. 772, 5).
6. Sal 109 (110), 1 . 2. 3. 4
R/. Cristo Señor, Sacerdote para sempre conforme ó rito de Melquisédec,
ofreceu o pan e o viño.
Ou: (4b): Ti es sacerdote para sempre conforme ó rito de Melquisédec.
(Lecc. III, n. 772, 6).
7. Sal 115 (116), 12-13. 17-18
R/. (1 Cor 10, 16): O cáliz de bendición, é comunión co sangue de Cristo.
Ou: Aleluia.
(Lecc. III, n. 772, 7).
8. Sal 116 (117), 1. 2
R/. (Mc 16, 15): Ide ó mundo enteiro, predicade o Evanxeo.
Ou: Aleluia.
(Lecc. III, n. 772, 8).

Aleluias e versos antes do Evanxeo

350.

1. Mt 28, 19a-20b
Ide e facede discípulos meus a tódolos pobos, di o Señor;
eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.

- (Lecc. III, n. 773, 1).
2. Lc 4, 18
Mandoume o Señor para proclamárlle-la Boa Nova ós pobres,
para lles anuncia-la liberación ós secuestrados.
(Lecc. III, n. 773, 2).
 3. Xn 10, 14
Eu son o Bo Pastor, di o Señor;
e coñezo as miñas ovellas, e as miñas coñécenme a min.
(Lecc. III, n. 773, 3).
 4. Xn 15, 15b
A vós trateivos de amigos, di o Señor,
pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer.
(Lecc. III, n. 773, 4).

Evanxeos

351.

1. Mt 5, 13-16
Vós sóde-la luz do mundo.
(Lecc. III, n. 774, 1).
2. Mt 9, 35-38
Rogádelle ó dono da seara que mande traballadores á súa seara.
(Lecc. III, n. 774, 2).
3. Mt 10, 1-5a
Xesús escolleu doce apóstolos para os enviar.
(Lecc. III, n. 774, 3).
4. Mt 20, 25b-28
Quen queira entre vós se-lo primeiro, ha de ser servo voso.
(Lecc. III, n. 774, 4).
5. Lc 10, 1-9
A anada é ben boa, pero os xornaleiros son poucos.
(Lecc. III, n. 774, 5).
6. Lc 12, 35-44
Ditosos os criados a quen o amo atope agardando cando chegue.
(Lecc. III, n. 774, 6).
7. Lc 22, 14-20. 24-30.

Facede isto en memoria de min. Eu estou entre vós coma quen serve.
(Lecc. III, n. 774, 7).

8. Xn 10, 11-16
O Bo Pastor dá a súa vida polas ovellas.
(Lecc. III, n. 774, 8).
9. Xn 12, 24-26
Se alguén quere servirme, que me siga.
(Lecc. III, n. 774, 9).
10. Xn 15, 9-17
Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós.
(Lecc. III, n. 774, 10).
11. Xn 17, 6. 14-19
Por eles conságrome eu, para que tamén eles sexan consagrados na verdade.
(Lecc. III, n. 774, 11).
12. Xn 20, 19-23
Como o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.
(Lecc. III, n. 774, 12).
13. Xn 21, 15-17
Apacenta os meus años, apacenta as miñas ovellas.
(Lecc. III, n. 774, 13).

Apéndice I

CANTOS

Ven, Espírito divino,
visítanos nesta hora,
enche coa túa forza
os que crearas noutrora.

Ti e-lo regalo de Deus,
do pobre fiel defensor,
alento espiritual,
fonte viva, lume, amor.

Ilumínanos na noite,
dános amor a mancheas,
fortalece os nosos corpos
nas horas tristes e ledas.

Acaba en nós co que mata
a xustiza que nos salva;
e guíanos no camiño
que a paz constrúe e ampara.

Que coñezamos ó Pai,
que coñezamos ó Fillo,
que en todo tempo creamos
no que é dos dous Espírito.

E lévanos onda o Pai
na compañía do seu Fillo,
para crete e adorarte
a ti, de amor lume vivo.

II

¡Ven, Espírito Creador! ¡Desce, ilumina
os que obedecen fieis os teus mandatos!
¡Enche de gracia eterna e luz divina
os peitos que por Ti foron creados!

¡Acende o noso escuro pensamento!
¡Nas nosas almas teu amor floreza!
¡Noso corpo en mortal decaemento
en Ti reciba alentos e forteza!

III

IV

Apéndice II

I. RITO PARA A ADMISIÓN DE CANDIDATOS Á ORDE SAGRADA

Observacións xerais

1. O rito de admisión faise cando consta que o propósito dos aspirantes, apoiado nas cualidades necesarias, teñen acadado madurez suficiente.

2. O propósito de recibir as Ordes sagradas han de manifestalo publicamente os aspirantes. O Bispo ou o Superior Maior nos institutos clericais, ou o seu delegado aceptan publicamente este propósito.

3. A admisión pode celebrarse en calquera día agás no Tríduo pascual, na Semana Santa, no Mércores de Cinsa e na Conmemoración de tódolos Fieis defuntos, sobre todo na igrexa ou oratorio do Seminario ou do Instituto relixioso, coa ocasión, v. gr., dunha xuntanza de presbíteros ou de diáconos, ben sexa dentro da Misa ou nunha celebración da Liturxia das horas ou da palabra de Deus. Pola súa natureza, nunca debe xuntarse coas sagradas Ordes nin coa institución de lectores e acólitos.

4. Se a admisión se celebra dentro da Eucaristía, pode dicirse a Misa *polas Vocacións sacerdotais*, coas lecturas propias do rito de admisión, empregando a cor branca.

Pero se coincide algunha das celebracións que se amosan nos nn. 2-9 da táboa dos días litúrxicos, dirase a Misa do día.

Cando non se di a Misa *polas Vocacións sacerdotais*, unha das lecturas pode tomarse das que se propoñen no Leccionario para o rito da admisión, a non ser que coincida un dos días que se citan nos nn. 2-4 da táboa dos días litúrxicos.

5. Se a admisión se fai dentro dunha Celebración da palabra de Deus, esta pódese comezar cunha antifona apropiada e, despois do saúdo do celebrante, dise a colecta da mesma Misa. As lecturas tómanse das indicadas no Leccionario para esta celebración.

6. Cando o rito se celebra dentro da Liturxia das horas, comeza despois da lectura breve ou longa. Nos Laudes e Vésperas, no lugar das intercesións ou Preces, poden dicirse as invocacións da oración común como máis adiante se propoñen no núm. 12.

7. Se a admisión se celebra dentro da Misa, o Bispo celebrante revístese coas vestiduras sagradas que se requiren para a celebración eucarística e usa mitra e báculo; pero, se se celebra fóra da Misa, pode leva-la cruz pectoral, estola e capa pluvial da cor axeitada sobre a alba, ou tomar só a cruz e a estola sobre o roquete e a muceta; neste caso non usa mitra nin báculo.

Rito de admisión

8. Despois das lecturas bíblicas, o celebrante, se é Bispo, coa mitra e o báculo, se corresponde, e sentado na sede, fai a homilía na que, partindo do texto das lecturas litúrxicas da palabra, amoesta os presentes sobre a índole da admisión coas seguintes ou parecidas palabras:

Benqueridos irmáns:

Estes irmáns nosos que hoxe se presentan ante a Igrexa e piden ser admitidos entre os candidatos á Orde sagrada, quedarán encomendados tanto a min coma a vós.

Cristo mandou: “Rogádelle ó dono da seara que mande xornaleiros á súa seitura”. Por isto, eles, conscientes da solicitude do Señor polo seu pobo e tendo en conta a necesidade que ten a Igrexa de ministros, están dispostos a responder con xenerosidade á chamada do Señor, dicindo co profeta: “Aquí estou, mándame”. Confiados no Señor, esperan ser fieis á súa vocación.

Certamente, a través dos diversos acontecementos da vida foron presentando e descubrindo a voz de Deus que os chamaba, e coma homes prudentes viron nestes acontecementos o sinal da vontade de Deus. É Deus mesmo quen move e axuda coa súa gracia a aqueles que chama a participar no sacerdocio xerárquico de Cristo; pero encoméndalles ós Bispos que, unha vez comprobada a idoneidade dos candidatos, os chamemos e os consagremos ó servicio de Deus e da Igrexa, sinalándoos para tal misión co selo peculiar do Espírito Santo. Desta maneira, quedan destinados, por medio da Orde sagrada, para perpetua-la misión salvadora que Cristo veu realizar no mundo. Así pois, cando chegue o momento conveniente, asociados ó noso ministerio por medio da ordenación, servirán a Igrexa e construírán mediante a palabra e os sacramentos aquelas comunidades cristiás ás que sexan enviados.

Para poderen ser chamados un día polo seu Bispo ó ministerio sagrado, hai xa tempo que estes nosos irmáns, aquí presentes, comezaron a súa formación coa ansia de axustala súa vida, cada vez máis perfectamente ó espírito evanxélico; espírito que leva consigo: vivir arraizados na fe, na esperanza e na caridade; alcanzar, mediante o exercicio destas virtudes, o espírito de oración e medrar no seu celo de gañaren para Cristo a tódolos homes.

Agora, pois, empuxados polo amor a Cristo e sentíndose fortalecidos pola acción íntima do Espírito Santo, decidiron manifestar publicamente o seu desexo de consagrarse ó servicio de Deus e dos homes. De hoxe en diante, pois, debedes cultivar con máis intensidade a vosa vocación, especialmente aproveitando aqueles medios cos que pode prestarvos auxilio e axuda a comunidade eclesial delegada para este fin.

Todos nós, pola nosa parte, confiando no Señor, axudarémosvos coa caridade e a oración.

Agora, polo tanto, cando sexades chamados polos vosos nomes, achegádevos e manifestade diante da Igrexa a vosa decisión.

9. Un diácono ou un prebítero delegado para o caso chama a cada aspirante polo seu nome. Cada un deles responde:

Aquí estou.

E achégase ó celebrante a quen, se é Bispo, faille unha reverencia.

10. Entón o celebrante interrógaos con estas palabras:

Benqueridos fillos:

os pastores e mestres a quen se encomendou a tarefa da vosa formación, e todos aqueles que vos coñecen, informaron ben de vós. Eu, pola miña parte, confío plenamente no seu sentir.

¿Queredes, respondendo á chamada do Señor, remata-la vosa formación de tal maneira que sexades dignos de que, no seu día, se vos poida confía-lo ministerio eclesial, por medio da Orde sagrada?

Os aspirantes, todos a un tempo, responden:

Quero.

Celebrante:

¿Queredes ir formando o voso espírito de tal maneira que poidades servir con fidelidade a Cristo, o Señor, e o seu Corpo, que é a Igrexa?

Os aspirantes, todos a un tempo, responden:

Quero.

A decisión dos candidatos pode ser recibida polo celebrante doutra maneira se é que a determinou a Conferencia Episcopal.

O celebrante engade:

A Igrexa recibe con alegría a vosa decisión. O que Deus comezou en vós, el mesmo o leve a cabo.

Todos: Amén.

11. Érguense todos e o Bispo deixa o báculo e a mitra, se os usa. Cando se celebra a Misa dise o Símbolo se as rúbricas o prescriben. Despois convida os fieis a orar:

Roguemos humildemente, benqueridos irmáns,
a Deus o noso Señor,
que se digne derrama-la gracia da súa bendición sobre estes seus fillos
que desexan consagrarse ó servicio da Igrexa.

12. Un diácono ou outro ministro axeitado propón estas intencións ou outras máis axustadas ás circunstancias; respóndase cunha aclamación, que pode ser esta:

Escoita a nosa oración.

- Para que estes nosos irmáns se unan máis intimamente a Cristo e sexan as súas testemuñas ante os homes, roguemos ó Señor.

R/. escoita a nosa oración.

- Para que saiban facer súas as ansias e preocupacións dos homes e estean sempre atentos a escoita-la voz do Espírito Santo, roguemos ó Señor.

R/. escoita a nosa oración.

- Para que cheguen a ser ministros da Igrexa, e coa súa palabra e a súa vida confirmen os seus irmáns na fe, e os xunten para participar da eucaristía, roguemos ó Señor.

R/. escoita a nosa oración.

- Para que Deus mande traballadores á súa seitura, e os encha cos dons do seu Espírito, roguemos ó Señor.

R/. escoita a nosa oración.

- Para que tódolos homes acaden a plenitude da paz e da xustiza, roguemos ó Señor.

R/. escoita a nosa oración.

- Para que tódolos nosos irmáns aflixidos, que participan na paixón de Cristo, acaden a liberdade e a saúde, roguemos ó Señor.

R/. escoita a nosa oración.

13. Se a admisión se fai en Laudes ou Vésperas, omítense as intercesións e a Oración dominical e dise sen máis a oración do núm. 14; na celebración da palabra dise sen máis a Oración dominical .

14. Despois da Oración dominical ou, se a admisión se celebra dentro da Misa, inmediatamente despois das intencións, o celebrante di:

Escoita, Señor, a nosa oración
e, pola túa bondade
dígnate + bendicir estes teus fillos
que desexan consagrarse ó culto divino
e ó servizo do teu pobo,
no ministerio sagrado.
Fai que perseveren na súa vocación,
e que, unidos con amor verdadeiro a Cristo sacerdote,
cheguen a ser aptos para recibiren con dignidade o ministerio apostólico.
Por Cristo, noso Señor.

Todos: Amén

Ou ben:

Concede, Señor, a estes teus fillos
que coñezan e vivan o misterio do teu amor
con plenitude sempre crecente.
Que, con espírito xeneroso,
se preparen a exercer-lo ministerio sagrado na Igrexa,
e que o Espírito do teu amor
os encha de tal maneira
que se entreguen con arelas
a glorifica-lo teu nome e a salvación dos seus irmáns.
Por Cristo, noso Señor.

Todos: Amén

15. Se a admisión se celebra dentro da Misa, esta segue coma sempre e os candidatos e os seus pais e familiares poden recibila comunión baixo ámbalas dúas especies. Dentro da Liturxia das horas, faise como adoito todo canto segue ó rito.

Se tivo lugar nunha celebración da palabra, o celebrante bendice os fieis alí reunidos e despídeos da maneira acostumada.

II. LECTURAS BÍBLICAS PARA A CELEBRACIÓN DA ADMISIÓN DE CANDIDATOS Á ORDE SAGRADA.

Lecturas do Antigo Testamento

16.

1. Dt 1, 9-14
Escollédevos homes de experiencia e eu poreinos á cabeza de vós.
(Lecc. III, n. 775, 1).
2. Eclo 39, 1b. 5-8
Desde o amencer diríxese con todo o seu ánimo ó Señor.
(Lecc. III, n. 775, 2).
3. Is 6, 1-2a. 3-8
¿A quen mandarei? ¿Quen irá da nosa parte?
(Lecc. III, n. 775, 3).
4. Xer 1, 4-9
Onde eu te mande, irás.
(Lecc. III, n. 775, 4).

Lecturas do Novo Testamento

17.

1. Feit 14, 21-23
Ordenaron presbíteros en cada Igrexa.
(Lecc. III, n. 776, 1).
2. 1 Cor 9, 16-19. 22-23
¡Pobre de min se non predico o Evanxeo!
(Lecc. III, n. 776, 2).
3. 1 Cor 12, 4-11
A cadaquén dáselle a manifestación do Espírito para o ben común.
(Lecc. III, n. 776, 3).
4. 2 Tim 3, 10-12. 14-15
Mantente no que aprendiches.
(Lecc. III, n. 776, 4).

Salmos responsoriais

18.

1. Sal 15 (16), 1-2a e 5. 7-8. 11
R/. (cf 5a): Ti es, Señor, a miña herdade.
(Lecc. III, n. 777, 1).
2. Sal 23 (24), 1-2. 3-4ab. 5-6
R/. (cf 6): Esta é a liñaxe dos que buscan a túa presenza, Señor.
(Lecc. III, n. 777, 2).
3. Sal 97 (98), 1. 2-3ab. 3c-4. 5-6
R/. (2b): O Señor revela a súa xustiza diante dos pobos.
(Lecc. III, n. 777, 3).

Aleluias e versos antes do evanxeo

19.

1. Mc 1, 17
Vinde comigo, di o Señor,
e fareivos pescadores de homes.
(Lecc. III, n. 778, 1).
2. Lc 4, 18
O Señor mandoume proclamárle-la Boa Nova ós pobres,
predicárle-la liberación ós secuestrados.
(Lecc. III, n. 778, 2).
3. Xn 12, 26
Se alguén quere servirme, que me siga, di o Señor;
e alí onde estou eu, estará tamén o meu servidor.
(Lecc. III, n. 778, 3).

Evanxeos

20.

1. Mt 9, 35-38
Rogádelle ó dono da seara que mande traballadores á súa seara.

- (Lecc. III, n. 779, 1).
2. Mc 1, 14-20
Fareivos pescadores de homes.
(Lecc. III, n. 779, 2).
 3. Lc 5, 1-11
Xa que ti o dis, largarei o aparello.
(Lecc. III, n. 779, 3).
 4. Xn 1, 35-42
Velaquí o Añño de Deus. Encontrámo-lo Mesías.
(Lecc. III, n. 779, 4).
 5. Xn 1, 45-51
Aí tedes un verdadeiro israelita, en quen non hai dobrez.
(Lecc. III, n. 779, 5).